


MATERIAIS

PLURILINGÜES 3.0:

FORMACIÓN, CREACIÓN E DIFUSIÓN



XUNTA DE GALICIA

MATERIAIS PLURILINGÜES 3.0: FORMACIÓN, CREACIÓN E DIFUSIÓN

Coordinación da edición:

Fco. Xabier San Isidro Agrelo

Revisión lingüística:

Olga Amigo Devesa

Noemí Álvarez Villar

Deseño e maquetación:

Shöne

Imprime:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

ISBN: 978-84-453-4972-4

D.L.: C 474-2011

PRESENTACIÓN

A sociedade europea actual caracterízase pola súa diversidade cultural e lingüística na que comunicarse se converte nunha necesidade prioritaria para o entendemento intercultural e a cohesión social. Cada vez é maior a importancia das linguas estranxeiras en relación cos novos desafíos relacionados coa construción da identidade plurilingüe e intercultural da Europa do século XXI. Ao abeiro da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, que insta a potenciar a formación en linguas estranxeiras de todo o profesorado, o Programa de apoio ao ensino e a aprendizaxe de linguas estranxeiras é unha das actuacións claves na política educativa da Xunta de Galicia.

O programa PALE, levado a cabo anualmente, xorde da necesidade de concibir plans de formación do profesorado para a mellora das súas competencias lingüísticas así como para profundar na didáctica do ensino de idiomas ou doutras materias a través de linguas estranxeiras, constituíndo un dos piares sobre os que se asenta o Plan de Potenciación de Linguas Estranxeiras da Consellería de Educación.

Nestes últimos tempos, produciuse un salto espectacular canto ás posibilidades que o profesorado, tanto de lingua estranxeira como AICLE/CLIL, ten á súa disposición para levar a cabo unha acción de renovación e ampliación tanto en relación á súa competencia lingüística, como á adquisición de novos enfoques metodolóxicos a través das TIC. A potenciación da adquisición de linguas estranxeiras, así como a procura dunha educación de calidade son unha realidade nos centros educativos de Galicia. Nesta liña, esta publicación semella un caderno de bitácoras que dá reposta á motivación deste programa e á vontade de invitar á participación na procura de boas prácticas en relación ao ensino das linguas estranxeiras.

É por isto que consideramos que debemos seguir apostando por dinamizar e potenciar actividades de formación para que o noso profesorado poida mellorar a súa práctica educativa e agardamos que este volume chegue a converterse nun instrumento de utilidade polas propostas didácticas que presenta e, sobre todo, nun documento que fomente a reflexión sobre a praxe educativa.

Xesús Vázquez Abad

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

En memoria de Noelia Ríos Gayoso, compañera e amiga.

MATERIAIS PLURILINGÜES 3.0.: FORMACIÓN, CREACIÓN E DIFUSIÓN

1. Plurilingüismo: en clave de formación docente11

José Manuel Vez Jeremías

2. O uso das TIC nun contexto AICLE23

Isabel Pérez Torres

3. O Proxecto lingüístico de centro: un elemento integrador31

Noemí Álvarez Villar

4. PALE: A formación do profesorado como elemento vertebrador39

Fco. Xabier San Isidro Agrelo

4.1. Un cambio de paradigma formativo: PALE Fase C..... 45

José Leonardo Fariña García

Abraham Domínguez Cuña

4.2. Unha visión desde a experiencia 53

Elena Castro Villalón

Materiais do profesorado procedente da fase produtiva do PALE57



Plurilingüismo: en clave de formación docente

José Manuel Vez

ICE. Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción

É frecuente escoitar que as políticas educativas actuais están cambiando profundamente o mundo das linguas. Eu opino que a formulación é xusto ao revés: as linguas, no seu valor de oportunidade de desenvolvemento persoal e profesional e no seu respecto á diversidade e á diferenza, están cambiando o mundo das políticas educativas.

Moitos axentes sociais están de acordo en que a formación e profesionalización dos docentes debe ser renovada a fin de situar a diversidade do alumnado no centro da educación lingüística, pero son poucos os que teñen unha visión clara de como trasladar esta percepción á realidade educativa da aula. Dámonos por satisfeitos con pensar que a nova educación lingüística implica unha atención especializada ao desenvolvemento de competencias plurilingües e interculturais do noso alumnado, sen apenas tomar conciencia de que a finalidade principal do plurilingüismo e o encontro intercultural non é outra (e non se dá sen ela) que a *equidade*.

Vivimos, como profesionais das linguas e as súas culturas, nun xogo de presións que precisan dun punto de equilibrio e consenso entre dúas forzas difíciles de reconciliar. Nun extremo, as medidas que ao longo dos pasados quince anos viñeron configurando as políticas lingüísticas e a innovación en educación lingüística en forma dun conxunto importante de accións e recomendacións promocionadas pola Comisión Europea e o Consello de Europa e que chegaron ao profesorado europeo de linguas, desde as sinerxías do Centro Europeo de Linguas Modernas en Graz e a División de Políticas Lingüísticas en Estrasburgo, en forma dunha singular profusión de información (documentos de referencia, propostas de discusión, guías e orientacións, materiais de desenvolvemento didáctico, etc.) que non ten parangón en ningún outro escenario do mundo. No outro extremo, asistimos como espectadores a un fenómeno que descoñecemos e cóllenos de sorpresa: as sociedades democráticas en que vivimos funcionan baixo o mandato dos mercados. E os mercados indicaron o camiño de que non é posible o progreso e a modernización da cidadanía deste século sen un dominio competencial en inglés, ou, como indica o Informe ELAN-2006 (*'Effects on the European Economy of Shortages of Foreign Language Skills in Enterprise' / 'Incidences du manque de compétences linguistiques des entreprises sur l'économie européenne'*)¹ realizado en 29 Estados europeos, sen un dominio do inglés xunto ao doutras linguas.

¹ Dispoñible en: http://ec.europa.eu/education/policies/lang/doc/elan_en.pdf

Ambas as dúas forzas son posibles de conciliar, sen ningunha dúbida, sempre que adoptemos unha concepción integradora do plurilingüismo, entendendo dúas cousas bastante simples:

a/ Que o inglés é unha '*competencia clave*' en si mesma, como o son as TIC, e forma parte da alfabetización do século XXI. O que implica que chegou o momento do seu tratamento educativo como tal competencia básica, e os demais idiomas estranxeiros deben ocupar o espazo doutras linguas 'engadidas' ás propias (galego e castelán no caso de Galicia) e ao inglés como lingua franca global.

b/ Que as linguas suman e non restan, comprendendo que a diversidade de linguas non se pode ver como problema senón como motivo de oportunidades e como ferramenta para unha mellor cohesión social. O que implica, desde as administracións educativas e -sobre todo- desde os docentes, un compromiso coa formación especializada do profesorado.

Se, como creo e defendo, a clave dunha boa xestión do plurilingüismo está na profesionalización docente: que ámbitos é necesario afrontar en clave formativa? Diso tratan os puntos que seguen.

2. A interpretación do plurilingüismo

Recorrerei aquí ás dúas pautas de interpretación que recibiron o máximo consenso entre os expertos en cuestións de plurilingüismo europeo: a definición que se inclúe no propio MECRL e a clarificación que fixeron Beacco e Byram (2007a, 2007b) na versión definitiva de 2007 (en EN e FR) do seu reputado documento *From Linguistic Diversity to Plurilingual Education: Guide for the Development of Language Education Policies in Europe / De la Diversité Linguistique à l'Education Plurilingue: Guide Pour l'Élaboration des Politiques Linguistiques Éducatives en Europe* (en diante, *Guía*).

A definición incluída no MECRL (Xunta de Galicia, 2005: 237) deixa claro que se trata dunha competencia que:

“...fai referencia á capacidade de empregar as linguas para fins comunicativos e de participar nunha relación intercultural na que unha persoa, en canto axente social, domina –con distinto grao– varias linguas e posúe experiencia de varias culturas. Isto non se contempla como a superposición ou xustaposición de competencias diferenciadas, senón como a existencia dunha competencia complexa e mesmo composta que o usuario pode empregar.”

Conxúganse aquí dous elementos de interese: 1) a énfase sobre a persoa, como individuo e usuario nunha sociedade multilingüe que emprega un repertorio de linguas en función dun propósito; e 2) a énfase na natureza psicolóxica deste repertorio que non é unha mera ampliación de linguas almacenadas en colectores separados senón unha intrincada competencia de transferencias lingüísticas e cognitivas.

Pola súa banda, a interpretación de plurilingüismo que empregan Beacco e Byram na *Guía* trata de clarificar aínda máis estes dous elementos coa énfase en cuestións máis concretas. Recóolloas aquí, na súa versión en EN e FR, do orixinal:

- it is a *competence that can be acquired*: all speakers are potentially plurilingual in that they are capable of acquiring several linguistic varieties to differing degrees, whether or not as a result of teaching. The aptitude for acquiring languages is natural and therefore within everyone's grasp. Plurilingual people are not exceptional speakers like polyglots, and plurilingualism cannot be considered the privilege of a "gifted" elite. Plurilingualism is ordinary, even if the "cost" and the psycholinguistic acquisition processes may differ according to whether it is the first or subsequent foreign language learned, or a variety close to or distant from the speaker's mother tongue. For example, the language acquired in early childhood and the corresponding official language, acquired in its written and standard forms at school, are in close proximity.

- it is not necessarily a homogeneous repertoire. Being plurilingual does not mean mastering a large number of languages to a high level, but acquiring the ability to use more than one linguistic variety to degrees (which are not necessarily identical) for different purposes (conversation, reading or writing, etc.). The degree of proficiency is not necessarily the same for all the varieties used and will also be different according to communicative context (a person can read a language without being able to speak it or speak it without being able to write it well).

- it is regarded as a changing repertoire. The degree of proficiency in the varieties in the repertoire may change over time, as may its composition. Whilst language acquisition occurs in a specific way in early childhood, this does not mean that later on, in primary and subsequent education, it is impossible or necessarily more difficult to add to one's plurilingual repertoire. It is often a matter of need and motivation.

- it is considered a repertoire of *communicative resources* that speakers use according to their own needs. The linguistic varieties of which it is composed may have different functions: in the family, at work, in official or everyday situations, showing affiliation to a community, etc. A speaker may favour one of the varieties as the "basic variety" (the one most useful to him or her for ordinary communication). But the distribution of functions among the languages in a repertoire is not necessarily "fixed", and the acquisition of a new language, for example, may modify it. Furthermore, a given communicative situation is not necessarily managed in a single linguistic variety: speakers may use several varieties successively or in the same utterance. This simultaneous use of several linguistic varieties, known as *code switching*, gives the speaker great flexibility in communication.

- it is regarded as a *transversal competence* extending to all the languages acquired or learnt. According to the *Common European Framework of Reference for Languages*, such proficiency is not "the superposition or juxtaposition of distinct competences, but rather ... the existence of a complex ... competence" (p. 168). Whatever the psycholinguistic bases of this definition, its pedagogical nature that calls for the teaching of different languages to be linked to one another should be noted, because these are likely to involve the same skills.

- it is regarded as having a cultural aspect, thus forming *plurilingual and pluricultural competence*, as potential experience of several cultures. This is regarded as being symmetrical in its functioning to linguistic skill in the strict sense of the term. (pp. 38-39)

- qu'il est considéré comme une *compétence d'acquisition*: tout locuteur est potentiellement plurilingue en ce qu'il est capable d'acquérir la maîtrise, à des degrés divers, de plusieurs variétés linguistiques, à la suite ou non d'un enseignement. L'aptitude à acquérir les langues est naturelle et se trouve ainsi à la portée de tous. Le plurilingue n'est pas un locuteur d'exception, comme le polyglotte, et le plurilinguisme ne peut pas être considéré comme le privilège d'une élite de locuteurs «surdoués». Le plurilinguisme est ordinaire même si le «coût» et les processus psycholinguistiques de l'acquisition peuvent être différents, selon qu'il s'agit de la langue première ou des suivantes, selon qu'il s'agit de variétés proches ou lointaines de la langue première. On considérera comme proches, par exemple, la langue apprise dans la première enfance et la langue officielle correspondante, acquise dans ses versions écrites et normées au cours de la scolarisation.

- qu'il est considéré comme un *répertoire non nécessairement homogène*. Être plurilingue ne signifie pas maîtriser à un haut degré un nombre impressionnant de langues, mais s'être créé une compétence d'utilisation de plus d'une variété linguistique, à des degrés de maîtrise non nécessairement identiques et pour des utilisations diverses (participer à une conversation, lire ou écrire des textes)

- qu'il est considéré comme un *répertoire évolutif*. Le degré de maîtrise des variétés du répertoire peut évoluer dans le temps, de même que la composition de celui-ci. Si l'acquisition des langues s'effectue de manière sans doute spécifique dans la première enfance, cela ne signifie pas qu'ensuite, dans l'éducation primaire et au-delà, l'enrichissement des répertoires plurilingues soit impossible ou nécessairement plus difficile. Cela est souvent une question de besoin et de motivation.

- qu'il est considéré comme un *répertoire de ressources communicatives* dont le locuteur joue selon ses besoins propres. Les variétés linguistiques qui le constituent peuvent recevoir des fonctions différentes: emploi en famille, sur le lieu de travail, en situation officielle/ordinaire, pour manifester l'appartenance à une communauté... Un locuteur peut privilégier une variété qui lui servira de «variété de base» (celle qui lui est la plus utile pour la communication ordinaire). Mais la distribution de fonctions des langues d'un répertoire n'est pas nécessairement fixe et, par exemple, l'acquisition d'une nouvelle langue peut la modifier. De plus, une situation de communication donnée n'est pas nécessairement gérée dans une seule variété linguistique: les locuteurs peuvent utiliser plusieurs variétés successivement ou dans le même énoncé. Cet emploi simultané de plusieurs variétés linguistiques, nommé *alternance codique*, donne au locuteur une grande souplesse dans la communication.

- qu'il est considéré comme une *compétence transversale* aux langues maîtrisées. On pose, dans le *Cadre européen commun de référence pour les langues*, que cette maîtrise n'est pas de l'ordre «de la juxtaposition ou de la superposition de compétences distinctes [mais qu'il y a bien là] l'existence d'une compétence complexe...» (p. 129). On en retiendra le caractère pédagogique qui invite à articuler les enseignements de langues les uns aux autres, en ce qu'ils sont susceptibles de mettre en jeu des compétences communes.

- qu'il est considéré comme comportant un versant culturel, constituant ainsi la *compétence plurilingue et pluriculturelle*, comme expérience potentielle de plusieurs cultures. Celle-ci est posée comme symétrique, dans son fonctionnement, de la compétence langagière au sens strict. (p. 40)

Unha análise da interpretación dos autores da *Guía* lévanos a expor cuestións que apenas son perceptibles na formación (inicial ou permanente) do profesorado especialista no desenvolvemento do plurilingüismo escolar. Así:

- O plurilingüismo refírese a *persoas*; o multilingüismo ten que ver con escenarios sociodemográficos onde conviven individuos plurilingües e/ou monolingües. Non todas as linguas dispoñen do termo clarificador de “plurilingüismo” para marcar este feito distintivo.
- O plurilingüismo non é estático: é *cambiante* e *dinámico*. Así, un individuo nun momento da súa vida pode ter competencia de diferente nivel nas linguas A, B e C. Noutro momento posterior as cousas poden cambiar e o seu nivel en lingua A ser moi superior aínda que xa non usa a lingua C e, en cambio, aprendeu a utilizar a lingua D, de xeito moi rápido, ao estar directamente emparentada coa C. En simultáneo, este individuo desenvolveu (pode ser que inconscientemente) unha conciencia moi positiva sobre as linguas e estratexias de como apropiarse das competencias que necesita nelas.
- O plurilingüismo é *normal*. Non é algo estraño ao ser humano. En realidade, as formas de vivir pondo en xogo a capacidade de alternancia e mestura de linguas é o máis normal no mundo desde o comezo da humanidade. É máis recente o feito de aprender linguas estranxeiras. E plurilingüismo non é ensinar e estudar varias linguas estranxeiras. É usar dun modo eficiente varias linguas para fins concretos en función de variables cambiantes.
- O plurilingüe tende a ser un individuo con *boas actitudes e competencias interculturais*. A competencia comunicativa intercultural complementa, dun modo indisoluble, a competencia plurilingüe dos individuos. O plurilingüe comprende mellor e participa máis dos puntos de vista dos demais, alimenta unha sa perspectiva crítica sobre as perspectivas dos outros, e mantén sempre vivo o desexo de actuar colaborativamente xunto a outros individuos. O plurilingüe ten mellores opcións para ser un cidadán intercultural, tolerante e flexible, aberto ao diálogo entre culturas.
- Faise preciso contemplar o *plurilingüismo europeo* non só nun contexto educativo senón tamén no *contexto socioeconómico de pertenza*. Así, desde a perspectiva da UE, a competencia (xeral e parcial) en varias linguas comunitarias resulta hoxe un requisito básico para que a cidadanía se beneficie das oportunidades persoais e profesionais que se nos abren como nacionais europeos (*función económica*). E, como se indica no Libro Branco sobre a educación e a formación, *Ensinar e Aprender. Cara á sociedade cognitiva* (European Commission, 1995), as linguas son un punto clave para o encontro intercultural con outras persoas e a competencia en varias delas mellora o sentimento de sentirse europeo e beneficia a cohesión social (*función de identificación social*). Como sinalan Extra e Gorter (2008), a investigación infórmanos de que as interaccións entre varias linguas (das propias ás alleas e ao revés) son as que crean a competencia lingüístico-comunicativa dos individuos; un factor que cambia radicalmente os principios da concepción tradicional ancorada en “ensinar e aprender linguas”.
- Finalmente, algúns profesionais e boa parte da cidadanía en xeral pregúntanse se o plurilingüismo non é unha mera ilusión. *Ata que punto é posible o seu desenvolvemento real e efectivo?* Os docentes necesitan respostas a esta pregunta. Respostas que procede situar neste argumento: se por plurilingüismo se entende o dominio parcial, a niveis distintos, de cada unha das sete actividades dunha lingua determinada, non cabe dúbida de que practicamente a poboación mundial é plurilingüe. O raro sería atopar un individuo que dominase á perfección (digamos un nivel C2) moitas linguas. Xa o viu Comenio, coa súa mente preclara, cando en 1631, na súa *Janua Linguarum*, apuntaba a que non é posible aprender moitas linguas á perfección, senón só dentro do límite *daquilo que é necesario*. Talvez chegou o momento de falar –como ‘aquilo que é necesario’– de competencias parciais en varias linguas, á parte de competencia xeral nunha lingua franca e –por suposto– nas propias de cada quen.

3. A formación específica para o plurilingüismo

Hai tempo que vimos demandando unha formación do profesorado en educación lingüística, diversa e plural, máis que unha instrución técnica no dominio de habilidades no ensino, aprendizaxe e avaliación dunha lingua. Do segundo a historia da preparación de docentes está sobrada e os resultados son os que coñecemos. É certo que nalgúns países, o profesorado viuse forzado a traballar baixo a orientación máis técnica, de destrezas e adestramento para logros inmediatos, que fai da educación unha servidora dos mercados. Pero non é menos certo que no contexto da UE-27 e no da Europa dos 45 países membros do Consello, a educación lingüística en plurilingüismo ten un papel moi significativo na construción da Europa do Coñecemento a nivel individual e social. Dou aquí tres razóns:

- *Unha oportunidade de mellor desenvolvemento*: a competencia en plurilingüismo vese hoxe como prerequisite para que a cidadanía europea se beneficie de oportunidades persoais e ocupacionais nun contexto aberto e multicultural.
- *Un sentido de pertenza e identidade*: as linguas non son só para un fin ‘comunicativo’; son tamén para vivir o ‘encuentro intercultural’ con outras persoas. A competencia plurilingüe axuda a unha Europa de identidades múltiples cun mellor entendemento e diálogo entre os seus cidadáns.
- *Un marcado progreso educativo para o individuo*: a competencia plurilingüe, sen necesitar máis demostracións empíricas das que xa posuímos desde hai tempo, non é só compatible co avance no dominio das linguas propias dos escolares senón que axudan moi eficazmente a que isto suceda.

Pero para comprender e desenvolver tres ideas tan básicas como estas, os docentes precisan de algo máis que competencias mecanicistas ligadas a cuestións metodolóxicas dunha lingua en cuestión. Necesitan ver con claridade a sutil pero marcada diferenza entre a visión tradicional do docente de ‘lingua estranxeira’ (que ata promociona en etapas educativas iniciais o valor do ‘modelo nativo que hai que imitar’) e o profesorado europeo de linguas, máis preocupado por axudar o seu alumnado a ser plurilingües ao longo da vida.

O perfil do profesorado europeo de linguas foi obxecto de atención en múltiples documentos impulsados polo Consello de Europa. Sen dúbida, o máis coñecido resulte o *European Profile*² elaborado en 2004 por encargo da Dirección Xeral de Educación e Cultura do Consello. Sobre cada un dos trazos do perfil profesional deste tipo de profesionais do plurilingüismo pódense escribir dúcias de páxinas, e sempre nos quedará no aire a cuestión que, ao meu xuízo, é a fundamental: *Cal sería a formación máis adecuada do profesorado europeo de linguas?* Creo que esta crucial cuestión debe afrontarse desde unha tripla formulación:

- *Formación para comprender realmente o plurilingüismo*: como dixen máis arriba, o plurilingüismo é dinámico e demanda dos seus practicantes asumir a responsabilidade dos seus modos de aprender linguas ao longo da vida e non para un período ou momento determinado. O profesorado ten que entender e facer entender esta cuestión elemental. E terán máis éxito no seu empeño se os docentes europeos de linguas son plurilingües e predicán co seu propio exemplo.
- *Formación para a interculturalidade*: a segunda prioridade é que o profesorado europeo de linguas axude na xestión da interculturalidade, o que precisa dunha formación que inclúa o desenvolvemento dunha ‘competencia intercultural’ ademais das competencias que teñen que ver co coñecemento e uso das linguas.
- *Formación en valores da sociedade*: a educación plurilingüe e intercultural co alumnado require que aprendan a xestionar valores que están presentes na sociedade multilingüe e multicultural. Uns máis próximos aos propios e coñecidos; outros máis distantes. Este é un trazo que no ámbito educativo regulado resulta prioritario e non formou parte da formación inicial nin permanente dos profesores de linguas porque, desde a percepción tradicional, a énfase púñase na mera xestión das actividades da lingua e as destrezas competenciais en cada unha delas.

² Ver Kelly, M. et al. (2004).

E quen forma o profesorado europeo de linguas na súa preparación para afrontar o plurilingüismo desde estas perspectivas? Non podemos dicir que as universidades se prepararon debidamente para iso. Lamentablemente, salvando casos singulares moi contados, non existe un sólido e amplo referente nin nos formadores do profesorado nin nos plans de estudo das titulacións conducentes á profesionalización docente. Abunda o perfil universitario de académicos que centran a súa docencia e a súa investigación na análise e desenvolvemento de filosofías sobre ensino, aprendizaxe e avaliación desta ou aquela lingua, ou de linguas en contextos de bilingüismo, pero isto non resulta unha base suficiente para a formación do profesorado europeo plurilingüe. Os puntos de atención que esixe a dimensión plurilingüe en educación, e que paso a expoñer no apartado que segue, dan conta das necesidades que se expoñen non só ao profesorado senón, e máis aínda, aos seus formadores na universidade ou nas administracións educativas a través da formación permanente.

4. Os puntos de atención do bi/plurilingüismo nas súas aplicacións

Hai tan só 30 anos que se discutía en Europa a cuestión de se todo o alumnado na súa escolarización obrigatoria debería aprender unha lingua estranxeira. Hoxe discutimos o mellor xeito de que o noso alumnado alcance competencias en varias linguas e asuma un perfil plurilingüe seguindo as recomendacións do Comité de Ministros do Consello (Committee of Ministers, 1998). E este ‘mellor xeito’ expoñen puntos de atención que é necesario debater. Así, entre outros:

1. *Coordinación*: tradicionalmente, o ensino de varias linguas, alí onde é o caso, proxectouse de modo descoordinado. Ensínanse varias linguas sen referencias cruzadas dunhas cara a outras, aínda que son coñecidas as vantaxes do seu tratamento integrado³. É certo que o coñecemento compartamentalizado doutros ámbitos curriculares (bioloxía e química, xeografía e historia en ESO, etc.) non é novidade e segue dándose. Pero a necesidade de establecer pontes ou pasarelas entre as linguas que eviten que se perciban como ‘materias’ non admite máis demora tendo en conta o que hoxe sabemos, desde a hipótese de Cummins (Cummins, 1979, 2005), sobre o concepto de *transferencia lingüística positiva* e o seu valor esencial para o plurilingüismo (Odlin, 1989; Muñoz Liceras, 2010). A iso cabe engadir a recomendación que, no punto 13, se establece no informe de Kelly et al. (2004: 5) sobre os perfís da formación inicial e permanente do profesorado europeo de linguas: “*Unha estreita coordinación entre os que se forman para ser docentes especialistas no desenvolvemento curricular de diferentes linguas*”.

2. *Comprensión e expresión*: o tratamento destas dúas actividades lingüísticas adoita ser análogo á marxe do nivel educativo. É dicir, a ecuación máis utilizada polo profesorado de linguas é que un elemento na comprensión (oral ou escrita) tradúcese nun elemento na capacidade produtiva. Pero o procesamento da linguaxe nos individuos revela que a nosa capacidade comprensiva é sempre maior que a expresiva. Unha cuestión de alto interese para o plurilingüismo que, na súa iniciación nos niveis educativos máis básicos de primaria, debería potenciar a intercomprensión lingüística e limitar a demanda das capacidades expresivas. O éxito do recurso a ‘competencias dissociadas’, coñecido na planificación curricular de linguas en diversos contextos, advirtenos que en niveis iniciais, nos que o alumnado non alcanza capacidades expresivas, sobre todo na oralidade, a esixencia inmediata da produción na nova lingua ou linguas é desaconsellable. O xeito natural de comunicarse de moitos bi/plurilingües baséase en estratexias de *intercomprensión* sempre que os locutores comprendan as linguas do outro ou outros. De feito as investigacións sobre as aplicacións de enfoques AICLE (CLIL, EMILE) revelan as dificultades das habilidades produtivas por parte do alumnado en niveis iniciais (Lorenzo, Casal e Moore, 2009).

3. *Áreas de contido non lingüístico*: trátase dunha das discusións centrais en AICLE. En xeral, as Administracións educativas europeas, salvo algúns países, non regulamentan sobre iso e a elección móvese entre tres grupos de áreas: Humanidades e Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, e as áreas de expresión. Mentres en secundaria non é observable unha pauta definida, si se percibe unha tendencia en primaria cara a un plurilingüismo ligado a contidos curriculares en áreas

³ O nº 47 de revista Textos de Didáctica de la Lengua y de la Literatura dedica un apartado monográfico ao tratamento integrado das linguas no que se inclúe un traballo sobre galego, castelán e linguas estranxeiras no sistema escolar de Galicia (ver Silva Valdivia, 2008).

de expresión (musical, plástica e artística, corporal), o que se xustifica desde a proximidade e interdependencia destas áreas coa actividade lingüística. En realidade, a investigación revela que a elección prodúcese con frecuencia en función do material de que dispón o profesorado para aventurarse na súa experiencia AICLE. Non existen datos de contraste científico para afirmar ou negar a validez para AICLE dun ámbito curricular concreto. Bótanse en falta estudos empíricos en diferentes contextos sobre esta cuestión e debería promocionarse máis esta investigación. Se se ten en conta que o plurilingüismo busca fomentar a cohesión social e o diálogo intercultural en Europa, non debe descartarse a área de Humanidades e Ciencias Sociais como un ámbito moi apropiado para AICLE.

4. Peso do contido lingüístico e non lingüístico: a orientación curricular debe partir do contido non lingüístico, que adquire maior peso para planificar a actividade da aula bi/plurilingüe. A investigación revela que o contrario abunda. A resposta a esta cuestión está relacionada co perfil do profesorado a cargo dunha experiencia bi/plurilingüe. É sabido que, en termos globais, os inicios de AICLE núntrense ou ben de profesores de idioma que poden impartir un determinado contido non lingüístico nese idioma (en secundaria), ou ben de profesores xeralistas ou especialistas de área con dominio idiomático (en primaria). O maior/menor peso dun ou outro contido adóitase vincular a esta circunstancia, cuestión que debería terse en conta á hora de formar profesorado AICLE. En realidade, se a clave é que o alumnado adquira coñecementos sobre materias non lingüísticas á vez que está en contacto, aprende e utiliza unha nova lingua, a orientación curricular debería partir da materia non lingüística e, xa que logo, outorgar aos contidos non lingüísticos a maior responsabilidade á hora de orientar as actividades da aula bi/plurilingüe.

5. Formación ‘ad hoc’ do profesorado: percíbese como un incidente crítico nas investigacións. O profesorado AICLE non é profesorado de idiomas. Afrontamos aquí dúas cuestións: i) a dificultade que crea a mobilidade dos docentes nas seccións bilingües ou nos centros plurilingües, que demanda maior estabilidade no seu destino para permitir unha acción eficaz do plurilingüismo, e ii) a cuestión de se é preferible partir de docentes especialistas en idiomas que se formen noutros contidos curriculares ou, ao contrario, de docentes especialistas en contidos non lingüísticos que alcancen boas competencias en idiomas. Esta segunda cuestión só se pode responder agora mesmo desde un clima de opinión, e a resposta correcta só pode proceder dunha investigación empírica que achegue datos para a súa interpretación e definir un punto de conclusión válido. O Plan de Acción 2010-2011 que recentemente puxo en marcha o Ministerio de Educación en acordo coas demais Administracións educativas, no marco dos Obxectivos da Educación para a década 2010-2020, indica na medida 7 do Obxectivo nº 6⁴ que é necesario “*definir el perfil del profesorado de disciplinas no lingüísticas que imparte su materia en lengua extranjera y determinar los criterios generales para la habilitación o acreditación lingüística de este profesorado*”.

6. Dimensión intercultural: xa indiquei con anterioridade que competencia plurilingüe e intercultural van da man. Como sinalamos noutra ocasión (González Piñeiro, Guillén Díaz e Vez, 2010: 40):

“El hecho de no obviar el multiculturalismo propio de los contextos sociales –los cuales, a su vez, como sistemas de “cohabitación humana”, son además sistemas de “cohabitación cultural” (Wolton, 2006)– determina que las lenguas se conviertan, realmente, en medios compartidos y diversificados de los encuentros y contactos sociales con los otros, sirviendo a las necesidades de comunicación intra y transculturales. Y es para esos encuentros y contactos sociales, en los que tienen lugar las interacciones comunicativas, para los que se requiere que el dominio de lenguas esté marcado por una consciencia de la diversidad cultural compleja y, en concreto, de la interculturalidad; noción que hace referencia a que se ha establecido una relación en la que tienen lugar las interacciones entre individuos con referentes culturales diferentes; es decir, a que se ha establecido una situación de comunicación interactiva en la que las identidades socioculturales de los individuos se ponen en juego.”

Hai tempo que dispomos de axuda para orientar e avaliar estes encontros interculturais e contactos sociais, hoxe máis promocionados que nunca desde as propias Administracións educativas. Trátase dun excelente documento elaborado pola División de Política Lingüística do Consello de Europa: a “*Autobiografía de Encontros Interculturais*”⁵. Pero os datos da investigación revelan, por desgraza, unha inexplicable falta de uso (e coñecemento) entre os docentes de tan importante recurso. Para rematar, indicar que Coyle (1999), á hora de analizar os enfoques CLIL en Europa, refírese tamén á necesidade de favorecer a dimensión intercultural “... permitindo a exposición a perspectivas diferentes e a coñecementos compartidos que nos fagan máis conscientes da cultura dos outros e dun mesmo”.

⁴ O Obxectivo nº 6 titúlase: “Plurilingüismo. Impulso al aprendizaje de idiomas. Programa para la mejora del aprendizaje de las lenguas extranjeras”.

⁵ Pode descargarse, na súa versión inglesa e francesa, de: http://www.coe.int/T/DG4/Linguistic/Default_en.asp

7. *O peso das familias*: non hai plena inmersión sen implicación familiar. Tampouco se progresa en AICLE sen esta implicación. Ademais do profesorado e o seu grao de coordinación docente nun equipo bi/plurilingüe, as investigacións recórdannos a importancia de implicar as familias no desenvolvemento e posta en marcha dun proxecto AICLE no centro. A co-implicación familiar e o seu grao de sensibilidade cara a esta modalidade é tan relevante como nun programa de inmersión. As razoables dúbidas das familias (aprenderá a miña filla os contidos curriculares nunha sección bilingüe ou nun centro plurilingüe igual que na modalidade tradicional?, sufrirá traumas e tensións se o seu nivel de idioma non lle alcanza?, etc.) precisan non só unha 'guía de pais' para os ensinos bi/plurilingües senón tamén un acompañamento que lles axude a manter o seu interese activo ao longo do proceso. Resulta importante destacar que unha formación bi/plurilingüe non é o resultado da inmediatez e as prásas: é para corredores de fondo e non para velocistas. Cuestión que as familias deben comprender a risco de que o seu papel non axude os seus fillos e fillas na conquista dun comportamento plural no lingüístico, e diverso e respectuoso no intercultural.

8. *A avaliación e certificación plurilingüe*: un plurilingüe non é a suma de varios monolingües. Os trazos de 'mestura' e 'alternancia' de linguas son propios dun individuo bi/plurilingüe. Cabe preguntar se podemos realmente falar de competencias plurilingües con acreditacións que tan só acumulan no CV certificados obtidos a partir de tests monolingües (en lingua a, b, c, etc.). Unha educación lingüística 'avanzada', sobre todo nas escolas oficiais de idiomas, precisa desenvolver 'probos de competencia plurilingüe' en escenarios específicos.

9. *Estima social e asimetría*: como unha alfabetización plurilingüe da cidadanía, os enfoques AICLE non deben xamais ser indicadores dunha fractura social e debe garantirse unha oferta igualitaria, democrática, para todos. Non tendo todo o alumnado as mesmas competencias de partida, debe terse en conta o valor das 'competencias parciais', indicado no MECRL, e integralas nos plans de desenvolvemento do plurilingüismo. Por outra banda, o *bilingüe natural* (galego, vasco, etc.), a diferenza do *bi/plurilingüe global* (sevillano, madrileño, zamorano etc.), enfrontase a un problema singular de estima da súa lingua comunitaria: un alumno andaluz bilingüe, p. ex., é usuario de dúas ou tres linguas de alto valor global (español, inglés ou outra gran lingua); un alumno galego é usuario de dúas linguas de alto valor global (español, inglés ou outra gran lingua) e unha (galego) cuxa utilidade global se pon ás veces en cuestión, como revelan as investigacións sociolingüísticas. O plurilingüismo, en contextos onde se produce certa asimetría entre a estima de linguas de maior e menor alcance global, debe expor solucións de estima social para os usuarios de linguas minoritarias. En defensa da posición da adquisición de varias linguas, a diferentes niveis, e en momentos distintos, a *Guía* expón unha visión inclusiva e coherente da formación en competencia plurilingüe orientada ao conxunto da educación lingüística; é dicir, incluíndo a(s) lingua(s) propia(s) do alumno ademais das linguas aditivas. Na medida en que as linguas (todas elas) xogan novas funcións estratéxicas, o desafío é enorme para os centros escolares e o seu profesorado de linguas (Vez, 2008: 2-3). De aí a necesidade de recorrer ao apoio institucional participando en proxectos e actividades que permitan superar as barreiras lingüísticas e culturais na cidadanía europea, que promovan con eficacia a mobilidade transnacional, e que axuden ao alumnado a construír un sentimento de pertenza a esta cidadanía ademais da súa identidade local e nacional.

5. Referencias

Committee of Ministers (1998). *Recommendation No. R6 Concerning Modern Languages*. Strasbourg: Council of Europe.

Coyle, D. (1999). The next stage? Is there a Future for the Present? The legacy of the 'communicative approach', *Francophonie*, 19, 13-16.

Cummins, J. (1976). The influence of bilingualism on cognitive growth, *Working Papers on Bilingualism*, 9, 1-43.

- Cummins, J. (1979). Linguistic interdependence and the educational development of bilingual children, *Review of Educational Research*, 49 (2), 222-251.
- Cummins, J. (2005). La Hipótesis de Interdependencia 25 años después. La investigación actual y sus implicaciones para la educación bilingüe. En D. Lasagabaster y J. M. Sierra (Coords.), *Multilingüismo y multiculturalismo en la escuela* (pp. 113-132). Barcelona: Horsori.
- European Commission (1995). *Teaching and Learning: Towards the Learning Society*. Brussels: European Commission.
- Extra, G. & D. Gorter (Eds.) (2008). *Multilingual Europe: Facts and Policies*. Berlin/New York: Mouton de Gruyter.
- González Piñeiro, M.; Guillén Díaz, C. e Vez, J. M. (2010). *Didáctica de las lenguas modernas. Competencia plurilingüe e intercultural*. Madrid: Síntesis.
- Kelly, M., Grenfell, M., Allan, R., Criza, Ch., e McEvoy, W. (2004). *European Profile for Language Teacher Education –A Frame of Reference. Final Report*. Brussels: Directorate General for Education and Culture.
- Lorenzo, F.; Casal, S.; Moore, P. (2009). The Effects of Content and Language Integrated Learning in European Education: Key Findings from the Andalusian Bilingual Sections Evaluation Project, *Applied Linguistics*, doi:10.1093/applin/amp041, 1-25.
- Muñoz Liceras, J. (2010). Second language acquisition and syntactic theory in the 21st century: At the I-language / E-language crossroads, *Annual Review of Applied Linguistics*, 30, 248-269.
- Odlin, T. (1989). *Language Transfer. Cross-linguistic influence in language learning*. Cambridge: CUP.
- Silva Valdivia, B. (2008). Gallego, castellano y lenguas extranjeras en el sistema escolar de Galicia, *Textos de Didáctica de la Lengua y de la Literatura*, 47, 59-69.
- Vez, J. M. (2008). European Policies in TEFL Teacher Education, *The Open Applied Linguistics Journal*, 1, 1-8.
- Xunta de Galicia (2005). *Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

2

O uso das TIC nun contexto AICLE

Isabel Pérez Torres

Tradución ao galego: Olga Amigo Devesa

1. Introducción

O panorama educativo experimentou importantes novidades nas últimas décadas. O primeiro é o cambio xeral que está supondo a incorporación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) dunha forma paulatina pero inevitable, como corresponde a unha sociedade onde a tecnoloxía ocupa cada vez maior lugar. O outro cambio importante é o relacionado co ensino das linguas. A posta en marcha de numerosos programas bilingües en toda Europa responde á vontade de toda a comunidade de conseguir que a comunicación entre os distintos países sexa unha realidade cotiá e para iso as accións propostas están a favor de polo menos a aprendizaxe de dúas linguas estranxeiras como unha prioridade educativa. Estes dous aspectos, a introdución das TIC e a aprendizaxe de linguas, veñen ben reflectidos no “White Paper on Education and Training: Teaching and Learning - Towards the Learning Society” publicado en 1995 pola Comisión da Comunidade Europea e en posteriores documentos¹ onde se establecen os plans de acción para promover a aprendizaxe de linguas. Unha destas accións foi a posta en marcha de numerosos programas denominados bilingües, moitos dos cales utilizan a metodoloxía AICLE (Aprendizaxe Integrada de Contidos e Lingua Estranxeira).

Neste contexto, a continuación exporemos de que xeito podemos utilizar as tecnoloxías dunha forma eficaz e sinxela, tanto no día a día para obter recursos destinados á preparación das clases bilingües como á hora de levar a cabo actividades e tarefas na aula.

2. As TIC, un caudal de recursos para a aprendizaxe de lingua e contidos

O uso máis inmediato das TIC, e máis concretamente da Web, en relación coa aprendizaxe de lingua e contidos, ten que ver coa posibilidade de acceder a todo tipo de recursos do que doutro xeito sería difícil dispor. A oferta vai desde recursos específicos para a aprendizaxe da lingua a recursos auténticos que se poden usar para preparar materiais, ou ata materiais pedagóxicos xa preparados, de maneira que poden

¹ Estes documentos poden ser consultados no seguinte enderezo electrónico: http://ec.europa.eu/education/languages/library/doc3413_en.htm

ser usados na aula sen necesidade de transformación. Así, por exemplo, atopamos desde dicionarios interactivos que transforman unha páxina nun corpus con opción de traducir cada unha das palabras no mesmo contexto da páxina², a páxinas destinadas a estudantes falantes da lingua obxecto que conteñen contidos do currículo que tamén se tratan no noso, como numerosos sitios da mítica BBC³.

Doutra banda, unha das vantaxes que nos ofrecen os recursos TIC é a variedade de formatos en que se presentan: textos, imaxes, presentacións, animacións, ficheiros audio e vídeo, o que sen dúbida inflúe nas oportunidades que lles podemos dar aos nosos alumnos de aprender mellor, de acordo coas súas preferencias e características. Esta variedade de formatos tamén nos permite desenvolver actividades que promovan distintas habilidades e destrezas lingüísticas.

Cada un deles ten un potencial específico e distinto á hora de traballar a lingua ou o contido de xeito independente, pero cando se trata de AICLE o valor é maior; así, unha imaxe, unha animación ou un vídeo cobran máis relevancia se os contidos se estudan nunha segunda lingua porque achegan información sobre o contido suplindo o déficit de comprensión lingüística. Igualmente, o uso de recursos variados en distintos momentos pode axudar a un incremento da motivación.

Non hai unha fórmula única para atopar os mellores recursos pero si se poden dar certas orientacións que faciliten a procura:

- Visitar sitios web, portais e repositorios educativos coñecidos de países onde se fala a lingua en cuestión.
- Utilizar a procura avanzada de Google ou doutros buscadores, o que permitirá, por exemplo, seleccionar o formato que necesitamos así como outras características.
- Buscar vídeos en espazos educativos creados con tal fin e co interese de ser compartidos ou en Google vídeos que amplían a procura a bastantes sitios.
- Explorar os recursos e materiais seleccionados por outros compañeiros que igualmente traballan en AICLE⁴.

Finalmente, a clave está en decidir que tipo de recurso se precisa e como facer uso del unha vez seleccionado. Como en calquera actividade desenvolvida na aula, a formulación da actividade pode conseguir que un recurso moi sinxelo teña un interese pedagóxico óptimo.

3. Metodoloxía TIC e metodoloxía AICLE: coincidencias na práctica

En xeral, as características máis destacadas da metodoloxía TIC correspóndense con características da metodoloxía AICLE; isto é así porque ambas están baseadas nun enfoque centrado no alumno, así como interactivo e que promove a autonomía na aprendizaxe. Doutra banda, a metodoloxía AICLE precisa ser flexible e facilitadora, utilizando distintas estratexias que axuden o alumno a unha maior comprensión dos textos e dos contidos en xeral (Pérez Torres, 2009a: 173). A maioría destas estratexias non requiren o uso da tecnoloxía (ex. parafrasear, alternancia de código L1 e L2, repetición, etc.)⁵ pero aquelas que fan uso de imaxes e vídeos, así como de organizadores de ideas, etc. si se benefician dos recursos e ferramentas dixitais, en particular dos existentes na Web.

Outra das características coincidentes nestas metodoloxías é que ambas “promoven o traballo por tarefas e a aprendizaxe colaborativa e cooperativa, resolvendo problemas ou realizando outro tipo de actividades similares” (Pérez Torres, 2009b: 137). Cando se leva a cabo, este traballo colaborativo por tarefas facilita o desenvolvemento de actividade cognitiva de orde superior, é dicir, suscita a “implicación cognitiva” dos alumnos, o que á súa vez se contempla como un requisito para que teña lugar unha aprendizaxe significativa nun contexto CLIL (Coyle e outros, 2010: 29). Nun dos apartados seguintes falaremos das estratexias que promoven este tipo de traballo por tarefas na Web. Baste dicir agora

² <http://lingro.com/>

³ <http://www.bbc.co.uk/schools/>

⁴ Neste enderezo atópanse enlaces tanto a portais educativos como a sitios máis sinxelos con recursos de todo tipo de formato http://isabelperez.com/clil/clil_m_5.htm

⁵ Véxase tamén: http://isabelperez.com/clil/clil_m_2_2.htm

que, ademais, ferramentas típicas da denominada Web 2.0, como son blogs e wikis, son de grande utilidade cando se trata de expor este tipo de traballo colaborativo, xa que pola súa propia natureza están pensadas para que leven a cabo actividades entre iguais, onde todos os compoñentes do grupo poidan achegar e construír os espazos web en colaboración cos contidos e tarefas que o profesor expoña como obxectivo.

4. As 4Cs nunha contorna Web

Segundo Coyle (1999) cando deseñamos unha unidade AICLE convén ter en conta a inclusión de catro compoñentes que favorecen unha boa formulación da unidade: contido, comunicación, cognición e cultura.

Desde o noso punto de vista, é indiscutible que as tecnoloxías da comunicación e en particular a Web, pola súa propia natureza favorecen a inclusión destas 4Cs na formulación de actividades para a aula plurilingüe. En canto ao contido, a gran variedade de contidos auténticos e materiais de todas as áreas noutras linguas, e sobre todo en inglés, ademais do carácter multimedia de gran parte destes, favorece sen dúbida o uso de contidos web para progresar no coñecemento da área. O aspecto comunicativo da lingua, que por unha banda inclúe desde o vocabulario ás estruturas, e por outro o traballo das distintas destrezas, pódese desenvolver en gran medida a través das diversas utilidades dispoñibles na Web ou en plataformas internas, entre outras as ferramentas da Web 2.0 mencionadas anteriormente ou os grupos de discusión, foros, plataformas como eTwinning, etc. O elemento cognitivo vén avalado pola propia natureza interactiva e hipertextualizada da Web que sen dúbida promove procesos de reflexión, análise, síntese e avaliación e favorece que o alumno elabore os seus propios coñecementos a partir dos recursos que se lle ofrecen e da súa propia bagaxe (ex. actividades máis construtivistas como a WebQuest). Para rematar, a incorporación do elemento cultural favorécese igualmente polo uso de recursos na Web, xa que esta contén múltiples representacións da realidade, o que facilita o coñecemento e implicación socio-cultural dos outros e dun mesmo.

5. Tarefas AICLE na Web: WebQuests e Webtasks

Como sinalamos anteriormente, o traballo por tarefas consegue que os alumnos se impliquen cognitivamente e polo tanto facilita a aprendizaxe. A combinación deste traballo por tarefas e a oportunidade de procura e emprego de recursos que nos ofrece a Web, deu lugar a unha serie de estratexias que cremos de grande utilidade para a aprendizaxe integrada de lingua e contidos. Entre todas esas estratexias, unha das máis completas é a denominada WebQuest.

Para resumir en que consiste unha WebQuest, podemos dicir que é “unha estratexia de aprendizaxe construtivista que utiliza recursos da Web e presenta unha tarefa auténtica en contexto que implica a transformación de información e anima á participación dos alumnos de forma autónoma e en colaboración, en grupos onde normalmente cada un deles xoga un rol distinto incorporando as vantaxes da aprendizaxe cooperativa” (Pérez Torres, 2007: 4). Ademais, a WebQuest consta dunha estrutura formal concreta de 5 partes: introdución, tarefa, proceso, avaliación e conclusión.

Esta actividade foi definida e desenvolvida por Dodge (1995)⁶ e desde entón utilizouse para expor traballo por tarefas na Web en múltiples áreas educativas, sobre todo no nivel educativo de secundaria, pero ademais está especialmente orientada ao traballo interdisciplinar. Por iso, cando se trata de AICLE, a WebQuest resulta ser unha das estratexias máis interesantes para desenvolver unidades integradas de varias materias e linguas.

Cando deseñamos unha WebQuest, o máis complexo é definir a tarefa final cuxa realización debe implicar a investigación e a conclusión sobre o contido de área ou áreas proposto. Esa tarefa debe estar enfocada no contido e non na lingua. A súa realización levará a que o alumno investigue indivi-

⁶ Máis información sobre a WebQuest <http://isabelperez.com/webquest/index.htm>

dualmente coa perspectiva de rol que asume para despois realizar unha tarefa final en común co resto dos membros do grupo. Os recursos son seleccionados normalmente polo profesor que coñece as competencias do alumnado tanto en relación ao contido de área como ao lingüístico.

Doutra banda, normalmente deben estar presentadas na Web, para que os alumnos accedan a elas e as leven a cabo utilizando os recursos que se suxiren directamente en liña. A forma máis común de presentalas é mediante persoais que existen na Web e que permiten crear as mesmas facilmente como se fai cun simple procesador de textos. Un bo espazo é o creado polo mesmo Dodge, “WebQuest Garden”⁷; tamén se poden utilizar outros formatos e persoais en liña⁸. Outra opción é polas a disposición dos alumnos a través das ferramentas da Web 2.0, así por exemplo o emprego dun wiki é quizais unha das opcións máis recomendables posto que este á súa vez está moi indicado para ser editado por varios autores, e isto pode ser moi útil cando se preparan unidades curriculares integradas entre varios profesores. En canto ao resultado da WebQuest, pode adoptar moi distintos formatos⁹ pero igualmente pódese pedir que os alumnos empreguen algunha das ferramentas da Web 2.0, desde un wiki a unha simple presentación ou un póster¹⁰, todo dependerá do que se pida como tarefa final.

Este formato da WebQuest ten todos os elementos para ser utilizada con éxito tanto para deseñar unidades didácticas AICLE por áreas como para unidades curriculares integradas de máis dunha área¹¹, no entanto, o inconveniente que pode presentar en ocasións é que, tanto a súa planificación e elaboración por parte do profesor atendendo a todos os requisitos dunha verdadeira WebQuest, como a realización por parte dos alumnos, pode implicar demasiado esforzo e tempo para ser utilizada con moita frecuencia. Para liquidar este problema sen renunciar ao traballo por tarefas, pódese recorrer ao que denominamos Webtask. A esencia desta estratexia é tamén a realización dunha tarefa como produto final da actividade pero sen necesidade de cumprir con todos os elementos da WebQuest, a saber: non é preciso que conste dunhas partes determinadas, aínda que en xeral, aprécianse distintos apartados, non necesariamente explícitos, como pre-tarefa, preparación da tarefa e post-tarefa, e sobre todo non se realiza necesariamente en grupo e con determinados roles. Tamén as tarefas poden resultar máis sinxelas no aspecto cognitivo, dependendo do nivel de coñecemento do tema e do coñecemento lingüístico dos alumnos. En definitiva, “o valor da Webtask é a sinxeleza e a flexibilidade de estrutura e contido, o que pode permitir elaborala e levala á práctica con máis frecuencia” (Pérez Torres, 2010: 59)¹². Pola súa propia sinxeleza, nunha Webtask a tarefa está máis orientada a traballar tarefas AICLE relacionadas cunha soa área pero igualmente pode ser utilizada para tarefas que integren contidos de máis dunha materia. Todo dependerá dos obxectivos que se pretendan. En canto á forma de poñela a disposición dos alumnos, pódese usar calquera dos referidos para a WebQuest, salvo aqueles xeradores que establecen de antemán un formato coas partes da WebQuest.

6. Conclusión

Como se pode observar, moito do comentado aquí sobre o uso das TIC é aplicable igualmente a outras materias e non só ao ensino de materias nunha segunda lingua, pero no caso da práctica AICLE queremos destacar varios aspectos fundamentais. En primeiro lugar, a inmensa oportunidade que as tecnoloxías ofrecen á hora de dispor de recursos, así como de expolos. En relación a isto último, gustaríanos facer mención aos elementos electrónicos como un medio indispensable nunha aula do século vinte e un. En segundo lugar, ambas as metodoloxías, AICLE e TIC comparten moitas das formas de abordar o proceso de ensino-aprendizaxe, e xa que logo o uso das TIC favorece os bos resultados do ensino plurilingüe. Para rematar, un aspecto destacable é o feito de que as ferramentas tecnolóxicas, sobre todo as pertencentes á Web 2.0, potencian tanto a autonomía do alumno como a colaboración e o traballo en grupos. Isto fai que o seu emprego nun contexto AICLE sexa moi recomendable, polo que nos gustaría animar a que todo aquel implicado nun ensino plurilingüe explore algunhas destas posibilidades.

⁷ <http://questgarden.com/>

⁸ O espazo <http://poster.4teachers.org/> é un sitio moi fiable que permite crear varias páxinas interconectadas e ademais pódenos servir para crear outro tipo de actividades, non só WebQuest. Máis modelos e xeradores <http://isabelperez.com/webquest/index.htm#plantilla>

⁹ Algunhas ferramentas de publicación poden verse en <http://isabelperez.com/podcasts.htm#blogs>

¹⁰ Un exemplo de espazo para crear pósters interactivos en liña <http://edu.glogster.com/>

¹¹ Un exemplo de unidade integrada utilizando o formato de WebQuest pódese observar neste enderezo, unha WebQuest sobre a ruta de Washington Irving en Andalucía <http://irvingroute.wikispaces.com/>

¹² <http://www.isabelperez.com/taller1/webtasks.htm>

7. Bibliografía

Coyle, D. 1999. The next stage? Is there a Future for the Present? The legacy of the 'communicative approach'. *Francophonie*, 19, pp 13-16.

Coyle, D., Hood, P. & Marsh, D. 2010. *CLIL Content and Language Integrated Learning*. Cambridge: Cambridge University Press.

Dodge, B. 1995. "Some thoughts about WebQuests". <http://webquest.sdsu.edu/about_webquests.html>. [Consulta 12/11/2010].

Pérez Torres, I. 2010. "Webquests e Webtasks, na aprendizaxe dunha segunda lingua". *Cadernos de Pedagogía*, 401: 57-59. Dispoñible en <http://www.cuadernosdepedagogia.com/ver_pdf.asp?idArt=13735> [Consulta 12/11/2010].

Pérez Torres, I. 2007. "WebQuest: a collaborative strategy to teach content and language on the web". Paper presented at the in EUROCALL Conference, University of Ulster - Coleraine, november 2010. Dispoñible en <http://vsportal2007.googlepages.com/Perez_Torres_EuroCALL07.pdf> [Consulta 12/11/2010].

Pérez Torres, I. 2009a. "Apuntes sobre os principios e características da metodoloxía AICLE" en V. Pavón, J. Ávila (eds.), *Aplicacións didácticas para o ensino integrado de lingua e contidos*. Sevilla: Consellería de Educación da Xunta de Andalucía-Universidade de Córdoba.171-180.

Pérez Torres, I. 2009b. "A tecnoloxía ao servizo das linguas estranxeiras: Novas perspectivas" en M.F. Ruiz-Garrido e A. Saorín-Iborra (eds.), *Cara a unha educación plurilingüe: experiencias docentes AICLE*. Castelló: UJI.133-140.

3

0 proxecto lingüístico de centro: un elemento integrador

Noemí Álvarez Villar

1. Introducción

Coa chegada da actual lexislación educativa, a LOE, xurdiu a necesidade de elaborar diversos plans e proxectos que pretendían potenciar e organizar o traballo de diversos aspectos esenciais para a formación do alumnado.

Coñecidos son o *Proxecto lector de centro* e o *Plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación*, xa que boa parte do profesorado participou na elaboración e/ou desenvolvemento dalgún destes plans ou mesmo de ambos.

De igual xeito considerouse fundamental crear un proxecto novo vinculado co ensino-aprendizaxe das linguas: o *Proxecto lingüístico de centro*, aínda que non figura explicitamente nin na LOE nin nos decretos do currículo de primaria e secundaria, en oposición ao que ocorre cos dous plans anteriormente citados.

Todos estes proxectos son unha proposta de traballo en equipo, que permite considerar as opinións e experiencias de (practicamente) todo o profesorado dun centro educativo, de tal xeito que, atendendo á realidade concreta dese centro, o alumnado poida mellorar a súa competencia lectora, a súa competencia nas TIC e tamén que o acceso á competencia en linguas estea unificado para que a aprendizaxe de cada unha delas non sexa a unión de diversos compartimentos estancos, senón que o coñecemento lingüístico poida transvasarse e fomentar así a adquisición dunha real competencia plurilingüe.

O proxecto lingüístico de centro non aparece na lexislación xenérica de desenvolvemento dos currículos de primaria e secundaria (como acontece con outros plans e proxectos) pero si se cita no Decreto 124/2007 polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, así como no Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, que derroga o anterior. É un documento que aparece nos centros educativos galegos xa no ano 2007 e que agora hai que revisar desde a perspectiva da lexislación vixente. Segundo o Decreto 79/2010, neste documento farase constar:

- a) A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- b) En educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, as medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
- c) Nos centros que imparten formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas, e ensinanza de persoas adultas, os procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.
- d) Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.

Polo tanto, o proxecto lingüístico de centro serve para organizar a presenza das linguas cooficiais e a lingua estranxeira como linguas vehiculares nas diferentes materias, acorde co decreto mencionado; debe, así mesmo, estipular as medidas de atención á diversidade para aqueles alumnos que non teñan o dominio lingüístico apropiado (en calquera das linguas utilizadas nas áreas non lingüísticas), debe garantir un dominio das dúas linguas oficiais, propio do nivel, en determinadas ensinanzas e, á vez, ten que explicitar os mecanismos de fomento da lingua galega.

O proxecto elaborárase cada catro anos, aínda que anualmente hai que engadirlle unha addenda na que deben figurar:

1. Nos centros que imparten educación infantil, os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
2. En todos os centros en que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.
3. En todos os centros, información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.

Esta addenda está orientada a destacar os cambios que se introducen no proxecto lingüístico presentado con anterioridade. Algúns son cambios propios do comezo dun novo curso escolar, como as características do novo alumnado de infantil ou as novas propostas para o fomento e dinamización da lingua galega (que partirán da análise do desenvolvido o curso anterior) e outras deberanse a cambios motivados polas características do propio centro e do seu profesorado, que poden motivar cambios nas materias que se imparten en lingua estranxeira.

Na nosa comunidade o proxecto lingüístico de centro emprégase para distribuír o uso das linguas cooficiais e mais da lingua estranxeira como linguas vehiculares nas áreas non lingüísticas, de tal forma que o emprego desta última non supere o 33% do total. Igualmente, como é lóxico, introduce as actividades propostas para promover a lingua galega nos centros de ensino. Con todo, a pesar do que puidese parecer pola presentación anterior, o proxecto lingüístico de centro non é un documento exclusivo das comunidades con dúas linguas cooficiais, senón que é un instrumento esencial para todos os centros de ensino que queren desenvolver un ensino integrado de todas as linguas presentes nel.

2. QUE É o proxecto lingüístico de centro?

É un instrumento de organización do proceso de ensino-aprendizaxe das diferentes linguas presentes no sistema educativo dun centro, así como de atención ás linguas das comunidades emigradas.

No caso galego, as linguas presentes son necesariamente a lingua galega e a lingua castelá, como linguas oficiais, pero tamén as linguas estranxeiras (xunto coa presenza das linguas das comunidades emigradas en caso de as haber). Dentro das linguas estranxeiras hai que ter en conta aquela que se ensina e aprende como primeira lingua estranxeira, así como aquelas que están presentes nese proceso como segunda lingua (francés, portugués ou alemán segundo os casos).

3. QUEN o elabora?

No Decreto 79/2010 dise que o proxecto lingüístico será redactado por unha comisión do profesorado do centro, nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica. Formarán parte dela, como mínimo, os xefes e xefas dos departamentos de linguas e o coordinador(a) do equipo de dinamización da lingua galega. Logo será aprobado e avaliado polo consello escolar do centro educativo. Polo tanto, todas as persoas xefas dos departamentos de todas as linguas, así como a persoa coordinadora do equipo de dinamización lingüística, aínda que sería positivo que, cando menos, participase todo o profesorado de linguas (non só os responsables dos departamentos) para desenvolver un traballo conxunto en cada un dos niveis educativos.

4. POR QUE é necesario?

Para unificar a terminoloxía:

Ademais da pertinencia legal do documento, é necesario ter presente que o alumnado agradece, como agradeceríamos cada un de nós se estivese no seu caso, que o profesorado empregue unha terminoloxía homoxénea. Non ten sentido complicar a aprendizaxe con vacilacións entre *cláusula/oración* ou *pluscuamperfecto/antepretérito*.

Para non repetir contidos (cando menos co mesmo tratamento):

É obvio que enriquece traballar os recursos sinonímicos en cada unha das linguas, xa que permite enriquecer a bagaxe lingüística e comunicativa do noso alumnado, pero non ten sentido tratar a explicación dos contidos (definición de sinonimia, por exemplo) en cada unha delas.

Para distribuír o tratamento dos contidos:

Como se comentou no punto anterior, é pertinente tratar os mesmos contidos nas diversas linguas desde un punto de vista global e potenciando o enriquecemento en cada unha delas, pero sen deterse nos aspectos máis teóricos. Do mesmo xeito, é posible distribuír con antelación os contidos que se van tratar de forma detallada en cada lingua, de tal forma que nunha lingua se poida atender máis aos fenómenos semánticos, noutra aos recursos sintácticos, e noutra aos recursos literarios. Como xa se manifestou, trátase só dunha vía para non repetir determinados contidos co mesmo enfoque, aínda que non varía o uso práctico na aula de cada un dos aspectos da lingua.

Para unificar criterios:

Partindo dunha docencia en linguas debedora do enfoque comunicativo, é preciso desenvolver un traballo en linguas adaptado ás premisas que ofrece o Marco común europeo de referencia para as linguas. Todo o profesorado de linguas debería traballar as 4 destrezas básicas co seu alumnado e

mesmo facer unha avaliación inicial, para cada unha desas destrezas. Isto debe ser o punto de partida para que o alumnado acade o dominio apropiado en cada unha das 4 destrezas tradicionais: comprensión oral, comprensión escrita, expresión escrita, expresión oral.

Para establecer unha rede de apoio:

Traballar na aula as 4 destrezas básicas, é unha realidade para a maior parte do profesorado de linguas, pero ter en conta esas 4 destrezas tamén no sistema de avaliación non sempre é tan doado. Isto pode ser máis fácil se existe unha rede de apoio entre o profesorado de linguas (que pode mesmo ser dentro dun departamento), de tal forma que para as probas orais específicas poida haber apoio doutro docente.

Para respectar e valorar todas as linguas:

É necesario que todo o profesorado de lingua valore e respecte cada un dos sistemas de comunicación que están presentes no centro e que non lle transmita prexuízos ao seu alumnado. Cantas máis linguas dominemos mellor.

5. A FORMACIÓN e o proxecto lingüístico de centro

O proxecto lingüístico de centro é unha proposta organizativa que precisa da implicación e interese do profesorado para que non quede só nun documento administrativo.

Para acadar esa motivación é preciso transmitir instrucións claras para a elaboración deste documento, así como amosar as vantaxes que ten para o alumnado (e tamén para o profesorado) traballar en equipo e consensuar diversos aspectos da docencia.

Estes valores chegan a través da formación do profesorado, xa que é dos eixes fundamentais para seguir mellorando a calidade da educación no sistema educativo galego. Esta formación pode guiar na elaboración dun bo proxecto lingüístico de centro, pode iniciar no camiño cara á necesidade deste documento, pero, sobre todo, permite acadar unha sensibilidade lingüística, que amosa as linguas como medios de comunicación, cunha capacidade idéntica para transmitir coñecementos.

O programa PALE, ademais, achega unha ampla e apropiada formación en linguas estranxeiras que permite que o profesorado acade un dominio efectivo nesas linguas e unha visión plurilingüe, xa que permite a integración cultural e lingüística. Esta formación sempre repercutirá nun maior interese pola competencia en comunicación lingüística do noso alumnado, así como nunha maior atención ao proxecto lingüístico de centro, que debe ter un papel fundamental na adquisición desa competencia.

6. Conclusións

O proxecto lingüístico de centro debe ser un documento accesible e de interese para todo o profesorado, así como unha marabillosa ferramenta de traballo, moi afastada do simple documento administrativo. Este proxecto permitirá que o alumnado goce máis do seu contacto coas linguas e que perciba a necesidade de acadar un dominio efectivo en todas elas.

4

PALE: A formación do profesorado como elemento vertebrador

Fco. Xabier San Isidro Agrelo

A introdución e o desenvolvemento do plurilingüismo e as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) na sociedade do século XXI irromperon na escola para permanecer, para quedar, e semella que non hai volta atrás. A velocidade sen precedentes á que o coñecemento avanza nesta era dixital que nos toca vivir redefine o mundo, redefine a educación e, obviamente, redefine a configuración profesional do profesorado. E neste mundo que vai irremediamente cara á globalización, as aprendizaxes “descompartimentázanse”, deixan de ser puristas e territoriais para se converter en competenciais e colaborativas. Falar hoxe de formación do profesorado é falar de competencias básicas, de integrar aprendizaxes, de conectar as distintas linguas a través dos contidos curriculares e, naturalmente, de alfabetización dixital. Noutras palabras, a formación do profesorado debe adaptarse a este novo tempo para atender así o alumnado que está hoxe nas súas aulas, un alumnado que interactúa dende ben cedo coas tecnoloxías, un alumnado que está en contacto permanente con linguas diversas e, sobre todo, un alumnado que percibe e analiza distintos contidos dende perspectivas múltiples.

O sistema educativo español en todas as súas etapas obrigatorias sinala, entre outros, como un dos obxectivos prioritarios, o coñecemento de varias linguas estranxeiras á finalización da etapa escolar e establece que as TIC actuarán como mediadoras na aprendizaxe. Para iso cómpre desenvolver programas formativos para que o profesorado e o alumnado acaden unha competencia plurilingüe e dixital, non só para acadar destrezas básicas na utilización das fontes de información, senón tamén, e moi especialmente, para aprender a usalas co fin de atopar, analizar, intercambiar, transformar e presentar a información e o coñecemento. E todo iso, aplicando unha metodoloxía que incida na posta en práctica dos principios da aprendizaxe cooperativa e colaborativa entre o alumnado (Warschauer, 1997). Este tipo de aprendizaxe fará posible que o coñecemento se constrúa entre todos e se aprendan a valorar as devanditas perspectivas, as experiencias e as formas de pensar dos e das demais. Isto é só posible se contamos con profesorado plurilingüe e realmente capacitado no uso das novas tecnoloxías nas súas diversas áreas de coñecemento, e, sobre todo, profesorado que experimente este novo xeito de aprender desde a súa formación inicial e permanente.

Neste sentido, as distintas administracións educativas, incluíndo a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, están a desenvolver plans formativos que teñen como eixes

esenciais, sobre todo, dúas liñas de actuación: por unha banda, a capacitación lingüística en linguas estranxeiras a través do fomento da competencia plurilingüe e, por outra banda, o desenvolvemento de redes colaborativas de aprendizaxe a través da formación en competencia dixital. Dúas pedras angulares que deben partir dos proxectos concretos dos centros (proxecto lingüístico do centro (ver capítulo 3 do presente volume), proxecto lector, proxecto ABALAR, etc.) para redundar deste xeito no propio proceso de aprendizaxe do alumnado e converter así a formación do profesorado no elemento vertebrador dese proceso.

Relacionado con ambos os devanditos eixes está o Programa de apoio ao ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras, PALE, que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria leva varios anos desenvolvendo para facer fronte ás demandas provenientes tanto da sociedade galega no seu conxunto, como do profesorado, que é cada vez máis consciente da importancia que ten o fomento do plurilingüismo nos centros escolares.

O PALE nace ao abeiro do artigo 9 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, que establece que o Estado promoverá programas de cooperación territorial co fin de conseguir os obxectivos de carácter xeral e reforzar as competencias básicas. Este programa de formación xorde como resposta ás necesidades detectadas entre o profesorado de ensino non universitario en relación coas competencias lingüísticas e didácticas na utilización das linguas estranxeiras no sistema educativo. No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, o PALE botou a andar no ano 2006 e naquel momento, traducíase basicamente no desenvolvemento e mellora das destrezas lingüísticas do profesorado, así como na elaboración de materiais. O profesorado destinatario era o profesorado de inglés en educación infantil e primaria, así como o profesorado AICLE/CLIL (de materias non lingüísticas utilizando a lingua estranxeira como vehicular). A elección destes grupos diana obedecía á introdución do ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras en idades cada vez máis temperás e, sobre todo, á incorporación desas linguas no ensino doutros contidos curriculares. O deseño orixinal do programa constituía un itinerario formativo completo, dividido en tres fases:

a) **Fase A**, de desenvolvemento e mellora da competencia lingüística: formación intensiva local en lingua estranxeira (Francés/Inglés), en período lectivo con substitución, cunha duración de 100 horas, co obxectivo de desenvolver e mellorar contidos e aspectos lingüísticos xa adquiridos e avanzar na adquisición dun nivel de competencia lingüística superior.

b) **Fase B**, de inmersión: formación metodolóxica e en competencia lingüística, no sistema de inmersión no país falante da lingua estranxeira de ensino e aprendizaxe, cunha duración de tres semanas.

c) **Fase C**, de metodoloxía e produción de materiais: formación didáctica da lingua estranxeira, baixo a modalidade formativa de grupo de traballo, durante o curso, co obxecto de consolidar e aplicar ao propio contexto os coñecementos adquiridos nas fases anteriores e fomentar o traballo cooperativo e a elaboración de materiais. Perseguíase que a formación tivese un impacto que supuxese o beneficio profesional das persoas participantes e que o seu efecto se incorporase e prolongase na súa práctica cotiá.

A partir da Orde do 18 de abril de 2007, o aumento no número de seccións bilingües trouxo consigo o incremento no número de profesorado AICLE/CLIL. Por iso, tras varios anos de funcionamento do programa PALE, facíase necesaria a súa propia evolución por causa da xeneralización do ensino en inglés en educación infantil e, sobre todo, polo aumento no número de profesorado AICLE/CLIL. Os novos perfís docentes trouxeron consigo unhas necesidades formativas e de creación de redes que fixeron necesaria a modificación do programa en dúas direccións:

1- Por unha banda, o programa dividiuse en dous itinerarios diferentes, presentes na última convocatoria do ano 2010:

a. o primeiro coincide coas tres fases do programa orixinal;

b. o segundo itinerario consta de dúas fases: unha de integración de catro semanas nun centro escolar canadense ou estadounidense, e unha segunda sobre produción de materiais. O deseño da modalidade de integración está relacionada co fomento da consciencia intercultural e a selección de Canadá ou Estados Unidos como posibles países receptores obedece á súa tradición no desenvolvemento de programas curriculares bilingües.

2- Por outra, a última fase das dúas modalidades (a denominada Fase C, da que trata o seguinte capítulo deste volume) reoríentase cara á formación semi-presencial e, en vez de utilizar a modalidade de grupos de traballo, fórmase ao profesorado en ferramentas de autor e contorno dixital para ser despois titorizado a través da Plataforma de Teleformación Galega (PLATEGA) durante dous meses, co fin de producir materiais didácticos. O obxectivo principal é que o profesorado reflexione sobre a súa práctica docente, aplique o aprendido e se converta en autor de materiais en formato dixital, materiais que poderá compartir co resto do profesorado. A idea é que a formación se vexa apoiada polas TIC para conseguir metas máis amplas e un reforzo engadido ao que é a instrución tradicional.

A última convocatoria do programa (*Convocatoria para a selección do profesorado participante no Programa de Apoio ao Ensino e Aprendizaxe de Linguas Estranxeiras, PALE, para o ano 2010*) publicouse en febreiro de 2010 a través do espazo web destinado ao programa (<http://www.edu.xunta.es/pale>):

“PALE ITINERARIO A: Itinerario formativo en tres fases:

1) FASE A: formación intensiva local, isto é, na Comunidade Autónoma de Galicia, en lingua estranxeira (Francés/Inglés), en período lectivo con substitución, cunha duración de 100 horas a realizar durante o segundo ou terceiro trimestre do presente curso académico. Esta fase ten o fin de actualizar contidos e aspectos lingüísticos xa adquiridos e avanzar na adquisición dun nivel de competencia lingüística superior.

2) FASE B: formación metodolóxica e en competencia lingüística, no sistema de inmersión no país falante da lingua estranxeira de ensinoaprendizaxe, cunha duración de tres semanas a realizar no mes de xullo de 2010 nun dos seguintes países, dependendo da lingua estranxeira obxecto da formación: Reino Unido, Francia, Canadá ou Estados Unidos.

3) FASE C: elaboración de materiais para a sociedade de información, no primeiro trimestre do curso 2010-2011, co obxecto de consolidar e aplicar ao propio contexto os coñecementos adquiridos nas fases anteriores. Perséguese que a formación teña un impacto que supoña o beneficio profesional das persoas participantes e que o seu efecto se incorpore e prolongue na súa práctica cotiá.

PALE ITINERARIO B: Itinerario formativo en dúas fases:

1) Fase de Integración: programa de inmersión total consistente na integración na vida escolar, sen obrigas lectivas, en centros escolares de Canadá ou Estados Unidos. O profesorado seleccionado integrárase en centros escolares e estará acompañado no horario lectivo do centro por un/unha docente da súa mesma área, materia ou módulo durante catro semanas en setembro ou outubro do presente ano 2010 e será substituído nos seus centros educativos.

2) Fase de elaboración de materiais: os e as participantes polo itinerario B deberán participar na fase C do itinerario A.”

A compilación de propostas didácticas contidas na última parte do presente volume pertencen ao profesorado participante na convocatoria do ano 2009, que rematou a última fase do programa en febreiro de 2010.

Coa publicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, a utilización de linguas estranxeiras como linguas vehiculares no sistema educativo galego dá un paso máis, un paso que se concreta coa Orde do 30 de xuño de 2010 pola que se regulan, con carácter experimental, os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia, para o curso 2010/2011. Nestes centros, todo o alumnado do centro obrigatoriamente cursará ata un terzo das materias nunha lingua estranxeira, comezando no curso 2010/2011 no primeiro curso de educación primaria e/ou secundaria obrigatoria. A oficialización da utilización de lingua estranxeira como lingua vehicular noutras áreas ou materias está, polo tanto, converténdose nunha realidade presente no noso sistema educativo e o PALE deberá evolucionar para atender os novos perfís docentes. Ante a realidade dos novos centros educativos galegos, a formación en linguas estranxeiras precisa de novos modelos para atender as necesidades dos novos contextos de aprendizaxe. Estes novos modelos de formación deben incluír o desenvolvemento e mellora da competencia plurilingüe, a metodoloxía integradora das aprendizaxes, a interculturalidade, a inmersión no estranxeiro, a integración escolar en centros doutros países e a formación TIC. E todas esas cousas son o PALE, un elemento vertebrador que debe estar presente no proxecto lingüístico dos centros.

Bibliografía

Domínguez, A. (2009) As redes sociais como modelo integrador das linguas. En San Isidro, X. (Ed.) "CLIL: Integrando Linguas a través do Currículo". Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia.

San Isidro, X. (2009) CLIL, un nuevo horizonte en la formación del profesorado. LACLIL, North America, 213 04 2009. Disponible online en <http://biblioteca.unisabana.edu.co/publicaciones/index.php/laclil/index>

San Isidro, X. (2010) Análisis del modelo CLIL gallego. En C. Escobar Urmeneta, N. Evnitskaya, E. Moore & A. Patiño "AICLE/CLIL/EMILE. Educació Plurilingüe: Experiencias, Research & Politiques». Barcelona: Publicaciones UAB. 2010.

Warschauer, M. (1997). "Computer-mediated collaborative learning: Theory and practice," The Modern Language Journal, 81, 470-481.

Xunta de Galicia (2010). Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Diario Oficial de Galicia [Documento de Internet disponible en <http://www.edu.xunta.es/web/node/939>. Último acceso 27-05-2010].

4.1

Un cambio de paradigma formativo: Pale Fase C

Abraham Domínguez Cuña
José Leonardo Fariña García

1. Introducción

O Programa de Apoio ao Ensino e Aprendizaxe de Linguas Estranxeiras (PALE), na súa fase C, pretende a elaboración de materiais para a sociedade de información, co obxecto de consolidar e aplicar ao propio contexto os coñecementos adquiridos nas fases anteriores. Nesta fase perséguese que a formación teña un impacto que supoña o beneficio profesional das persoas participantes e que o seu efecto se incorpore e prolongue na súa práctica cotiá.

No mencionado programa, presentáronse pautas para guiar os docentes participantes no uso dos recursos TIC co obxectivo de que adquiran as competencias tecnolóxicas sinaladas axeitadas para un aproveitamento óptimo do uso das TIC.

As finalidades, os obxectivos, os contidos, materiais e recursos traballados artículanse en tres ideas forza fundamentais:

- 1- Reforzar a seguridade ante os medios tecnolóxicos.
- 2- Enriquecer o perfil docente con elementos metodolóxicos relacionados coas TIC.
- 3- Integrar a utilización das TIC na aula.

O emprego das TIC no ensino de materias como as Linguas Estranxeiras proporciona ferramentas didácticas para conseguir unhas clases máis interactivas e motivadoras, nas que tanto o profesorado como o alumnado compartan espazos tecnolóxicos comúns durante o proceso de ensino-aprendizaxe.

Esta capacitación ten relación directa co traballo centrado nas competencias, e máis concretamente co tratamento da información e a competencia dixital, posto que ten como centro de interese os docentes participantes e como buscar, seleccionar, crear e difundir as actividades e experiencias realizadas ou as que se van desenvolver.

Con todo, a fase C do PALE pretende naturalizar o uso das TIC na práctica docente e actualizarse en ferramentas e deseños metodolóxicos proactivos na aula evitando tecnocentrismos innecesarios.

2. Enfoque competencial

Esta fase do programa cinguese a unha estrutura formativa de traballo competencial por niveis, desagregados do seguinte xeito:

- Competencia básica: ten como finalidade romper a barreira psicolóxica provocada pola inseguridade no manexo dos medios tecnolóxicos. Polo tanto, este nivel competencial de choque está esencialmente dirixido ao profesorado con escasos coñecementos informáticos, aínda que si familiarizado con ferramentas básicas como navegadores, procesadores de texto...
- Competencias de consolidación: facilitan ao profesorado utilizar, crear, mesturar e xerar os seus propios recursos. As propostas deste nivel están destinadas ao profesor con coñecementos medios en TIC de edición básica de contidos en diferentes formatos.
- Competencias de afondamento: permiten a xestión creativa dos recursos informáticos e o dominio de contornas e linguaxes de autor para crear e mesturar materiais didácticos, tendo por base a creatividade no uso das ferramentas e contidos.

Así pois, os ámbitos educativos relacionados coa mencionada proposta son:

- Ámbito metodolóxico e didáctico: coñecemento e exposición de formas de aplicar as TIC no currículo escolar como instrumento, contido de aprendizaxe e recurso didáctico.
- Ámbito profesional: uso da tecnoloxía como medio de especialización e desenvolvemento profesional co fin de actualizar coñecementos e aplicalos no labor profesional.
- Ámbito tecnolóxico: competencias asociadas ao coñecemento do TIC e o manexo das ferramentas de produtividade e Internet e a optimización/rendibilidade do seu uso na docencia.
- Ámbito actitudinal: competencias relacionadas con actitudes abertas e de responsabilidade ante o TIC, tanto do uso e xestión dos soportes, como do uso legalmente constituído dos contidos.

3. Obxectivos que se pretenden

Partindo das liñas forza comentadas, articúlanse una serie de obxectivos operativos vertebradores da estrutura formativa:

- a. Facilitar estratexias e recursos para traballar o tratamento da información e a competencia dixital por parte do profesorado.
- b. Aplicar diferentes estratexias didácticas na aula utilizando distintos dispositivos de hardware e formatos multimedia (vídeo, animación, simulación, actividade interactiva...) para facilitar as aprendizaxes.
- c. Empregar as tecnoloxías para a comunicación e a colaboración con toda a comunidade educativa utilizando ferramentas de traballo común en Internet para xestionar adecuadamente a propia presenza na Rede.
- d. Crear unha comunidade de aprendizaxe cooperativa, tanto de forma presencial coma na súa continuidade na fase virtual.
- e. Explorar e analizar diferentes materiais audiovisuais mantendo unha actitude crítica para interpretar e comprender as linguaxes propias das TIC e adquirir autonomía na participación en cursos e actividades.

- f. Facilitar recursos e posibilidades para a creación, selección e difusión de actividades e experiencias relacionadas coas TIC.
- g. Analizar e avaliar o proceso, os recursos e os resultados obtidos no deseño, implementación e uso de tecnoloxía.
- h. Obter o máximo proveito do seu sector curricular, apoiándose nas repercusións das TIC na área que dá.
- i. Utilizar as TIC na preparación de material didáctico para apoiar as prácticas pedagóxicas.
- l. Empregar as tecnoloxías para a comunicación e a colaboración con toda a comunidade educativa.
- m. Desenvolver unha actitude aberta, responsable e crítica ante as novas achegas tecnolóxicas.

4. Contidos

Neste módulo formativo traballáronse de forma conxunta os seguintes contidos tendo como base a utilización das TIC:

- a. Emprego de fontes en formato dixital para a realización de actividades ligadas á finalidade do programa PALE.
- b. Interese e iniciativa na realización de intercambios, proxectos e grupos de traballo con docentes, formándose no ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira.
- c. Elaboración de presentacións e material multimedia e interactivo:
 - 1- Arquivos de audio.
 - 2- Arquivos de vídeo.
 - 3- Actividades interactivas.
 - 4- Emprego de diferentes soportes e recursos: encerado dixital, webcam...
 - 5- Sistematización na recompilación e produción das propostas didácticas achegadas polos docentes participantes en base a estandarización de campos mediante formularios creados *ad hoc*.

Para desenvolver estes contidos, seleccionáronse unhas ferramentas que permitirían un uso adecuado e consecuente das TIC, tendo en conta a variable tempo e as diferentes curvas de capacitación, tomándose as seguintes consideracións:

- O contorno de traballo base sería Windows, ao ser o sistema operativo no que traballan máis do 95% de persoas participantes na actividade; e nos escasos suposto de traballo baixo Linux facilitaríase a instalación do emulador Wine e o versionado das ferramentas que se van utilizar para o mencionado SO.
- As ferramentas empregadas deberían ser o suficientemente flexibles para acomodarse aos diferentes niveis de dificultade e aprendizaxe, así como suficientemente versátiles para poder realizar materiais educativos nun curto espazo de tempo.
- As ferramentas empregadas deberían ter unha curva de aprendizaxe rápida para poder empregar nun primeiro momento aínda que, evidentemente, esta aprendizaxe poderíase concretar en cursos de especialización ofrecidos pola plataforma PLATEGA.

As ferramentas escollidas foron:

- Edición e gravación de audio: Audacity. Ferramenta de software libre, compatible con calquera sistema operativo en formato portable. (<http://audacity.sourceforge.net/?lang=es>)
- Edición e gravación de vídeo: Movie Maker, por vir xa instalado co sistema operativo base de traballo e pola usabilidade da súa interface. (<http://www.microsoft.com/spain/windowsxp/using/moviemaker/default.msp>)
- Paquete ofimático: OpenOffice, por ser multiplataforma en versión portable. (<http://es.openoffice.org/>)
- Conversor multiformato: utilizouse o programa Format Factory para a conversión e redimensión de diferentes arquivos favorecendo a transferibilidade dos contidos. (http://www.formatoz.com/ES_index.html)
- Edición de actividades multimedia: Edilim, pola súa sinxeleza de uso e potencialidade. (<http://www.educalim.com/>)
- Suite Notebook de Smart, ao ser o programa que se instala co encerado dixital interactivo e permitir a realización de actividades predefinidas pola súa galería multimedia e os seus obxectos de aprendizaxe interactivos. Non se excluíron outras opcións/ferramentas de traballo co encerado dixital, facéndose así énfase entre a calidade do soporte (taboleiro táctil) e o programa privativo comercializado co mesmo. (<http://www.smarttech.com/us/Support/Browse+Support/Download+Software>)

5. Estrutura do programa

Fase previa

Esta fase tivo como obxecto a apertura do espazo de traballo en liña e aprendizaxe colaborativa e cooperativa. Tivo una carga horaria considerable de información inicial, organización e subetapas.

Subetapas das que constou:

- 1- Apertura da aula virtual en PLATEGA (<http://www.edu.xunta.es/platega>) "PALE 2009 Fase C".
- 2- Creación e organización dos contidos e dos materiais que empregan as persoas titoras.
- 3- Distribución das persoas participantes en agrupacións por niveis competenciais, etapas educativas e disciplinas, favorecendo a homoxeneidade de grupos de capacitación.
- 4- Deseño da fase presencial, tanto na estrutura de espazos, grupos, horarios e contidos.
- 5- Xestións do profesorado participante nesta fase do programa.
- 6- Presentación inicial dos titores e do profesorado participante no programa coa finalidade de acadar e fornecer unha comunidade en liña.
- 7- Explicación dos requirimentos (tanto técnicos coma de recursos) para a fase presencial.
- 8- Explicación do programa da totalidade da actividade, tanto da fase presencial coma da fase virtual posterior.

As actividades realizadas nas mesmas foron:

- Creación dos módulos, xestión de propostas didácticas modelo con itinerarios formativos baseados nas competencias.

- Creación e xestión de videotutoriais preformativos de soporte.
- Creación de soporte estándar baseado en formularios para a recollida de tarefas/propostas didácticas.
- Descarga e instalación de requisitos mínimos dos equipos.
- Asistencia técnica, dúbidas e preguntas no Foro.

Fase presencial

Centrada en plenarias e obradoiros baixo unha metodoloxía participativa, alternando exposicións con traballos, vídeos, exercicios prácticos, adestramento en habilidades, etc. A dinámica das sesións baseouse na análise de exemplos reais que ofrecen un achegamento ás situacións habituais coas que o alumno/docente poderá atoparse na aula, así como a descrición básica das funcionalidades da plataforma.

Esta fase presencial tivo unha serie de requirimentos organizativos e funcionais que se fixeron imprescindibles á hora de levar á práctica as sesións.

- Reserva dos espazos e instalacións necesarias para desenvolver a actividade.
- Petición, traslado e montaxe do material preciso en cada un dos espazos para o desenvolvemento da actividade. Dentro deste material:
 - Adecuación da instalación eléctrica e conexión por cable para relatores/as nas salas. Conectividade wifi para o profesorado participante na actividade.
 - Encerado dixital interactivo e videoproxectores en cada un dos espazos destinados á actividade formativa.
 - Equipamento de son na sala principal, ademais do mencionado con anterioridade.
- Solicitud de emprego dos ordenadores portátiles dos centros educativos por parte dos docentes participantes previamente precargados cos programas e contidos necesarios para traballar.

As subetapas desta fase estruturáronse en:

- Plenarias (carga horaria de 1h):

Contidos:

 - Explicación e funcionamento da fase presencial/liña.
 - Xustificación e estrutura dos contidos ofrecidos.
 - Posibilidades comunicativas da plataforma.
 - Contidos e propostas didácticas.
 - Apoios, titorías, envíos e temporalizacións.
- 6 Obradoiros simultáneos (carga horaria 9h):

Contidos:

 - Comprobación das ferramentas instaladas e requisitos mínimos.
 - **Competencia básica** en xestión de contidos educativos:
 - Edición Son: Audacity
 - Edición Vídeo: MovieMaker
 - Edición Imaxe: GIMP
 - Conversores: Formatfactory
 - **Competencia de consolidación** co Notebook SmartBoard:
 - Instalación, configuración e compoñentes.
 - Recursos e aplicacións que favorecen o traballo co EDI.
 - Emprego e integración de recursos multimedia: audio, vídeo, son.
 - Redes colaborativas e bancos de recursos.

- **Competencia de afondamento** co programa LIM:

- O programa LIM. Instalación, configuración e compoñentes.
- Tipoloxía de actividades didácticas.
- Empaquetado e publicación dos recursos creados.
- Redes colaborativas e bancos de recursos.

Fase virtual

Unha vez rematada a fase presencial, o profesorado participante tivo que elaborar unha serie de contidos multimedia xunto cunha proposta didáctica de uso na aula, seguindo as liñas mencionadas e os recursos vistos na fase presencial.

O traballo na rede favoreceu estratexias de “blended learning” así como de individualización das titorías e de ritmos de aprendizaxe. Esta fase tivo unha duración de dous meses e medio cunha carga lectiva de 30h. O modelo pedagóxico para o seguimento de devandita actividade estivo fundamentado en:

Servizos de aprendizaxe. Baseados na explotación das comunicacións do soporte de PLATEGA (Moodle): foros, chats, titorías, mensaxería interna alumnado-profesorado, etc. que lle permite ao docente participante organizar a súa propia aprendizaxe con independencia do tempo e espazo e, sobre todo, supón un proceso de aprendizaxe sistematizado polo propio participante. Aínda que require de disciplina por parte do profesional/alumno, concédelle liberdade para planificar e xestionar a súa formación.

Materiais didácticos base. O material exposto diversificouse en diferentes formatos (videotitoriais, descargables, paquetes de contidos/formatos...) sendo o máis utilizado para as propostas didácticas orientativas a base web e o empaquetado SCORM para facilitar o seguimento dos itinerarios dos docentes.

Ao longo da devandita temporalización tivéronse que realizar as seguintes tarefas:

- Tarefa 1: presentación no foro da plataforma
- Tarefa 2: realización dun material multimedia co software Notebook (EDI)
- Tarefa 3: realización dun Libro Interactivo Multimedia
- Tarefa 4: realización dunha proposta didáctica (TIC+Linguas)

Así mesmo, de maneira natural, forneceuse a creación da comunidade en liña a traves da creación de faladoiros informais de intercambio de opinión, arquivos e experiencias de todo o acontecido no programa PALE.

Avaliación

É necesario salientar as estatísticas de acceso e uso da plataforma para comprender a intensidade formativa que supuxo a formación en rede:

- Máis de 15.000 accesos aos diferentes contidos e recursos da aula virtual.
- Destes accesos, máis de 2.300 son ás propostas e exemplificacións didácticas empregando as TIC en diferentes niveis educativos.
- Máis de 200 exemplificacións didácticas empregando os recursos traballados nas aulas.
- Máis de 3.000 mensaxes no foro da aula virtual.

Para a avaliación dos contidos e as propostas didácticas, contouse co apoio e axuda das persoas titoras, o coordinador/asesor do programa e especialistas na materia do docente participante para comprobar así a tripla idoneidade das producións. Utilizáronse os seguintes elementos de valoración:

- Deseño e calidade das propostas e tarefas.
- Carácter globalizador e integrador da aprendizaxe.
- Capacidade de integrar as TIC.
- Colaboración na plataforma (contribucións...).
- Transferibilidade a outros contextos/situacións.

Sobre os aspectos máis destacados por parte das persoas titoras desta fase salientase:

• **Capacitación previa:** a heteroxeneidade formativa tiña proporcións similares para os diferentes niveis de capacitación explicitados a razón dun terzo (1/3 capacitación baixa, 1/3 capacitación media e 1/3 capacitación alta).

• **Transferibilidade do coñecemento:** gran parte da formación exportouse á comunidade educativa fomentándose obradoiros *a posteriori* de LIM ou EDI para a creación de materiais en grupos de traballo, seminarios permanentes e proxectos de formación en centros. Datos cotexables coas solicitudes formativas nos CFRs e as coordinacións dos devanditos grupos.

• **Dinámicas de colaboración:** foi altamente positiva a creación de faladoiros informais e de intercambio de opinións que posibilitaron a apertura do curso alén das datas oficiais de peche para deixalo en aberto como punto de encontro ata que a actividade do curso fora inexistente e non rendible para a súa coordinación e mantemento (agosto 2010).

• **Propostas de mellora:**

- A consolidación dun curso en liña sobre o uso das TIC nas linguas estranxeiras dentro do plan de formación anual.
- O establecemento de pautas organizativas claras para a posta en marcha das TIC na aula clase.
- A creación dun repositorio específico oficial de boas prácticas e recursos para a capacitación lingüística docente derivadas do uso das TIC.
- A creación dunha rede social oficial de portfolios dixitais para o seguimento da capacitación docente e intercambios curriculares.

Consideracións e recomendacións posteriores sobre o eido formativo:

• **Aprender a esquecer o aspecto técnico:** a formación nas TIC debe ensinar a esquecer e a identificar os mellores recursos en liña, a separar o ruído do relevante, a previr a infoxicación e a simplificar en aras da operatividade. Nas diferentes actividades formativas existían preconceptos condicionados a unha formación excesivamente técnica e descontextualizada dos usos educativos sobre as ferramentas a utilizar.

• **Regras simples no uso das TIC:** desdramatizando o uso dos soportes e os ocasionais fracasos na súa utilización.

• **Fomentar a cultura do remix:** baseada na mestura de contidos de diferentes formatos e tipoloxías para a creación dun novo obxecto de aprendizaxe, respectando, claro está, as diferentes licenzas e condicións de uso dos devanditos contidos e coñecendo os límites legais dos seus usos en contextos educativos.

• **Fomentar o uso creativo das TIC na aula:** é tan ou máis importante como a competencia dixital. Como na cultura do remix, realizar tarefas de forma creativa potencia a aprendizaxe colateral e as capacidades da innovación diversificando novos usos a soportes coñecidos.

• **Producir para compartir:** isto significa utilizar todos os instrumentos dixitais ao alcance para crear contidos multimedia, experimentar, escribir, producir ensaios, compartir coñecementos relevantes, etc... partindo da bagaxe profesional, coa finalidade de crear un corpus teórico, práctico, colaborativo e diverso e profesionalizador da función docente.

- **Non fuxir do coñecemento volátil das TIC:** a formación en tal ou cal programa ou o coñecemento de tal ou cal contido, metodoloxía teñen unha base “líquida” nestes tempos onde todo muda con especial rapidez. Os contidos inmediatamente quedan obsoletos e os programas reconvértense sendo a base da capacitación tecnolóxica a adaptación e a necesidade dunha formación e actualización constante.

- **Autoaprendizaxe e autocapacitación:** como resposta ás necesidades formativas do anterior punto e base do Lifelong Learning, é necesario probar, fallar, realimentarse e volver a probar en aras da única estratexia formativa válida, adaptativa e flexible de aquí en adiante a autoformación/autocapacitación.

4.2

Unha visión desde a experiencia

Elena Castro Villalón

Na actualidade, coma en calquera profesión, a especialización, renovación e reciclaxe é máis que unha esixencia no quefacer diario dun docente. O ensino dunha lingua estranxeira é un labor do que se pensa que pode chegar a desempeñar un falante que domine a lingua en cuestión, mais o certo é que se acadan mellores resultados se a persoa que ensina ten unha formación específica dirixida a exercer ese labor. Neste sentido, é e foi a miña preocupación, cuestións como a procura de novos vieiros de descubrimento e renovación mesturados coa necesidade de encontro de experiencias novas, froito, quizais, dunha insatisfacción profesional que me impulsou á busca e ao descubrimento de propostas didácticas de aula no marco dun enfoque colaborativo. Sen dúbida, a condición de “transhumante” proxéctase permanentemente na miña carreira profesional e, como non, no meu cambio de método á hora de transmitir coñecementos aos demais. Penso que o feito de ter un acceso a novos enfoques metodolóxicos, recursos e visións do ensino, fai crecer e estar neste continuo movemento.

Nesta liña, e ao abeiro de todos os programas de dinamización e potenciación das linguas estranxeiras, a Consellería de Educación deu a coñecer en marzo de 2009 a convocatoria do programa de apoio ao ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras, PALE, cun obxectivo primordial: promover a formación do profesorado, tanto na súa competencia lingüística como na competencia docente, para o ensino das linguas estranxeiras a través de enfoques pedagóxicos e didácticos axeitados. Ao recibir esta información, vin nesta oferta a oportunidade de achegarme a novos enfoques metodolóxicos cara ao ensino do inglés, así como unha renovación da miña competencia lingüística, indispensable para o ensino dunha lingua. A oferta de itinerarios, de primaria e secundaria, dentro do programa, era variada, e dentro de educación primaria a posibilidade de escoller entre infantil, primaria e CLIL. Ao ser mestra nun centro de educación primaria e infantil, moitas foron as miñas dúbidas pero, ao final, decanteime por infantil. Por que infantil? Pola miña inquedanza persoal e profesional cara á mellora na calidade do proceso de ensino e aprendizaxe do inglés en idades temperás.

De tal xeito, tras a solicitude, entrega da documentación, listas provisorias e definitivas, fun seleccionada para participar neste programa. As miñas expectativas eran moitas, aínda que as miñas preocupacións tamén. O feito de estar ausente do meu centro durante un mes levaba consigo a planificación e organización exhaustiva da miña programación nos distintos cursos nos que impartía docencia. Debía clarificar onde se atopaba cada grupo-clase e cales eran os meus intereses de traballo para aquel tempo no que ía ser substituída por un compañeiro. Estar vinculada a outros proxectos non só de linguas senón de carácter xeral e de organización do centro, esixiu unha planificación máis estrita dende todos os puntos de vista. Así mesmo, adiantar a elaboración de todos os proxectos de centro relacionados co ensino da lingua estranxeira, debido a que as convocatorias de seccións bilingües e inmersión lingüística estaban próximas no tempo.

Volvendo ao programa en si, a fase A deu comezo a mediados de abril e foi impartida na Escola Oficial de Idiomas de Ourense. Ao longo de 100 horas de formación, profesores especialistas de diferentes niveis tratamos de mellorar a nosa competencia lingüística en todos os aspectos da lingua: a produción oral e escrita, a comprensión oral e audiovisual, a comprensión escrita, a interacción oral, así como a actualización dos nosos coñecementos gramaticais ou lingüísticos, no que se refire á competencia fonética e entoativa, léxico-semántica, morfolóxica, sintáctica e ortográfica.

Aínda que era clara a diversidade de niveis no que respecta ao coñecemento da lingua inglesa, profesores e mestres CLIL e especialistas en inglés formamos un grupo homoxéneo e cun mesmo interese, mellorar a nosa expresión e comprensión tanto oral como escrita. De feito, a formación nesta fase supuxo, para min, a oportunidade de poder profundar sobre contidos e aspectos xa adquiridos e avanzar na adquisición dun nivel de competencia lingüística superior. Así mesmo, foi meta común a procura dunha aprendizaxe colaborativa con independencia do grao de coñecemento de inglés ou as circunstancias profesionais de cada un dos integrantes do grupo. De feito, moitas foron as sesións dedicadas a unha mostra da práctica educativa das diversas disciplinas, cun enfoque metodolóxico distinto, que enriqueceron, aínda máis, este tempo de aprendizaxe significativa, funcional e de resposta ás miñas necesidades.

Porén, tendo en conta que esta actividade formativa se estaba a desenvolver no resto de escolas oficiais de idiomas de Galicia, penso que é recomendable que, en futuras edicións, a organización e desenvolvemento da programación fose consensuada, coordinada e levada a cabo colectivamente polos profesores/as implicados na docencia do programa, favorecendo así a mesma dinámica de traballo en todos os grupos PALE.

Doutra banda, trala asistencia ao curso de perfeccionamento lingüístico, o ter que volver á miña realidade no centro provocou non só unha pausa no tempo, senón tamén na continuidade da formación, en espera da fase B.

A miña estadía desenvolveuse en Londres, no mes de xullo. Este tempo de inmersión lingüística e cultural estivo estreitamente vinculado á asistencia diaria a un curso intensivo de inglés que favoreceu non só a mellora da miña competencia oral (receptiva e produtiva) e a ampliación do meu coñecemento de factores socio-culturais ligados á lingua, senón tamén a adquisición de novos coñecementos nos enfoques metodolóxicos cara ao ensino da lingua estranxeira. A expectativa ante esta formación era moi alta. Non obstante, non foi de todo satisfactoria ao integrar a todo o grupo PALE nun curso de inglés xeral no que había grande diferenza en relación ao nivel de coñecemento do idioma, idade e intereses, o que provocou certo desacougo en nós.

Porén, esta estadía significou unha etapa de encontro e interacción que achegou, unha vez máis, a oportunidade de compartir experiencias e propostas didácticas de aula. Claramente, esta aprendizaxe cooperativa foi mostra, de novo, dunha poderosa ferramenta de xestión do proceso de ensino e aprendizaxe e, consecuentemente, tivo a súa repercusión na miña práctica diaria. A chegada metodolóxica de colegas e formadores resultou, sen dúbida, de relevancia e enriquecedora a todos os niveis.

Nesta mesma liña e baseada na procura dunha total inmersión lingüística e cultural, vivir cunha familia favoreceu non só a creación de situacións comunicativas de práctica da lingua, senón tamén unha visión máis real dos costumes, tradicións e cultura anglosaxona.

Ligado á actividade de formación local e no estranxeiro, a fase C do programa significou, baixo o meu punto de vista, o resultado produtivo de toda esa aprendizaxe ao longo do programa. De feito, a fórmula linguas estranxeiras máis TIC está claramente relacionada co concepto de “calidade educativa”. Comparto totalmente o concepto de innovación educativa en TIC entendido como un proceso de cambio que debe incidir nas formas de construción do coñecemento, na configuración de novos ámbitos do proceso de ensino e aprendizaxe e na transformación dese proceso canto ás linguas estranxeiras. A fase C resultou ser o meu *output*, o que debía conseguir: produción dunha proposta didáctica aloxada nun espazo web propio, coa finalidade de que este traballo puidese repercutir non só no meu alumnado máis próximo, senón tamén en toda a comunidade educativa e co viso de ser transferida a outros centros para a súa total explotación; incorporando esta fusión de ideas e materiais a un proceso de ensino e aprendizaxe que implica unha reflexión e un cambio en “como” e “que ensinar”. O programa desenvolveu obradoiros presenciais, cunha titorización virtual na PLATEGA a posteriori, de aprendizaxe e emprego de ferramentas de autor coma EdILIM, PDI Notebook, ou programas de edición de audio e

vídeo. Esta formación fíxome tomar consciencia, se cabe aínda máis, da necesidade de incorporar as TIC ao ensino de idiomas por todas as vantaxes que iso leva consigo. Porén, dada a diversidade presente no profesorado, o feito de asistir a un obradoiro debería estar condicionado polos coñecementos informáticos previos de cada un dos asistentes, coa finalidade de que uns poidan iniciarse e outros avanzar no emprego dos distintos programas.

Con todo, penso que o programa PALE me deu a posibilidade de colaboración e cooperación con outros docentes co fin de capacitar dixitalmente a toda a comunidade educativa, facilitando ferramentas útiles que permitan a aprendizaxe dunha lingua estranxeira a través de materiais multimedia.

Asemade, cómpre subliñar que este programa supuxo a mellora das miñas competencias idiomáticas cunha dimensión claramente práctica, a través dunha mestura de estratexias didácticas e técnicas metodolóxicas que facilitan, baixo o meu punto de vista, non soamente ensinar unha lingua estranxeira, senón aprender nela.

En definitiva, a xeración de formación e de actualización cualificada é imprescindible e de gran proveito a día de hoxe, se se quere conseguir que a lingua estranxeira sexa ensinada da mellor maneira posible, sen esquecer que nesa aprendizaxe non se compromete unicamente un sistema lingüístico senón tanto a participación activa e traballo cooperativo do profesorado como tamén o emprego das TIC como ferramenta de autoaprendizaxe e recurso didáctico no chamado terceiro contorno.



MATERIAIS DA FASE PRODUTIVA DO PROGRAMA PALE



INGLÉS EN INFANTIL

1. THE THREE LITTLE KIDS IN THE BLACK PUMPKIN	63
Gonzalo Fernández Alberte, Silvia Iglesias González, Raquel López Rodríguez	
2. ANIMALS.....	68
Cristina Sanmartín Bouza	
3. BROWN BEAR	70
Rosalia Pérez Gómez	
4. SILLY BILLY	72
Genoveva Romero Crego	
5. THE CLASSROOM OBJECTS AND THE FARM	75
Lucía Abilleira Castiñeiras, Mercedes Márquez Rodríguez	
6. THE THREE BILLY GOATS	77
Elena Mª Castro Villalón, Patricia Conde Cid	

INGLÉS EN PRIMARIA

1. EXPLORING YOUR CLASSROOM	83
Mónica Rodríguez Crecente	
2. SEASONS (WEATHER, CLOTHES, FOOD AND FESTIVALS).....	85
Teresa Carballo Lamela, María Jesús Naveira López, Rosa María Suárez Trigo	
3. THE HOUSE	88
Margarita Casal Tacón	

AICLE/CLIL EN PRIMARIA

1. ABOUT FOOD	93
María Isabel Franco Cabarcos, José Ramón Chouciño Haz, Francisca Josefa Pérez Bouza	
2. HEALTHY FOOD	97
Marco Antonio Lago Suárez	
3. REUSING IN ART	101
María Isabel Blanco Pumar	
4. THE WORLD OF MARUXA MALLO	104
Belén Pérez Vijande	
5. ABOUT FOOD 1	108
Pablo Fernández Bello, Ana Mª Fernández Jacob, Mª Esther Costal Vilanova	
6. ABOUT FOOD 2.....	112
Susana Bartos Lorenzo, Noelia Ríos Gayoso, Mª Consuelo Prelchi Gallego	

AICLE/CLIL EN ESO

1. INTRODUCCIÓN AO MUNDO DOS DEPORTES MEDIANTE O USO DAS TIC. INTRODUCTION TO SPORTS THROUGH ICTs..... 119

Alberto Rodríguez Salas

2. MOVÉMONOS AO COMPÁS? 124

Fernanda Follana Neira

3. ALGEBRAIC EXPRESSIONS AND EQUATIONS 126

4. THE UNIVERSE & THE SOLAR SYSTEM 128

Amara Gómez Baño, Carme Campello Carballeira

5. COMIC'S WORLD..... 134

Sonia Álvarez Fernández

6. AN INTRODUCTION TO ECOLOGY 137

Óscar Luis Pérez García

7. LES FRACTIONS 140

Ana Rosa González Iglesias

8. MATERIALS FOR DESIGN AND TECHNOLOGY 143

José Antonio Otero Piñeiro

9. THE ELEMENTS OF SOUND 146

Miguel Ángel Cameselle Teijeiro

10. ALIMENTATION ET NOURRITURE 150

Juan Luis Neira González

11. COMPOSITION OF MATTER..... 153

Aniana Díaz Gómez

12. ELECTRICIDADE: CIRCUÍTOS ELÉCTRICOS DE CORRENTE CONTINUA 156

Julita Taboada Martínez

13. EXPLORING ALTERNATIVE ENERGY SOURCES..... 159

M^a Ángeles Miguéns Cristobo

14. FIGURAS E CORPOS XEOMÉTRICOS 162

Margarita Losada Rodríguez, José Antonio Carpena Sardiña

15. KINETIC THEORY, STATES OF MATTER 165

Antón Casal Puga

16. MATERIAIS: METAIS E PLÁSTICOS 168

Osvaldo Gutiérrez Pérez

17. O TRANSISTOR BIPOLAR 172

José Ángel Lozano Prieto

18. REVISION OF ELECTRICITY 174

Ana Esperanza Villar Romarís

19. NUTRITION IN HUMANS. THE DIGESTIVE SYSTEM 176

Raquel Vázquez Quindimil

20. A QUIMERA, MORTA OU MÁIS VIVA QUE NUNCA? UNHA REFLEXIÓN SOBRE A PRESENZA DA CULTURA CLÁSICA NA SOCIEDADE CONTEMPORÁNEA..... 179

Fernando Domènech Rey

21. EDICIÓN DE VÍDEO DIXITAL EN INGLÉS PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS DE TECNOLOXÍAS: ELECTRÓNICA DIXITAL 183

Fernando Ernesto Vázquez García

22. LINEAR AND QUADRATIC FUNCTIONS 185

Diego Álvarez Puente

23. THE ELECTRICAL SYSTEM OF A HOUSE 188

José Manuel Martínez Loureiro

24. THE HUMAN BODY AND EXERCISE 190

Víctor E. Rodríguez Rodríguez

AICLE/CLIL EN BACHARELATO

1. MINERALS 195

Ana Pérez-Santamarina Feijoo

2. THE HUMAN BEING. NATURE AND CULTURE..... 198

Mercedes Rodríguez López

3. MISTAKE YOURSELF! REVIEWING BASIC CONCEPTS IN THE HISTORY OF WESTERN PHILOSOPHY 201

Manuel Torres Cubeiro

4. THE MYTH OF THE CAVE 204

Benito Arbáizar Gil

AICLE/CLIL EN FP

1. AS ALGAS E O SEU USO CULINARIO 209

Roberto Bermejo González

2. CONFLICT AND NEGOTIATION AT WORK..... 212

Emilio Vázquez Rodríguez, Nuria Bernárdez Pérez

3. LOOKING FOR INFO ON THE NET (for example, a new graphic card) ... 215

Constantino García Ulla

4. A LINGUAXE JAVA NO CONTORNO GRÁFICO 217


Víctor Alfredo Pascual Vázquez

5. THE MOTHERBOARD AND THE STORAGE DEVICES IN A COMPUTER..... 220

Fernando López Uceira



0 INGLÉS EN INFANTIL

A decorative graphic consisting of several blue hexagons arranged in a staggered, honeycomb-like pattern. One hexagon in the upper right contains the white letter 'A'.

A

1. THE THREE LITTLE KIDS IN THE BLACK PUMPKIN

Gonzalo Fernández Alberte
Silvia Iglesias González
Raquel López Rodríguez

Xustificación

É importante dicir que esta unidade será unha unidade de repaso, levada a cabo a finais de outubro. Repasando unidades anteriores utilizando as TIC, o motivo desta unidade é aproveitar os coñecementos dos nenos e nenas das cores, dos números e a roupa para introducir a festividade de “Halloween”.

Nivel

Infantil

Número de sesións

5

Recursos TIC utilizados

EDI, LIM, AUDACITY, GIMP, MOVIE MAKER

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

1. Linguaxes: comunicación e representación:

- Utilizar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, aprendizaxe e gozo, de expresión de ideas e sentimentos, e valorar a lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
- Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo a que se axuste mellor á intención e á situación.
- Comprender as intencións e mensaxes doutros nenos, nenas e persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto a propia como a estranxeira.
- Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios mostrando actitudes de valoración, gozo e interese cara a eles.
- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula e mostrar interese e disfrute ao participar nestes intercambios comunicativos.

2. Autocoñecemento e autonomía:

- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias e ser capaces de denominalos, expresalos e comunicarllelos aos e ás demais, identificando e respectando, tamén, os dos e das demais.

- Realizar, de maneira cada vez máis autónoma, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa, e desenvolvendo estratexias para satisfacer as súas necesidades básicas.

- Adecuar o seu comportamento ás necesidades e requirimentos dos e das demais, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración, evitando comportamentos de submisión ou dominio.

3. Coñecemento do contorno e interacción co mundo:

- Relacionarse cos e coas demais, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e adaptando a súa conduta a elas.

- Observar e explorar de forma activa a súa contorna, mostrando interese polo seu coñecemento.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Repasar vocabulario xa coñecido: colours, numbers and clothes.

- Comprender vocabulario pertencente ao campo semántico de Halloween: monster, witch, vampiro, ghost, mummy, clown, black cat, pumpkin and haunted house.

- Recoñecer a existencia de linguas diferentes á propia, valorando a utilización da lingua inglesa na aula.

- Familiarizarse co uso do EDI e LIM, valorándoos como unha ferramenta máis no seu proceso de aprendizaxe.

- Mostrar interese por comunicarse cos e coas demais, prestando atención e demostrando que se escoita.

- Utilizar estratexias non verbais de maneira adecuada, demostrando atención e comprensión.

Contidos

1. Linguaxes: comunicación e representación:

- Uso progresivo, segundo a idade, de léxico variado e con crecente precisión, estruturación apropiada de frases, entoación adecuada e pronunciación clara.

- Participación e escoita activa en situacións habituais de comunicación. Acomodación progresiva dos seus enunciados aos formatos convencionais, así como achegamento á interpretación de mensaxes, textos e relatos orais producidos por medios audiovisuais.

- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira en rutinas e situacións habituais de comunicación.

- Comprensión da idea global de textos orais en lingua estranxeira, en situacións habituais da aula e cando se fala de temas coñecidos e predicibles. Actitude positiva cara á lingua estranxeira.

- Interese e atención na escoita de narracións, explicacións, instrucións ou descricións.

- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos como ordenador, EDI ou reprodutores de son e imaxe, como elementos de comunicación.

2. Autoconñecemento e autonomía:

- Identificación e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e dos e das demais. Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.

- Aceptación e valoración axeitada e positiva dun/dunha mesmo/a, das posibilidades e limitacións propias.

- Confianza nas propias posibilidades de acción, participación e esforzo persoal nos xogos e no exercicio físico. Gusto polo xogo.

3. Coñecemento do contorno e interacción co mundo:

- Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos culturais da lingua estranxeira, especialmente da festividade de Halloween. Interese e gusto polas relacións con eles, rexeitando actuacións negativas.
- Incorporación progresiva de pautas axeitadas de comportamento, disposición para compartir e para resolver conflitos cotiáns mediante o diálogo de forma progresivamente autónoma, atendendo especialmente á relación equilibrada entre nenos e nenas.
- Interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e nenas doutras culturas.

CONTIDOS DA UNIDADE

- Repaso de vocabulario xa coñecido: numbers from 1 to ten, colours and clothes.
- Comprensión de vocabulario de Halloween: monster, witch, vampiro, ghost, mummy, clown, black cat, pumpkin and haunted house.
- Identificación da lingua inglesa como diferente á propia.
- Utilización do encerado dixital interactivo e de LIM.
- Participación activa nos xogos e demais actividades propostas, mostrando unha actitude de respecto cara aos e ás demais.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Lingua estranxeira (inglés)

Valores que se traballan

- Educación para o consumidor.
- Educación para o respecto e tolerancia cara a outras culturas.
- Educación para a igualdade entre sexos.
- Educación moral e cívica.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1:

- HISTORIA “LOOK AT THE RAINBOW” (EDI).
- SONG “I CAN SING A RAINBOW” (MOVIE MAKER).
- ACTIVIDADES EDI:
 - a. Click and repeat.
- ACTIVIDADES EDILIM.
- En caso de que sobren algúns minutos, dedicaranse a xogos relacionados coas cores, como por exemplo “Rachel says”.

SESIÓN 2:

- CANTAR A CANCIÓN “ONCE I CAUGHT A FISH ALIVE” (MOVIE MAKER).
- ACTIVIDADES LIM.
- ACTIVIDADES EDI.
- En caso de que sobren algúns minutos, dedicaranse a xogos relacionados cos números, como por exemplo o “bingo”.

SESIÓN 3:

- XOGO “WHAT’S IN MY BAG?”: utilizando materiais reais para repasar a roupa.
- CANCIÓN “CLOTHES SONG” (MOVIE MAKER).
- ACTIVIDADES EDI.
- ACTIVIDADES LIM.
- En caso de que sobren algúns minutos, dedicaranse a xogos relacionados coa roupa, como por exemplo que se vistan coa roupa que se utilizou na primeira actividade.

SESIÓN 4:

- “TORMENTA DE IDEAS”: comezaremos a sesión cunha tormenta de ideas para saber cales son os coñecementos previos dos nenos e nenas sobre o Halloween, e aproveitaremos para introducirles o vocabulario na lingua estranxeira.
- “FLASHCARDS”: unha vez presentado o vocabulario sobre Halloween (monster, witch, vampiro, ghost, mummy, clown, black cat, pumpkin and haunted house) xogaremos a “HIDE AND SEEK” e “LISTEN AND DO”.
- CANCIÓN.
- HISTORIA “THE 3 LITTLE KIDS” (EDI).
- ACTIVIDADES EDI.

SESIÓN 5:

1. CANCIÓN.
2. HISTORIA (EDI).
3. ACTIVIDADES LIM.
4. CORTAR E PEGAR UNHA CESTA.
5. REPRESENTACIÓN “TRICK OR TREAT” AO FINAL DA CLASE.

Criterios e instrumentos de avaliación

- Repasar vocabulario xa coñecido: colours, numbers and clothes.
- Comprender vocabulario pertencente ao campo semántico de Halloween: monster, witch, vampiro, ghost, mummy, clown, black cat, pumpkin and haunted house.
- Recoñecer a existencia de linguas diferentes á propia, valorando a utilización da lingua inglesa na aula.
- Familiarizarse co uso do EDI e LIM, valorándoos como unha ferramenta máis no seu proceso de aprendizaxe.

- Mostrar interese por comunicarse cos e coas demais, prestando atención e demostrando que se escoita.
- Utilizar estratexias non verbais de maneira adecuada, demostrando atención e comprensión.
- Mellorar a propia competencia comunicativa na lingua estranxeira e tamén nas propias, empregando axeitadamente estratexias non verbais.
- Mostrar unha actitude de respecto e tolerancia cara aos demais compañeiros e profesores.

URL da proposta

<http://www.the3littlekids.blogspot.es>

2. ANIMALS

Cristina Sanmartín Bouza

Xustificación

As cores son un dos primeiros contidos que se dan en infantil e os animais forman parte do seu contorno e sempre lles gusta saber cousas sobre eles.

Nivel

Infantil

Número de sesións

4

Recursos TIC utilizados

Nunha primeira sesión presentaría os contidos co EDI; nunha segunda sesión poderíamos facer uns monicreques (ou debuxos dependendo do tempo e do orzamento) ou debuxos en cartolina e levar a cabo a representación. Na terceira sesión imos á aula de informática e probamos o LIM, que o levarán para as súas casas e o usarán. Na última faremos un mural coas marionetas/debuxos.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística e competencia para aprender a aprender.

Obxectivos

- Coñecer os nomes das cores en inglés.
- Coñecer os nomes dos animais.
- Usar correctamente a frase e a resposta concretas.
- Amosar interese por aprender.

Contidos

- Vocabulario sobre os animais e as cores.
- Práctica da frase:

What can you see?

I can see...

Áreas/Materias/Módulos relacionados

- Linguas.
- Coñecemento do medio.
- Educación artística.

Valores que se traballan

- Aprecio cara ao traballo cooperativo.
- Respecto polos animais.
- Aprender a aprender.

Proposta de tarefas por sesións

Nunha primeira sesión presentaría os contidos co EDI, nunha segunda sesión poderíamos facer uns monicreques (ou debuxos dependendo do tempo e do orzamento) ou debuxos en cartolina e levar a cabo a representación. Na terceira sesión imos á aula de informática e probamos o LIM, que o levarán para as súas casas e o usarán. Na última faremos un mural coas marionetas/debuxos.

Criterios e instrumentos de avaliación

- Traballar diariamente na aula.
- Coñecer os nomes das cores en inglés.
- Coñecer os nomes dos animais.
- Usar correctamente a frase e a resposta concretas.
- Amosar interese por aprender.

URL da proposta

<https://sites.google.com/site/ictyounglearners/>

3. BROWN BEAR

Autora: Rosalía Pérez Gómez

Xustificación

Unidade baseada nun libro do mesmo nome co que se traballarán as formas fónicas da lingua inglesa referentes aos animais e cores.

Nivel

Infantil e 1º curso de primaria

Número de sesións

4

Recursos TIC utilizados

Imaxes dixitais, animacións flash, vídeos, software do EDI e do LIM, software de tratamento da imaxe GIMP e do son Audacity.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia cultural e artística e competencia para aprender a aprender.

Obxectivos

- Facer atraente a lingua inglesa.
- Achegarlles ao alumnado as TIC na aula grazas á interactividade dos recursos.
- Facilitar a aprendizaxe dos contidos anteriormente citados mediante un medio innovador e motivador.
- Provocar o uso oral do inglés en idades temperás.

Contidos

- Cores en lingua inglesa en forma fónica.
- Animais en inglés oral.
- Coñecemento dos sons reais dos animais.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

- Área do coñecemento do contorno para infantil.
- Área de lingua inglesa.

Valores que se traballan

Respecto pola natureza.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1: introdución do conto mediante o libro físico e peluches.

SESIÓN 2: presentación e interacción co LIM.

SESIÓN 3: interacción co LIM.

SESIÓN 4: reforzamento dos contidos co EDI.

SESIÓN 5: execución dun “wallchart” cos coñecemento adquiridos.

Criteria e instrumentos de avaliación

Ao tratarse de alumnos de infantil recorreremos á observación directa nas diversas fases do proceso.

URL da proposta

<http://rosaliascorner.blogspot.com/2010/01/lim-on-brown-bear.html>

4. SILLY BILLY

Genoveva Romero Crego

Xustificación

Ao iniciar o estudo dunha lingua estranxeira e o uso das TIC a unha idade temperá, preténdese que a adquisición da lingua e o manexo das tecnoloxías se realice de xeito lúdico e estimulante, que prepare o alumnado para o proceso continuado que abarcará na súa totalidade o resto da súa formación.

Nivel

Infantil

Número de sesións

4

Recursos TIC utilizados

Uso do EDI, uso e manexo do ordenador, vídeos e xogos en liña.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital e competencia para aprender a aprender.

Obxectivos

- Comprender de forma global o significado do conto.
- Recoñecer de xeito oral o vocabulario da unidade relativo ás cores: RED, BLUE, BLACK, WHITE e PURPLE.
- Recoñecer de xeito oral o vocabulario da unidade relativo ás profesións: COOK, FIREMAN, POLICE, PRINCESS, PIRATE e CLOWN.

Contidos

- escoita e comprensión de forma global o conto SILLY BILLY.
- Discusión e debuxo dos seus propios medos.
- Identificación de cada sombreiro coa profesión correspondente.
- Identificación das cores dos distintos sombreiros.
- Diferentes xogos en liña relacionados con algunha das profesións.
- Visionado dun vídeo e escoita dunha canción relacionada coa profesión correspondente.
- “Etiquetaxe” de pezas de roupa.
- “Etiquetaxe” de partes da cara.
- Crebacabezas dos diferentes sombreiros.
- Debuxos en liña.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

- Lingua estranxeira (inglés)

Valores que se traballan

- EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA: respectar a quenda de palabra así como os “medos” expresados polos compañeiros.
- EDUCACIÓN NON SEXISTA: non facer diferenzas na elección de profesións para nenos e nenas.
- EDUCACIÓN MULTICULTURAL: respectar e comprender distintas tradicións culturais doutros países do mundo.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1:

- Utilizando o SMART ver e escoitar o conto de Silly Billy.
- Avaliar de xeito oral a comprensión do mesmo a través de preguntas.
- Falar das WORRY DOLLS e explicar que teñen orixe noutro país (GUATEMALA).
- A 1ª actividade consiste en debuxar os seus propios medos para que as WORRY DOLLS se encarguen de “despreocupalos”.
- A través dos gorros que asustaban a Billy aprendemos 6 profesións relacionadas cos seus sombreiros (actividades 2 e 3).
- COOK- Xogamos en liña a preparar receitas de cociña.
- Relacionamos cada sombreiro coa súa profesión. Cal falta?
- PIRATE- Xogamos en liña a un xogo de piratas e etiquetamos HAT, BOOTS e JACKET.
- Finalizamos a sesión co vídeo de LAZY TOWN “You are a pirate”.

SESIÓN 2:

- Ver e escoitar de novo o conto Silly Billy.
- Recordar as profesións traballadas na sesión anterior COOK e PIRATE.
- CLOWN- Escoitar a canción do abecedario de forma lúdica.
- Traballar as cores de xeito oral na cara do pallaso repasando partes da cara.
- PRINCESS- Colorear en liña distintas princesas (seguimos traballando cores).

SESIÓN 3:

- Ver de novo o conto Silly Billy.
- Recordar as profesións traballadas nas sesións anteriores COOK, PIRATE, CLOWN e PRINCESS.
- POLICE- Xogo en liña no que debemos marcar o número de teléfono indicado (repaso dos números).
- FIREMAN- Relacionar as cousas pertencentes a esta profesión.
- Repasar as profesións e a actividade que máis lles gustase.

SESIÓN 4:

- LIM- Individualmente ou por parellas traballaremos o conto e distintas actividades relacionadas coas profesións e as cores.

Criterios e instrumentos de avaliación

CRITERIOS:

- Segue as instrucións da clase.
- escoita e entende de xeito global o conto.
- Participa nas actividades.
- Recoñece a nivel oral o vocabulario clave da unidade.
- Mostra interese en aprender.
- Respecta as normas.

INSTRUMENTOS:

- Observación directa.
- Formulación de preguntas orais.
- Nivel de autonomía e desenvolvemento das actividades.
- Visualización dos acertos/erros nas actividades de LIM.

URL da proposta

<http://gemaromero.blogspot.com/>

5. THE CLASSROOM OBJECTS AND THE FARM

Lucía Abilleira Castiñeiras
Mercedes Márquez Rodríguez

Xustificación

Levar a cabo o desenvolvemento de dúas propostas.

Os obxectos da clase e os animais da granxa, repasando os números e a expresión oral do vocabulario traballado.

Nivel

Infantil

Número de sesións

4

Recursos TIC utilizados

- LIM para os obxectos da clase.
- EDI para animais da granxa.
- Medios audiovisuais.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia cultural e artística e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

- Iniciarse no uso oral do inglés para comunicarse en actividades referidas aos aspectos traballados.
- Achegarse á lingua escrita a través do vocabulario aprendido.
- Iniciarse no uso e manexo do ordenador a través de xogos que reforcen e motiven a aprendizaxe da lingua.
- Potenciar a capacidade creativa a través da linguaxe artística para imaxinar, inventar e transformar.
- Achegarse ao emprego das TIC como ferramenta de expresión e comunicación.

Contidos

- Interese por participar en interaccións orais, rutinas e situacións de comunicación en inglés.
- Participación activa e creativa en xogos lingüísticos para divertirse e aprender.
- Achegamento ao uso de ordenador a través de programas de edición de textos, debuxos e sons.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

- Linguaxe: comunicación e representación.
- Coñecemento do contorno: bloque 1. Medio físico.

Valores que se traballan

- Respecto e cooperación cos demais e co seu contorno.
- Crear un clima de aceptación e respecto cara ao traballo dos demais.
- Valorar o traballo propio e o alleo.
- Amor e respecto aos animais.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1: saúdo. Presentación dos obxectos da clase coa axuda do ordenador e manipulando eles os obxectos reais. Despedida.

SESIÓN 2: saúdo, rutina de atención, reforzo do vocabulario dos obxectos a través da canción acompañada de xestos. Adeus.

SESIÓN 3: saúdo, rutina, realización dun xogo para reforzar o vocabulario. Despedida.

SESIÓN 4: saúdo, rutina, reforzar o aprendido a través da tarefa LIM ou EDI para que eles manipulen e aprendan.

Cos animais da granxa seguiremos o mesmo proceso.

Criterios e instrumentos de avaliación

- Recoñecer obxectos e animais ao escoitalos.
- Actitude positiva cara ao inglés e interese por participar.
- Utilizar a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías para comunicarse facendo actividades con autonomía persoal progresiva.
- Estes criterios serán avaliados a través de instrumentos tales como: xogos, cancións, actividades do LIM e do EDI.

URL da proposta

http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/Archivos/Xogos_didacticos/ingles.htm

6. THE THREE BILLY GOATS

Autoras: Elena M^a Castro Villalón
Patricia Conde Cid

Xustificación

The story selected is full of fun with a purpose: to create a communicative situation in English language. Children are highly motivated to listen to stories and this tale is very memorable and encourages children to participate. Moreover, taking into account the diversity at the level of the classroom. teaching a short story like "The three Billy goats" through multimedia-based activities provides our students with a variety of opportunities to use the English language to express themselves.

Nivel

Infantil

Número de sesións

5

Recursos TIC utilizados

- Smart Board
- PPT
- LIM book
- Video camera
- Overhead projector

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia cultural e artística, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

- Learn the names of the characters and become familiar with them.
- Understand oral messages in situations of communication.
- Understand and express themselves through verbal and non-verbal language.
- Recognize and name the color green.
- Listen to and represent the story Three Billy Goats.

Contidos

- Active language: hello, hi, good morning, baby, mummy, daddy, big, grass, I'm hungry, green, grass, bridge, up, down, help, troll.
- Passive language: breakfast, lunch, dinner, mountain, river, nasty, spiders, flies, frogs, mice.

- Classroom language: story time, yes / no, who's this?, This is..., look!, let's..., come with me, sit down, stand up, color..., what's this?, it 's..., cut out, stick, listen
- Identification and use of new vocabulary.
- Identification of basic formulas of the English language: who's this?, it's...
- Acquisition and use of formulas of greeting and farewell.
- Follow the instructions to participate in oral activities.
- Doing actions in mime and movement games and songs.
- Physical response to oral instructions.
- Using the body as expressive resource to communicate.
- Comprehensive understanding of the scenes represented in the digital presentation of the story.
- Understanding of the story by answering verbally and non-verbally.
- Discrimination and proper use of the concepts up and down.
- Identification of green, brown and blue.
- Oral body reply to the teacher's instructions in games and activities in the classroom.
- Working on memory and concentration through games.
- Development of linguistic skills through the digital board.
- Expression of the feeling of hunger.
- Positive attitude towards learning English through stories.
- Interest in participating in situations of oral communication in English.
- Respect among peers.
- Participation in the cleaning and collection of materials.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

- English
- Arts and Crafts
- ICT

Valores que se trabajan

Environmental education: the importance of taking care of animals and the environment itself.

Proposta de tarefas por sesións

1st SESSION:

- To introduce the key vocabulary of the tale, we have a big monster with a plate hanged from his neck. The pictures of vocabulary will pass as if a photographic film. At the same time, we will say "I'm hungry, I like (daddy goat)..."

- To work this tale, we have created a storysack that consists of a cloth bag containing a number of items connected to the story book: figures made in felt representing the characters in the book, a felt apron as stage of tale, the games related to the story, books, videos, CDs with the multimedia material. So, we will show the sack and tell the children the story with the apron and the puppets.

2nd SESSION:

- We will use the digital board to tell the story again. Later, our pupils, in turns, will tell the story, dragging the characters while they are listening to the story. <http://ceipcelanovainmersion.blogspot.com/>

3rd SESSION:

- To perform the next activity, the class will be divided into two teams to play noughts and crosses. A team will be "Goat team" ("Daddy, Mummy and Baby Goat) and the other, "the monster team". The game: each team will have to put three counters in line. Each group will answer questions about the tale. The first team to complete a line wins.
- To determine which group will start the game, we will use the following traditional rhyme: one potato, two potato, three potato, four, five potato, six potato, seven potato more.
- Another game to play will be "Hear and say". The children in groups will practise their listening skills while expressing orally, recognizing the key vocabulary of the story. The mechanism is as follows: once the child listens to the word in the ear column, they have to say its correspondence in the mouth column. The activity is a chain of speech.

4th SESSION:

- We will use the digital board to do some multimedia activities created in a LIM book. <http://www.orospeda.es/majwq/wq/ver/7773>

5th SESSION:

- The children will act out the story which will be recorded with the video camera. Finally, they will have the opportunity to make a poster as a reminder of the story. An image will be projected into a white paper hanging on the wall at children's reach. Following our instructions, they will draw the picture being projected with finger paint. The vocabulary will be reviewed, recycled as well as other lexicon items as body parts, numbers, colours...

Crterios e instrumentos de avaliación

ASSESSMENT CRITERIA:

- We will check if the children have learnt the names of the characters and identified them.
- We will check if they are able to understand oral messages in communicative situations.
- We will check if they are able to understand and express themselves through verbal and non-verbal language.
- We will check if they have identified and named the green colour.
- We will check if they have listened to and showed their understanding of the story Three Billy Goats.

ASSESSMENT INSTRUMENTS:


- We will use observation in all activities, paying attention to their level of comprehension, taking notes of their improvement. We will observe children's attitude towards the learning process through the multimedia resources. So, the evaluation will be carried out through a record of observation that assesses various items.

URL da proposta

<http://www.orospeda.es/majwq/wq/ver/7773>



O INGLÉS EN PRIMARIA

A decorative graphic consisting of several blue hexagons arranged in a staggered, honeycomb-like pattern. One hexagon in the upper right area contains the white letter 'B'.

B

1. EXPLORING YOUR CLASSROOM

Mónica Rodríguez Crecente

Xustificación

A necesidade de que o alumnado coñeza o vocabulario básico para desenvolver a linguaxe da aula.

Nivel

2º Primaria

Número de sesións

4

Recursos TIC utilizados

EDI, LIM, Audacity

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

- Coñecer os obxectos que os rodean na súa vida escolar. Deste xeito poderán comunicarse en situacións sinxelas dunha maneira significativa.
- Amosar interese pola aprendizaxe da lingua estranxeira a través de novos formatos multimedia.
- Aprender a valorar as cousas propias e a respectar as alleas, a través dos obxectos de uso diario no colexio.

Contidos

- Vocabulario sobre os obxectos da clase.
- Descrición de obxectos: cor, tamaño, forma.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

- Linguas
- Coñecemento do Medio
- Matemáticas

Valores que se traballan

- Respecto e coidado do material escolar.
- Consumo responsable.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1:

- Introducción ao tema, coñecementos previos.
- Presentación do vocabulario a través de obxectos reais.

SESIÓN 2:

- Aprendemos e xogamos cunha actividade LIM.

SESIÓN 3:

- Traballamos coa actividade de EDI para reforzar os contidos.

SESIÓN 4:

- Autoavaliación
- Proxecto: creamos o noso dicionario sonoro empregando a ferramenta Audacity.
- Opcional: estender o dicionario a cada unidade do curso para ao final elaborar un arquivo sonoro para cada alumno/a.

Critérios e instrumentos de avaliación

1. Criterios de avaliación curricular:

- Coñece os obxectos que o rodean na súa vida escolar.
- Amosa interese pola aprendizaxe da lingua estranxeira.
- Valora as cousas propias e a respecta as alleas.

2. Instrumentos que se utilizan para avaliar:

- Observación directa.
- Resolución das actividades.

URL da proposta

<http://sites.google.com/site/ictyounglearners/english-language-learning-multimedia-activity-exploring-your-classroom>

2. SEASONS (WEATHER, CLOTHES, FOOD AND FESTIVALS)

Teresa Carballo Lamela
María Jesús Naveira López
Rosa María Suárez Trigo

Xustificación

Unidade didáctica que se levará a cabo por ser un dos contidos fundamentais na Educación Primaria, ademais de ser un tema interesante dada a conexión directa coa realidade e con outras áreas do currículo.

Nivel

2º Primaria

Número de sesións

3

Recursos TIC utilizados

- PDI
- Archivos Flash
- Power Point
- Vídeos
- Audio
- Links

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

- Repasar vocabulario xa coñecido relacionado coa temática proposta.
- Aprender novo vocabulario e estruturas propias do tema.
- escoitar información sobre o tema tratado co fin de entender e reproducir oracións básicas.
- Recitar chants ou cancións para afianzar o vocabulario.
- Facer as actividades propostas empregando as TIC seleccionadas e así mellorar a competencia dixital.

Contidos

- Vocabulario específico relacionado co tema.
- Expresións útiles para a comunicación de información.
- Listening, speaking, reading e writing.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Lingua estranxeira

Valores que se traballan

- Interese polo coñecemento doutras culturas.
- Valoración dos costumes doutros países.
- Conexión entre as semellanzas e diferenzas entre costumes e tradicións propios de Galicia e países de fala inglesa.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1:

- Listening to vocabulary and repeating it.
- Dragging names to pictures.
- Writing.
- Filling the gaps.
- Watching videos.
- Doing games.
- Listening to stories.
- Choosing the right answer.
- Ordering pictures.

SESIÓN 2:

- Listening and repeating vocabulary.
- Listening to a story.
- Comprehension questions about the story.
- Listening and choosing the right answer.
- Describing clothes.
- Games.

SESIÓN 3:

- Watching a power point to introduce vocabulary.
- Matching sentences to pictures.
- Writing the correct words.

Todas estas actividades están desenvolvidas no arquivo Seasons da URL abaixo mencionada, no apartado SEASONS, ACTIVITIES FOR SMARTBOARD.

Os títulos das actividades son:

- SEASONS AND WEATHER
- CLOTHES FOR THE SEASONS
- FOOD AND FESTIVALS IN EACH SEASON

Criterios e instrumentos de avaliación

Os criterios e instrumentos de avaliación que se empregaran serán aqueles que nos permitan comprobar do xeito máis adecuado posible o grao de consecución dos obxectivos.

A avaliación será sempre continuada, prestando especial atención ao interese e esforzo do alumnado, nas tarefas que se realizan diariamente.

Tamén prestaremos unha atención fundamental á nosa práctica docente, co fin de comprobar cales son as actividades que mellor funcionan para acadar os obxectivos iniciais e, ao mesmo tempo, corrixir os erros que vaíamos detectando na programación das actividades.

URL da proposta

<http://inglesrabadeira.blogspot.com/search/label/seasons>

3. THE HOUSE

Margarita Casal Tacón

Xustificación

Elixín o conto tradicional “The three little pigs” porque a casa é un elemento importante da historia.

Nivel

2º Primaria

Número de sesións

2

Recursos TIC utilizados

- Imaxes
- Sons
- Audacity
- Format factory
- Gimp

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

- Entender un conto por medio da lectura.
- Identificar, ampliar e consolidar o vocabulario relacionado coa casa.
- Ampliar vocabulario de accións (leave, build, knock, burns...).

Contidos

- Lectura dunha historia e resposta por escrito de preguntas de comprensión.
- Relación de ilustracións coa súa expresión escrita.
- Observación de ilustracións e escritura de frases.
- Sopas de letras con palabras do vocabulario.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Lingua inglesa

Valores que se traballan

- O éxito a través do esforzo persoal.

Proposta de tarefas por sesións

- Pódese realizar nunha soa sesión.

Criterios e instrumentos de avaliación


- Comprobar que o alumno é quen de identificar vocabulario relacionado coa casa.
- Mostrar comprensión ante a lectura dun conto sinxelo.

URL da proposta

<http://aescardia.blogspot.com/2010/04/proposta-didactica-pale-2009.html>



CLIL PRIMARIA

A decorative graphic consisting of several blue hexagons arranged in a honeycomb pattern. One hexagon in the center contains the white letter 'C'.

C

1. ABOUT FOOD

María Isabel Franco Cabarcos
José Ramón Chouciño Haz
Francisca Josefa Pérez Bouza

Xustificación

A nosa proposta didáctica está concibida para introducir o alumnado no mundo da comida e da súa influencia na nosa saúde, combinando as clases de Lingua Estranxeira, neste caso inglés, cunha sección bilingüe de matemáticas.

Nivel

3º Primaria

Número de sesións

5

Recursos TIC utilizados

As sesións desenvólvense a través de arquivos informáticos realizados cos programas Notebook para Digital Board e EdiLIM.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

- Identificar os nomes de alimentos e grupos de alimentos.
- Aprender e usar “Some” e “Any”.
- escoitar e comprender unha historia.
- Practicar a pronunciación das distintas palabras
- escoitar, ler e comprender pequenos textos informativos.
- Participar en conversacións sinxelas sobre o tema da alimentación.
- Recoñecer os distintos usos e significados dos números.
- Resolver situacións problemáticas en que interveñan os números.
- Recoñecer a utilidade dos números para expresar cantidades das magnitudes que manexamos todos os días e facilitar unha mellor comprensión do contorno.
- Interpretar mensaxes que conteñen números.
- Seleccionar as operacións axeitadas para resolver situacións problemáticas da vida cotiá.
- Desenvolver actitudes de coidado e respecto do propio corpo mediante uns hábitos alimenticios saudables.

- Describir verbalmente os razoamentos e os procesos que interveñen nas distintas operacións.
- Poñer en práctica procesos de razoamento.
- Desenvolver habilidades sociais como o diálogo e o traballo en equipo.
- Potenciar o desenvolvemento de estratexias que faciliten a aprendizaxe autónoma.
- Incorporar a nomenclatura e a terminoloxía matemática á linguaxe habitual.
- Fomentar o desenvolvemento dunha actitude investigadora e crítica.

Contidos

- Vocabulario relacionado coa comida: alimentos, nutrientes, saúde.
- Uso de Some/Any.
- Uso de pronomes interrogativos: what, what time, which, how much...
- Comparación e ordenación de números.
- As ordes de unidades decimais: décima, centésima e milésima.
- Suma e resta de números decimais.
- Fracción como parte dun todo.
- Cálculo da fracción dunha cantidade.
- Cálculo do total coñecida a parte.
- Magnitudes: as unidades de medida do peso e volume no Sistema Métrico Decimal.
- Medidas de tempo: o reloxo.
- Equivalencias monetarias: a libra e o euro.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Matemáticas e Coñecemento do Medio. Linguas Estranxeiras.

Valores que se traballan

- Educación para a saúde: desenvolver hábitos sans de alimentación.
- Educación ambiental: valorar a importancia da conservación e o respecto do medio no noso planeta (reciclar os envases dos produtos alimentarios), e a non contaminación.
- Educación para o consumo: economía persoal. Planificación de gastos.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1: desenvólvese co arquivo Lesson 1 de Notebook.

- Actividade 1: vocabulary revision. Encher o cadro da páxina 1 no caderno e facer unha posta en común oral para reactivar os coñecementos previos na materia.

- Actividade 2: presentación do vocabulario referido a nutrientes (look, listen and repeat). Diálogo dirixido sobre os nutrientes que conteñen os diferentes alimentos.
- Actividade 3: clasificar os alimentos segundo os seus nutrientes principais.

SESIÓN 2: desenvólvese co arquivo Lesson 2 de Notebook.

- Actividade 1: explicación dunha pirámide de alimentación. Ver un vídeo.
- Actividade 2: ver un vídeo sobre Balanced Diet.
- Actividade 3: asociar a proporción de comida axeitada para unha dieta equilibrada coa fracción correspondente.
- Actividade 4: xogo para practicar as proporcións dunha dieta equilibrada.
- Actividade 5: recoñecer e practicar fraccións como partes dun todo e ordenalas de menor a maior.

SESIÓN 3: desenvólvese co arquivo de EdiLIM chamado Lesson 3.

- Actividade 1: ler e conversar sobre as partes do día, as principais comidas diarias e os horarios de comidas en Gran Bretaña e España.
- Actividade 2: varias páxinas de comparación de alimentos e horarios das comidas.
- Actividade 3: telling the time.
- Actividade 4: repaso de vocabulario relativo aos alimentos.

SESIÓN 4: desenvólvese co arquivo de EdiLIM correspondente á Lesson 4, Cooking a Spanish omelette.

- Actividade 1: seleccionar os ingredientes necesarios para unha tortilla de patacas.
- Actividade 2: ler a receita da tortilla.
- Actividade 3: completar con Some/Any.
- Actividade 4: páxina de enlaces. Consiste en investigar en catro supermercados británicos canto teríamos que gastar para facer unha tortilla. Divídese a clase en grupos de 4 ou 5 alumnos cada un e asígnaselle a cada grupo unha das ligazóns da páxina. Terán que seleccionar os alimentos necesarios e calcular o prezo total. Facemos unha comparación: Which is the most expensive one?, Which is the cheapest one?...
- Actividade 5: investigamos na ligazón de Currency Converter, canto correspondería ao custo en euros.

SESIÓN 5: desenvólvese co arquivo de EDI chamado Lesson 5.

- Actividade 1: ver o vídeo “At the restaurant”.
- Actividade 2: resolver o quiz sobre o vídeo.
- Actividade 3: cálculo intuitivo de volume.
- Actividade 4: medidas de capacidade.
- Actividade 5: correspondencias entre medidas de capacidade.

Criterios e instrumentos de avaliación

Realizarase unha avaliación continua e formativa baseada na observación do desenvolvemento de cada actividade. A maioría das actividades xa implican unha autoavaliación e permiten a coavaliación:

- Identifica e usa axeitadamente os nomes dos alimentos, os referidos a grupos de alimentos e nutrientes, partes do día e nome das comidas principais.
- Discrimina e usa con corrección “Some”, “Any”, “An/A” e pronomes interrogativos.
- Participa en diálogos relativos ao tema de forma comprensible.
- Comprende a idea principal e información específica en textos orais e escritos adaptados ao nivel.
- Identifica situacións nas cales se utilizan os números.
- Comprende as regras de formación de números no sistema de numeración decimal e utiliza as equivalencias entre ordes de unidades.
- Coñece o valor de posición de cada unha das cifras dun número.
- Compara e ordena números.
- Resolve problemas en que interveñen as operacións con números decimais.
- Calcula a fracción dunha cantidade.
- Calcula o total, coñecido o valor da parte e a fracción que a devandita parte supón do total.
- Resolve problemas en que aparece o concepto de fracción dunha cantidade.
- Identifica magnitudes de peso e volume.

URL da proposta

<http://jellywall10.blogspot.com>

2. HEALTHY FOOD

Marco Antonio Lago Suárez

Xustificación

O tema dos alimentos, a alimentación e a saúde é un tema especialmente importante na vida cotiá dos alumnos, por iso pensamos que é un tema adecuado para traballar tamén na clase de inglés.

Nivel

3º Primaria

Número de sesións

4

Recursos TIC utilizados

Ordenadores, encerado dixital, proxector...

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital e competencia para aprender a aprender.

Obxectivos

- Presentar e practicar vocabulario de froitas e verduras.
- Aprender linguaxe de aula e cotiá: falar e pedir comida.
- Preparar unha receita de cociña, aprendendo vocabulario e expresións adecuadas.
- Representar un diálogo curto.
- Desenvolver a comprensión oral e escrita.
- Presentar e practicar estruturas: I like/don't like, He/she likes/doesn't like...
- Aprender e distinguir a estrutura I love.../I hate...
- Facer actividades escritas para practicar o vocabulario e as estruturas novas.
- escoitar e ler inglés cotián.

Contidos

- Vocabulario relacionado con froitas e verduras.
- Práctica dialóxica.
- Clasificación en táboas dos alimentos que nos gusten e os que non.
- As receitas.

- Un menú saudable.
- Os grupos de alimentos.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Coñecemento do Medio, Ciencias Naturais e Inglés.

Valores que se traballan

- A saúde.
- Dieta Equilibrada.
- A importancia e a incidencia que ten o que comemos na nosa saúde.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1:

- Presentación do vocabulario. Coa axuda das flashcards adecuadas, o mestre vai presentando o vocabulario necesario para a unidade. Tanto o vocabulario novo como algún de repaso. Despois procuramos a aprendizaxe deste vocabulario mediante repeticións (drills).
- Number-word. Para esta actividade pegamos as flashcards no encerado con blutak e escribimos un número ao lado de cada unha. Despois dicímoslles a varios alumnos, de un en un, un número. O alumno en cuestión ten que pronunciar correctamente o nome do alimento que se corresponde co número que lle tocou (repetir varias veces).
- What's missing? Nesta actividade aproveitaremos que temos as flashcards pegadas no encerado. Mandaremos pechar os ollos aos alumnos, e mentres quitaremos 2 ou 3 flashcards. A continuación mandámoslles abrir de novo os ollos e preguntaremos "What's missing?". Os alumnos por quendas teñen que adiviñar o nome dos alimentos que faltan (repetir varias veces).
- Campionato de fútbol. Agora precisaremos a actividade "FOOTBALL MATCH" do EDI ademais das flashcards. Dividimos a clase en 4 equipos. Sorteamos os partidos (semifinais e final. Se vemos que ao final temos tempo, podemos xogar o 3º e 4º posto). Sortearemos tamén que equipo saca de centro en cada partido. Este xogo de vocabulario consiste en, por quendas, ensinarlle a cada membro do equipo unha flashcard para que diga o seu nome e o pronuncie correctamente. Se acerta e o fai ben, o balón avanza cara ao seguinte compañeiro, que está a continuación no campo, e así sucesivamente ata que o balón chega ao último xogador, o dianteiro, que se acerta marca un gol. No momento en que algún xogador do equipo falla a resposta, non pronuncia ben... o balón é roubado polo xogador do equipo contrario máis próximo ao que ten a pelota, e comeza a atacar. Debemos pactar previamente tamén a fin do xogo. Pode ser por nº de goles, por tempo etc. Se temos empate desfarémolo por penaltis.
- Actividades LIM: crebacabezas e parellas (imaxe con imaxe).

SESIÓN 2:

- EDI: HEALTHY FOOD. Repasamos e afianzamos o vocabulario con esta actividade feita para o EDI. Pódese facer individual ou por parellas dependendo dos medios dos que dispoñamos (ordenadores). Nela os alumnos escoitan a pronunciación e comprobamos a escrita do vocabulario da unidade:
1. LIM: varias. A continuación os alumnos realizaran diferentes tarefas deseñadas co EdILIM.
 2. Sopas de letras (con enunciados).
 3. Sopas de letras (con imaxes).
 4. Etiquetar os alimentos.

5. Escribir os nomes dos alimentos.
 6. Asociación. Parellas. Emparellar as imaxes dos alimentos cos seus nomes nun tempo limitado.
 7. Palabra segrega. Os alumnos teñen que adiviñar de que alimento se trata coas pistas que se dan.
 8. Clasificar os alimentos segundo as diferentes categorías.
 9. Raios X. Os alumnos investigan con Raios X e escriben os alimentos que comeu un neno.
- Estruturas novas: introducimos na clase as estruturas seguintes: I like/don't like—He/She likes/doesn't like. Damos as explicacións oportunas e poñemos diferentes exemplos.
 - Ficha estruturas: os alumnos fan unha ficha na que teñen que escribir diferentes frases dicindo que alimentos lles gustan a eles mesmos e tamén sobre dous compañeiros.

SESIÓN 3:

- Repaso breve do vocabulario da unidade cas flashcards (Drills).
- At the restaurant. Nesta actividade do EDI somos os camareiros dun restaurante e temos que servirle no prato aos clientes a comida que pidan (arrastramos as imaxes que correspondan enriba do prato). Repetir varias veces cambiando os alimentos.
- Estruturas. Repasamos as estruturas vistas na sesión anterior (I Like/don't like ...) e despois pasamos a introducir a súa interrogativa e a forma correcta de responder a mesma: Do you like...? Yes, I do. / No, I don't. ----- Does He/She like...? Yes, He/She does. / No, He/She doesn't.
- Diálogo/Role play. Por parellas, teñen que manter un pequeno diálogo facéndose preguntas sobre os seus gustos en comida. Primeiro, varias parellas farano diante dos demais a modo de exemplo, e despois todos os alumnos por parellas practícanos nos seus sitios mentres o mestre pasea pola clase e se asegura de que todos falan e de que o fan correctamente.
- Estrutura: I love/I hate. Introducimos esta nova estrutura e damos as explicacións oportunas e exemplos.
- Ficha: nesta ficha os alumnos teñen que clasificar todos os alimentos vistos en 4 categorías dependendo dos seus gustos: I like/ I don't like / I love / I hate.

SESIÓN 4:

- Repaso. Repasamos brevemente o vocabulario e as estruturas vistos na unidade.
- EDI: vínculo. Os alumnos teñen que seguir o vínculo proposto nesta actividade deseñada no EDI na procura de máis información sobre os alimentos, os grupos de alimentos, a pirámide alimenticia, etc. Pero antes formularémolles varias preguntas xerais: cantos grupos de alimentos hai?, que alimentos os compoñen?, etc.
- Unha Dieta Equilibrada. Despois de ler toda a información sobre os alimentos, os alumnos teñen que escribir un menú equilibrado para un día completo (5 comidas). Logo poranse en común e compararán algúns deles.
- EDI: Vídeo. Esta vez os alumnos verán un vídeo sobre como preparar unha receita sinxela pero saudable: un batido de froitas.
- Ficha Vídeo. A continuación de ver o vídeo, os alumnos teñen que cubrir unha ficha coa información máis importante. Axudaremos neste punto todo o necesario.
- A Receita. Por último, unha vez visto o vocabulario necesario para cubrir os pasos dos que consiste a receita, os alumnos escribirán nos seus cadernos a súa propia versión da receita do batido de froitas.

Cráterios e instrumentos de avaliación

- Pronunciar e escribir correctamente o vocabulario e as estruturas da unidade.
- Manter unha conversa sinxela correctamente.
- Observación directa dos alumnos.
- Actividades escritas.
- Informe de erros de LIM.

URL da proposta

<http://sites.google.com/site/malseworld/proposta-didactica>

3. REUSING IN ART

María Isabel Blanco Pumar

Xustificación

Reusing in Art é un proxecto en común de Plástica e Inglés que ten como obxectivo a concienciación do alumnado no que se refire ao uso de materiais de refugallo para poder elaborar xoguetes ou decoracións aproveitando, neste caso, caixas de zapatos, habituais en todos os fogares e que, doutra maneira, irían ao lixo. Este proxecto fomenta a exploración e a creatividade e traballa valores como a Educación Medioambiental.

Nivel

3º Primaria

Número de sesións

6

Recursos TIC utilizados

- O ordenador
- O EDI
- A cámara dixital

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

- Comprender textos orixinais na lingua estranxeira.
- Utilizar a lingua estranxeira como medio de comunicación cando sexa posible.
- Coñecer o vocabulario básico para falar de materiais.
- Dar instrucións sinxelas na lingua estranxeira.
- Indagar na rede sobre as posibilidades plásticas e artísticas dos elementos de refugallo.
- Recoñecer os sistemas de redución, reutilización e reciclaxe.
- Mostrar unha actitude crítica ante as prácticas sociais que dificultan un comportamento responsable.
- Elaborar manualidades seguindo instrucións.
- Realizar un proxecto final aplicando diversas técnicas artísticas e utilizando materiais de refugallo.
- Crear hábitos responsables de consumo.
- Traballar cooperativamente para chegar a un fin común.

Contidos

- Materiais da vida cotiá (caixas, latas, botellas de plástico...).
- Accións (cut, fold, glue, paint...).
- Imperativo
- Termos de cohesión (primeiro, despois, finalmente).
- Redución, reutilización e reciclaxe.
- Técnicas artísticas (collage, pintura con témpera, debuxo...).
- Manipulación e exploración de diversos materiais e técnicas.
- Composición de obxectos utilizando materiais de refugallo.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Lingua estranxeira, Educación Plástica e Coñecemento do medio social e natural.

Valores que se traballan

Educación para o consumidor e Educación Ambiental.

En menor medida, tamén están presentes a Educación moral e cívica, posto que os alumnos teñen que colaborar e respectar as normas para poder traballar cooperativamente, e tamén a Educación para o lecer porque están a elaborar manualidades que lles servirán para o seu tempo libre de xogo.

Proposta de tarefas por sesións

A secuencia de sesións está feita tendo en conta os horarios da materia de Educación Plástica no meu colexio. Por iso, debo dicir que a sección bilingüe que estou impartindo ten unha duración soamente de 45 minutos e que ten lugar á última hora da tarde cando o alumnado ten que marchar para a casa.

SESIÓN 1:

- O alumnado terá que responder á pregunta “What is reusing?” despois de visionar o videoclip da canción de Reduce, Reuse, Recycle no taboleiro dixital. Traballárase coa canción e co seu significado para que os alumnos a poidan posteriormente cantar.
- Os alumnos darán exemplos de reutilización de obxectos comúns na vida cotiá.

SESIÓN 2:

- No taboleiro dixital, o alumnado verá “A reusing story”, unha historia sobre unha caixa de zapatos dende que se elabora ata que chega ás mans do consumidor. A mestra realizará preguntas sobre a comprensión da historia e finalmente entre todos intentarase dar resposta á cuestión final que aparece no conto “What can we do? How can we help?”
- Realizaremos unha chuvia de ideas “brainstorming” no taboleiro dixital que nos servirá para o proxecto final.

SESIÓN 3:

- Nesta sesión os alumnos en parellas utilizarán o ordenador para acceder á rede a través daqueles links propostos por min e onde terán que buscar manualidades en páxinas de lingua inglesa feitas con materiais de refugallo. Deberán escoller unha manualidade de fácil comprensión e intentar levala a cabo entre esta sesión e a seguinte, tendo en conta os materiais que necesitan e dos que poidan dispor.

SESIÓN 4:

- Nesta sesión os alumnos traballarán libremente e elaborarán aquela manualidade que escolleron na sesión anterior. O mestre axudaralles na comprensión dos diferentes pasos.
- Os alumnos que rematen, mentres esperan polos demais, poderán acceder a un xogo en rede colgado na actividade onde teñen que ir colocando unha serie de materiais no colector de lixo que lles corresponde.

SESIÓN 5:

- Cada parella exporá a súa manualidade diante dos demais e nomeará na lingua estranxeira os materiais que utilizou.
- Finalmente, a mestra explicará o proxecto final que teñen que realizar. En grupos de 3, os alumnos teñen que inventar unha manualidade reutilizando unha caixa de zapatos. Terán que escribir no procesador de textos os materiais e as instrucións para levalo a cabo (como nunha receita de cociña) utilizando o tempo imperativo. O mestre axudaralles na redacción proporcionándolles vocabulario útil e exemplos.

SESIÓN 6:

- O alumnado realizará o proxecto final (a receita da manualidade mais a manualidade). Cando estea rematado, sacaranse fotos das manualidades para achegar ao documento de texto coas instrucións. Logo uniranse en PDF todos os proxectos e farase un libro en rede para que todos poidan ver os traballos feitos.

Criterios e instrumentos de avaliación

Para poder avaliar o alumnado no que se refire á materia de Educación Plástica, teranse en conta os seguintes criterios, establecidos no currículo vixente e adaptados ao terceiro ciclo:

- Producir obras plásticas de forma cooperativa que impliquen organización espacial, uso de materiais diversos e aplicación de diferentes técnicas e instrumentos.
- Comprobar as posibilidades de aplicación de materiais, de texturas, de formas e de cores sobre diferentes soportes.
- Usar adecuadamente as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de producións plásticas sinxelas.

A observación será o elemento clave para poder avaliar o traballo do alumnado durante todo o proceso. Avaliarase a súa participación e o seu esforzo así como tamén a súa capacidade creativa no proxecto final.

A autoavaliación xogará tamén un papel importante, xa que o alumno debe considerar o seu progreso durante as diferentes sesións e avaliar a súa melloría.

URL da proposta

<http://centros.edu.xunta.es/ceipvilardebarrio/?q=category/19/73Reusing in Art>

4. THE WORLD OF MARUXA MALLO

Belén Pérez Vijande

Xustificación

A área de educación artística é fundamental para que o noso alumnado acade unha axeitada competencia cultural e artística. Esta competencia, segundo aparece reflectida no Decreto 130/2007 polo que se establece o currículo de educación primaria, supón coñecer, comprender, apreciar e valorar distintas manifestacións artísticas e, asemade, consideralas como parte fundamental do patrimonio dos pobos.

Para desenvolver as capacidades anteriormente mencionadas, precísase traballar dentro da aula habilidades de pensamento, de percepción, de sensibilidade e de sentido estético. Xa que logo, co estudo e análise da obra desta grande pintora e artista, Maruxa Mallo, as alumnas e os alumnos iniciaranse na observación reflexiva dunha obra de arte, para despois aplicar estas características nas súas creacións.

Esta autora foi a escollida polas seguintes razóns:

- Foi unha muller realmente importante no movemento surrealista do seu tempo. Así, promovemos a co-educación. Isto é, ao estudar a obra dunha muller que se pode considerar como triunfadora ráchanse, en certa maneira, os estereotipos machistas dunha sociedade en que parece que o xénero masculino é o único capacitado para destacar profesionalmente.
- Ao ser esta artista nada nunha localidade da Galicia, en Viveiro, potenciamos a valoración do propio. Así, o noso alumnado será quen de ollar para o seu contorno cunha nova mirada, valorando a súa realidade e crendo nas súas propias posibilidades.

Nivel

3º Primaria

Número de sesións

4

Recursos TIC utilizados

- Smart Notebook 10
- Edilim 3.2
- GIMP 2.6
- Format Factory

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística e competencia para aprender a aprender.

Obxectivos

- Desenvolver mecanismos para educar unha sensibilidade estética á hora de valorar a obra de Maruxa Mallo.
- Coñecer e valorar a figura da artista galega Maruxa Mallo, favorecendo a percepción da orixinalidade como un valor engadido na creación artística.
- Identificar algunha das características das súas pinturas, en especial nos seus retratos femininos.
- Explorar e coñecer técnicas específicas da pintura á hora de realizar o retrato dunha persoa.
- Incentivar a expresión oral do alumnado ao describir unha obra propia, das súas compañeiras e compañeiros ou da pintora.
- Ler de forma comprensiva distintos parágrafos sobre a vida de Maruxa Mallo co fin específico de ordenala cronoloxicamente.
- Incentivar a expresión oral do alumnado ao ter que describir de forma sinxela unha pintura de Maruxa Mallo ou das compañeiras e compañeiros, expresando a súa opinión sobre a mesma e utilizando vocabulario específico de partes da cara e pelo.
- Valorar a lingua inglesa como medio de comunicación coas súas compañeiras e compañeiros, de expresión das súas propias ideas e de coñecemento de contidos relacionados con Maruxa Mallo.

Contidos

- Observación de volumes e de texturas, de perspectiva, de bidimensionalidade e de características notorias e definitorias nas imaxes e nas obras de Maruxa Mallo.
- Exploración das características, elementos e técnicas que algunha das obras artísticas de Maruxa Mallo ofrecen e suxiren para a súa recreación e creación de obras novas.
- Diálogo ante unha obra de arte expresando o que gusta e non gusta, como se sente cadaquén, o que pensan ou o que lles recorda, identificando o significado que poidan ter certos elementos da obra (a cor, a liña, a técnica empregada, a luz, a perspectiva...) coas sensacións producidas.
- Valoración positiva da diversidade de opinións, de xuízos, de gustos e de argumentos relacionados coa expresión plástica.
- Interese por coñecer producións artísticas do patrimonio cultural galego e por obter información sobre as persoas que as produciron.
- Composición dunha peza artística recreando os aspectos das obras artísticas analizadas de Maruxa Mallo, logo de informarse sobre a obra, a época de elaboración e a autora.
- Apreciación da orixinalidade como fundamento da conduta creativa e respecto ás obras doutras persoas.
- Exploración das posibilidades expresivas de estruturas sintácticas sinxelas e de vocabulario relativo á figura humana para describir obras da pintora Maruxa Mallo.
- Emprego da lingua estranxeira como instrumento para unha aprendizaxe integrada, coa finalidade de acadar novos coñecementos artísticos.
- Lectura e comprensión dun texto sobre a vida de Maruxa Mallo en soporte papel e dixital, adaptadas á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento da tarefa de ordenar a súa vida.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

- Educación artística.
- Lingua Inglesa.
- Coñecemento do Medio.
- Matemáticas.
- Valores que se traballan.
- Coeducación.
- Valoración do contorno.

Proposta de tarefas por sesións

A presente unidade poderá ser desenvolvida en 4 sesións:

SESIÓN 1:

- Introducción á figura de Maruxa Mallo (formato EDI).
- A súa vida e principais características da súa obra (formato EDI).
- Pautas para a realización dun retrato (formato EDI).

SESIÓN 2:

- Obras de Maruxa Mallo (formato LIM).
- Vocabulario relacionado coa realización dun retrato (formato LIM).

SESIÓN 3:

- Realización dun bosquexo dun retrato.
- Iniciación da realización do retrato.

SESIÓN 4:

- Realización e finalización do retrato.

Cráterios e instrumentos de avaliación

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Organizar información sobre a vida e obra da artista Maruxa Mallo.
- Formular opinións propias e persoais acerca das manifestacións artísticas tanto da autora estudada, como das realizadas polo resto das compañeiras e compañeiros.
- Producir obras plásticas que impliquen unha organización espacial e o uso de instrumentos e materiais axeitados.
- Crear de forma persoal e autónoma un retrato seguindo algunhas directrices da obra de Maruxa Mallo.
- Identificar algunha das obras e principais liñas pictóricas de Maruxa Mallo.
- Describir unha obra de Maruxa Mallo utilizando estruturas e vocabulario traballado previamente.

- Identificar información específica nun texto escrito sobre a vida de Maruxa Mallo.
- Valorar a lingua inglesa como un instrumento válido de comunicación, expresión e coñecemento dentro dun contexto non puramente lingüístico.
- Amosar tolerancia e respecto cara ás diferenzas de todo tipo, así como das opinións alleas.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- Observación directa do traballo realizado en cada unha das catro sesións. Prestarase unha atención especial ao esforzo e interese que se amose en cada unha das actividades.
- Análise dos traballos presentados, valorando unha presentación coidada e de calidade mínima.
- Cuestionario ao final do proxecto, no que o alumnado reflexionará sobre o que aprenderon, cales foron as actividades máis difíciles e cales as que lles resultaron máis útiles.

URL da proposta

<https://sites.google.com/site/fiftyfiftybelenpv/>

5. ABOUT FOOD 1

Pablo Fernández Bello
Ana M^a Fernández Jacob
M^a Esther Costal Vilanova

Xustificación

O traballo presentado xorde como percepción dende a realidade de aula do interese dos rapaces e rapazas por coñecer máis sobre unha unidade de contidos como é a comida traspasando/indo un pouco máis alá dos coñecementos adquiridos noutros cursos. Tratamos, pois, de ofrecer un amplo abano de posibles actividades secuenciadas dende un enfoque interdisciplinar e sen esquecer o desenvolvemento das competencias básicas.

Unha das novidades metodolóxicas que promove a nova lei de educación no estudo das linguas estranxeiras parte da aplicación do enfoque metodolóxico da lingüística aplicada: AICLE (Aprendizaxe Integrado de Linguas Estranxeiras e outros Contidos Curriculares) e que invita ao estudo doutras materias.

A énfase desta metodoloxía recae na significatividade das tarefas, na resolución de problemas, na experimentación, no “aprender facendo”. Por iso, o deseño destas actividades a través das TIC, metodoloxía repetitiva e actual, póñense de manifesto para captar o interese do alumnado.

Nivel

3º Primaria

Número de sesións

4

Recursos TIC utilizados

All about food1: EDI, Audacity, Link, blogger, Format Factory, Flash Player, Magix Video.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

- Saber ler un menú de distintos establecementos.
- Ser capaces de pedir, solicitar información e comida nun restaurante.
- Identificar e descubrir bandeiras e músicas de diferentes países.
- Coñecer pratos típicos de diferentes países.
- Ler textos breves ao tempo que se practica o esquema propio dunha receita culinaria.
- Favorecer un enfoque interdisciplinar, conectando con áreas como a de Coñecemento do Medio e a Música.
- Identificar as horas relacionándoas cos horarios das comidas.
- Clasificar os distintos alimentos en función dos grupos alimenticios.

- Construír a pirámide dos alimentos.
- Elaborar un menú adecuado para a saúde identificando a comida saudable e a non saudable.
- Identificar os nutrientes dos distintos alimentos.
- Mostrar interese pola alimentación e a importancia na saúde recoñecendo o seu valor como aspecto sociocultural de cada país.

Contidos

- Información persoal acerca da comida.
- Vocabulario dos alimentos.
- Estruturas gramaticais (like, dislike, there is, there are).
- Deletreo de palabras relacionadas coa alimentación.
- Pirámide dos alimentos.
- Grupos das comidas.
- Busca de información.
- Elaboración de receitas.
- Nutrientes dos alimentos: Carbohydrates, Proteins, Vitamins, Minerals, Fats.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

- Coñecemento do medio
- Área de lingua estranxeira
- Educación musical
- Educación artística

Valores que se traballan

EDUCACIÓN PARA A PAZ: respecto cara a outros países, as súas linguas, culturas e tradicións.

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA: respecto cara aos gustos e preferencias dos demais.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE: importancia de non asignar a un sexo a realización das tarefas domésticas.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR: comprensión da necesidade de facer un consumo responsable atendendo aos intereses dos produtores e redundando na calidade dos produtos de compra.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: recoñecemento da importancia de ter unha alimentación saudable e hábitos de hixiene.

EDUCACIÓN AMBIENTAL: importancia de contribuír ao coidado da natureza realizando unha correcta separación de residuos ocasionados polos hábitos de comida diarios.

Metodoloxía: consideramos que empregando a lingua estranxeira coa axuda das TIC, favorece a integración e globalización das aprendizaxes e fomenta a autoestima, polo que ademais dos propios criterios de avaliación, comprobaremos que o alumnado cumpra con estas orientacións metodolóxicas.

Construción da propia aprendizaxe: empregaremos unha metodoloxía baseada no descubrimento guiado e colectivo. O alumnado deberá implicarse activamente na súa aprendizaxe polo que nós, como guías do proceso, tentaremos adaptar as actividades propostas en función das características de cada quen. As tarefas propostas serán significativas e estarán integradas en proxectos que estimulen o interese do alumnado (contos, obras de teatro, exposicións, presentacións multimedia...).

Enfoque comunicativo: que dirixirá a comunicación oral, moi presente na clase de inglés e nas actividades previas de análise e planificación da tarefa, no proceso e na exposición, avaliación e crítica das mesmas.

Traballo colaborativo: pretendemos que o noso alumnado sexa quen de traballar en grupo, de forma cooperativa e solidaria e respectuosa coas diferenzas, polo que seleccionaremos os materiais e planificaremos o deseño dos proxectos tendo en conta ditos obxectivos.

Diversidade: xa que unha das nosas finalidades é preparar as nosas nenas e os nosos nenos para unha realidade multicultural, procuraremos mostrarlles e ofrecerlles a oportunidade de traballar arredor dunha grande variedade de obras plásticas, exemplificacións e mensaxes. Variaremos tamén o tipo de proxectos de carácter artístico, as fontes, recursos, materiais e soportes. Atenderemos tamén á diversidade e ás diferenzas en canto ritmos e formas de adquisición do coñecemento (Gadner, 1999), na planificación, esollas e deseño de actividades para levar a cabo na nosa aula.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1:

- Exposición de vocabulario dos distintos tipos de alimentos: Vegetables and fruit, Meat and fish, Sweets, Cereals. Identificando o son e a pronuncia de cada un.
- Match images and names.
- Exposición dos grupos alimenticios para elaborar unha pirámide alimenticia.

SESIÓN 2:

- Elaboración da pirámide alimenticia: link informativo á páxina de internet: www.kidshealth.org
- Clasificación das imaxes dos alimentos na pirámide.
- Identifica os sons dos alimentos e etiquétaos.
- Presentarlles a solución, pero teñen que escribir os alimentos que faltan.

SESIÓN 3:

- Repaso do vocabulario anterior e introducir o concepto Healthy and Non-healthy food.
- Escoita e visionado dunha exposición de contidos en EDI sobre Alimentación Saudable e os nutrientes.
- Elaboración dun pequeno test de avaliación da atención.
- Repaso da pirámide alimenticia e a cantidade que temos que inxerir diariamente.
- Clasificar distintos alimentos no seu grupo (co nome do grupo e sen o nome do grupo).

SESIÓN 4:

- Repaso da pirámide unindo os grupos coa parte da pirámide correspondente.
- Introducción-exposición dos nutrientes: Vitaminas, Proteínas, Minerais, Fats.

- Relacionar os nutrientes cos grupos da pirámide.
- Multiple Choice de repaso dos contidos adquiridos.
- Exercicio para a casa de anotar os seus hábitos alimenticios nas distintas categorías.

SESIÓN 5:

- Repaso cun vídeo dos grupos alimenticios.
- Repaso dos grupos con exemplos e nutrientes.
- Hábitos de hixiene: 2 songs (wash your hands and brush your teeth).
- Relacionamos hábitos de hixiene para todas as comidas do día: Breakfast, Mid-morning snack, Lunch, Mid-afternoon snack, Dinner, Before bedtime.
- A través dunha actividade de arrastrar imaxes no EDI, relacionan alimentos coas partes do día intentando crear unha alimentación saudable.

Criterios e instrumentos de avaliación

- Ler un menú de distintos establecementos.
- Piden e solicitan información e comida nun restaurante.
- Identifican e descubren bandeiras e músicas de diferentes países.
- Coñecen pratos típicos de diferentes países.
- Len textos breves ao tempo que practican o esquema propio dunha receita culinaria.
- Identifican as horas relacionándoas cos horarios das comidas.
- Clasifican os distintos alimentos en función dos grupos alimenticios.
- Constrúen a pirámide dos alimentos.
- Elaboran un menú adecuado para a saúde identificando a comida saudable da non saudable.
- Identifican os nutrientes dos distintos alimentos
- Mostran interese pola alimentación e a importancia na saúde recoñecendo o seu valor como aspecto sociocultural de cada país.

URL da proposta

<http://schoolsoverseas.blogspot.com/2010/10/all-about-food-forever.html>

6. ABOUT FOOD 2

Susana Bartos Lorenzo
Noelia Ríos Gayoso
M^a Consuelo Prelchi Gallego

Xustificación

O traballo presentado xorde como percepción dende a realidade de aula do interese dos rapaces e rapazas por coñecer máis sobre unha unidade de contidos como é a comida traspasando/indo un pouco máis alá dos coñecementos adquiridos noutros cursos. Tratamos, pois, de ofrecer un amplo abano de posibles actividades secuenciadas dende un enfoque interdisciplinar e sen esquecer o desenvolvemento das competencias básicas.

Unha das novidades metodolóxicas que promove a nova lei de educación no estudo das linguas estranxeiras parte da aplicación do enfoque metodolóxico da lingüística aplicada: AICLE (Aprendizaxe Integrado de Linguas Estranxeiras e outros Contidos Curriculares) e que invita ao estudo doutras materias.

A énfase desta metodoloxía recae na significatividade das tarefas, na resolución de problemas, na experimentación, no “aprender facendo”. Por iso, o deseño destas actividades a través das TIC, metodoloxía repetitiva e actual ponse de manifesto para captar o interese do alumnado.

Nivel

3º Primaria

Número de sesións

5

Recursos TIC utilizados

LIM, Format Factory, Audacity, Link, Blogger

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

- Saber ler un menú de distintos establecementos.
- Ser capaces de pedir, solicitar información e comida nun restaurante.
- Identificar e descubrir bandeiras e músicas de diferentes países.
- Coñecer pratos típicos de diferentes países.
- Ler textos breves ao tempo que se practica o esquema propio dunha receita culinaria.
- Favorecer un enfoque interdisciplinar, conectando con áreas coma a de Coñecemento do Medio e a Música.
- Identificar as horas relacionándoas cos horarios das comidas.
- Clasificar os distintos alimentos en función dos grupos alimenticios.

- Construír a pirámide dos alimentos.
- Elaborar un menú adecuado para a saúde identificando a comida saudable e a non saudable.
- Identificar os nutrientes dos distintos alimentos.
- Mostrar interese pola alimentación e a importancia na saúde recoñecendo o seu valor como aspecto sociocultural de cada país.

Contidos

- O tempo e as horas.
- Horarios das comidas.
- Usos horarios.
- Comidas do mundo.
- Bandeiras como identificador cultural de cada país.
- Xeografía de distintos países.
- Elaboración de receitas.
- Lectura comprensiva de textos.
- Fórmulas de cortesía en distintos contextos.
- Áreas/Materias/Módulos relacionados.
- Coñecemento do medio.
- Área de lingua estranxeira.
- Educación musical.
- Educación artística.

Valores que se traballan

- EDUCACIÓN PARA A PAZ: respecto cara a outros países, as súas linguas, culturas e tradicións.
- EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA: respecto cara aos gustos e preferencias dos demais.
- EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE: importancia de non asignar a un sexo a realización das tarefas domésticas.
- EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR: comprensión da necesidade de facer un consumo responsable atendendo aos intereses dos produtores e redundando na calidade dos produtos de compra.
- EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: recoñecemento da importancia de ter unha alimentación saudable e hábitos de hixiene.
- EDUCACIÓN AMBIENTAL: importancia de contribuír ao coidado da natureza realizando unha correcta separación de residuos ocasionados polos hábitos de comida diarios.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1:

- Expresar emocións respecto aos alimentos: I like, I love, I hate. Actividade EDI.
- Completar texto coas expresións There is // There are e os nomes dos alimentos. Actividade EDI.
- O alumnado responde distintas preguntas que se expoñen no EDI con imaxes de referencia.
- Preparar un menú para os seus avós o máis saudable posible, a través dun link que os leva a unha pirámide específica para diabéticos (en atención á diversidade).

SESIÓN 2:

- Retomamos os horarios das comidas no día e comezamos a explicar por que son diferentes en distintos países, a través do Meridiano de Greenwich.
- Repaso das horas, poñer as horas nos seguintes reloxo. Actividade LIM.
- Relacionar diferentes alimentos con momentos a través do LIM, repasando unha actividade previa.
- Resolver un encrucillado relacionando reloxo e alimentos. Actividade LIM.

SESIÓN 3:

- Volvemos identificar diferentes alimentos en relación coas distintas partes do día, pero en distintos países (observamos os cambios nos hábitos de alimentación). Actividade LIM.
- Relacionar os distintos horarios das comidas en distintos países para diferencialo do propio. Actividade LIM.
- Situar as agullas dun reloxo segundo o horario de comidas de cada país: Ex: time for breakfast in England or Germany... Actividade LIM.
- Identificar bandeiras cos seus países, podendo empregar Internet como recurso de busca de información.

SESIÓN 4:

- Presentar e localizar nun mapa os países de diferentes continentes, identificando as bandeiras xa traballadas. Actividade LIM.
- escoitar música e identificala cos países traballados anteriormente. Actividade LIM.
- Coñecer e escribir pratos de diferentes países. Actividade LIM.
- Establecer a procedencia de diferentes pratos. Actividade LIM.
- escoitar receitas de diferentes países e poñer o país ao que pertencen. Actividade LIM.

SESIÓN 5:

- Identificar o país dun restaurante partindo do menú.
- A través dunha actividade EDI, o alumnado terá que adiviñar o menú que solicitou, a través da lupa EDI, pois os menús están ocultos no encerado.
- Relacionar e falar sobre tarxetas informativas de diferentes restaurantes, coas súas características.
- Preparación dun diálogo nun restaurante incluíndo os distintos alimentos e grupos, os nutrientes, os gustos, o tempo e as horas, os distintos tipos de comida dos restaurantes escollidos.
- Visita a un restaurante étnico ou típico e realizar un diálogo previamente preparado para solicitar o menú e pedir a comida.

Criterios e instrumentos de avaliación

Metodoloxía: consideramos que empregando a lingua estranxeira coa axuda das TIC se favorece a integración e globalización das aprendizaxes e fomenta a autoestima polo que ademais dos propios criterios de avaliación, comprobaremos que o alumnado cumpra con estas orientacións metodolóxicas.

Construción da propia aprendizaxe: empregaremos unha metodoloxía baseada no descubrimento guiado e colectivo. O alumnado deberá implicarse activamente na súa aprendizaxe, polo que nós, como guías do proceso, tentaremos adaptar as actividades propostas en función das características de cada quen. As tarefas propostas serán significativas e estarán integradas en proxectos que estimulen o interese do alumnado (contos, obras de teatro, exposicións, presentacións multimedia...).

Enfoque comunicativo: que dirixirá a comunicación oral, moi presente na clase de inglés e nas actividades previas de análise e planificación da tarefa, no proceso e na exposición, avaliación e crítica das mesmas.

Traballo colaborativo: pretendemos que o noso alumnado sexa quen de traballar en grupo, de forma cooperativa, solidaria e respectuosa coas diferenzas, polo que seleccionaremos os materiais e planificaremos o deseño dos proxectos tendo en conta eses obxectivos.

Diversidade: xa que unha das nosas finalidades é preparar as nosas nenas e os nosos nenos para unha realidade multicultural, procuraremos mostrarlles e ofrecerlles a oportunidade de traballar arredor dunha grande variedade de obras plásticas, exemplificacións e mensaxes. Variaremos tamén o tipo de proxectos de carácter artístico, as fontes, recursos, materiais e soportes. Atenderemos tamén á diversidade e ás diferenzas en canto ritmos e formas de adquisición do coñecemento (Gadner, 1999), na planificación, escolla e deseño de actividades para levar a cabo na nosa aula.


- Len un menú de distintos establecementos.
- Piden e solicitan información e comida nun restaurante.
- Identifican e descubren bandeiras e músicas de diferentes países.
- Coñecen pratos típicos de diferentes países.
- Len textos breves ao tempo que practican o esquema propio dunha receita culinaria.
- Identifican as horas relacionándoas cos horarios das comidas.
- Clasifican os distintos alimentos en función dos grupos alimenticios.
- Constrúen a pirámide dos alimentos.
- Elaboran un menú adecuado para a saúde identificando a comida saudable e a non saudable.
- Identifican os nutrientes dos distintos alimentos.
- Mostran interese pola alimentación e a importancia na saúde recoñecendo o seu valor como aspecto sociocultural de cada país.

URL da proposta

<http://schoolsoverseas.blogspot.com/2010/10/all-about-food-forever.html>



CLIL ESO

A decorative graphic consisting of several blue hexagons arranged in a staggered pattern. One hexagon in the lower-middle section contains the white letter 'D'.

D

1. INTRODUCCIÓN AO MUNDO DOS DEPORTES MEDIANTE O USO DAS TIC.

INTRODUCTION TO SPORTS THROUGH ICTs.

Alberto Rodríguez Salas

Xustificación

O feito de que a Educación Física é unha materia eminentemente vivencial e práctica é algo que non pode pasar inadvertido nin para o colectivo do alumnado nin para o colectivo docente. Dese natureza nace a dificultade de introducir contidos ou actividades doutro carácter que sexan realmente útiles sen ocupar o escaso tempo do que dispomos nas clases para levar a cabo as aprendizaxes motrices.

Atopar solucións a este tipo de problemas é algo que debería motivarnos como docentes, xa que non é doado evolucionar ou adaptar as nosas materias ás necesidades sociais sen perder a esencia e natureza das mesmas.

Porén, a evolución das novas tecnoloxías fai que poidamos introducir novos elementos dentro da aula de Educación Física sen modificar os enfoques prácticos propios da área.

A nosa proposta vai encamiñada a todo aquel profesorado que busque evolucionar os seus contidos de Educación Física integrando as posibilidades que nos brindan as tecnoloxías da información e a comunicación, sen deixar de lado o, xa comentado, prioritario carácter práctico desta área. É por iso polo que as actividades que propoñemos son curtas, directas e deben ser empregadas como ferramentas de introdución de contidos ou de avaliación de progresos das diferentes unidades sen substituír en ningún caso o formato de sesión habitual. Esta proposta á que facemos referencia é a unidade destinada á introdución no mundo do deporte.

Nivel

1º ESO

Número de sesións

5

Recursos TIC utilizados

A ferramenta empregada para a elaboración desta unidade didáctica, foi o EDI, mais os arquivos cargados na presentación dos diferentes contidos da unidade, implicaron e emprego doutro tipo de recursos que a continuación sinalamos:

- Tratamento de imaxes: GIMP.
- Conversor de formatos: Format Factory.
- Gravación de audio: Audacity.
- Edición de vídeos de presentación: Windows Movie Maker, Nero Vision 4.

Ademais desas ferramentas, a presentación inclúe algún enlace web, a través do cal os rapaces poden acadar máis información.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

- Coñecer e manexar recursos informáticos relacionados coa área de Educación física.
- Empregar as tecnoloxías como medio para descubrir, relacionar conceptos e autoavaliarse.
- Familiarizarse con vocabulario específico da unidade en inglés.
- Relacionar contidos da unidade con materiais audiovisuais en inglés.
- Achegarse á estrutura máis básica do mundo do deporte.
- Ser quen de identificar e clasificar un deporte.

Contidos

- Conceptos básicos relacionados co deporte en inglés.
- Tradución ao inglés dos diferentes deportes traballados.
- Visionado e comprensión de vídeos e arquivos de audio en inglés sobre o tema.
- Realización de pasatempos relacionados cos deportes traballados
- O deporte e as súas características:
 - Os deportes individuais
 - Os deportes de adversario
 - Os deportes de equipo
 - Os deportes colectivos
- Práctica de xogos motores relacionados con cada un dos tipos de deportes.
- Comprensión de mandos e ordes básicos en inglés, relacionadas co tema.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

A presente unidade non é precisamente a máis interdisciplinar, pois aborda un tema moi específico da nosa área. De calquera xeito, podemos buscar algún tipo de relación coas áreas de Ciencias Sociais, Inglés e Informática.

Ciencias Sociais:

O carácter socializador e cultural do deporte serve como punto de partida para a busca de actividades comúns a ambas as materias, onde debe destacar por enriba de todo a aprendizaxe do traballo en equipo.

Inglés:

A relación é obvia, xa que o idioma empregado para a explicación, exposición de contidos e transmisión de ordes é o inglés. Debemos lembrar sempre que o idioma será empregado como un medio, e non como un fin.

Informática:

As tecnoloxías serán empregadas como vehículo transmisor de contidos polo seu efecto motivador e polas vantaxes que nos achega o feito de permitir o visionado de moito material de apoio. Neste senso, cómpre recordar que unha imaxe vale máis que mil palabras.

Valores que se traballan

O deporte é un fenómeno social que leva unindo os pobos dende épocas ancestrais. O valor intrínseco deste tema é obvio: a través do deporte podemos educar na igualdade social e de xénero, na saúde, o benestar e a paz, o respecto polo medio ambiente etc., de aí que a comprensión e práctica de diferentes disciplinas deportivas mellore dentro do alumnado aspectos como a xustiza, a tolerancia, a responsabilidade, o respecto, a solidariedade etc.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN1:

- Fase teórica:
 - Explicación dos obxectivos da unidade coa axuda de debuxos e pictogramas. (EDI).
 - Actividade de mostra de fotos para que o alumnado trate de identificar o nome correspondente en inglés. (EDI).
 - Exposición de características específicas do deporte (EDI).
 - Xogo en grupo do aforcado (lanzamentos a canastra) sobre conceptos vistos anteriormente. (EDI).
- Fase práctica:
 - Quecemento
 - Parte principal
 - Xogos individuais (zancos).
 - Xogos de oposición (loita no chan).
 - Xogos de cooperación e competición (desafío).
 - Xogos de cooperación-oposición (fútbol sen balón).

SESIÓN 2:

- Fase teórica:
 - Explicación dos obxectivos da sesión coa axuda de debuxos e pictogramas. (EDI).
 - Actividade de mostra de vídeos de diferentes deportes individuais para que o alumnado trate de identificar as características e coñecer o nome correspondente en inglés. (EDI).
 - Xogo en grupo do “hot spots 2” sobre conceptos vistos anteriormente. (EDI).
- Fase práctica:
 - Quecemento
 - Parte principal

- Xogos de atletismo (carreiras, saltos, lanzamentos).
- Xogos de ximnasia (xiros, saltos, rodamentos, manexo de aparellos de rítmica...).

SESIÓN 3:

- Fase teórica:
 - Explicación dos obxectivos da sesión coa axuda de debuxos e pictogramas. (EDI).
 - Mostra de vídeos para que o alumnado trate de identificar as características xerais dos deportes de adversario. (EDI).
 - Análise das características diferenciadoras dos deportes de adversario en función da distancia de enfrontamento. (EDI).
 - Xogo en grupo do “word biz” sobre conceptos vistos anteriormente. (EDI).
- Fase práctica:
 - Quecemento
 - Parte principal
- Xogos de loita (no chan).
- Xogos de contacto directo (diferenzas entre tocar e golpear).
- Xogos de contacto con implemento (bastóns de gomaespuma).
- Xogos de raqueta (bádminton e shuttle-ball).

SESIÓN 4:

- Fase teórica:
 - Explicación dos obxectivos da sesión coa axuda de debuxos e pictogramas. (EDI).
 - Mostra da presentación de texto e audio para que o alumnado trate de identificar as características xerais dos deportes de equipo. (EDI).
 - Xogo en grupo do “anagram” (lanzamentos a canastra) sobre conceptos vistos anteriormente. (EDI).
- Fase práctica:
 - Quecemento
 - Parte principal
- Xogos de relevos (con material e sen material).
- Xogos de carreiras en grupo.
- Montaxe dunha actuación ximnástica.

SESIÓN 5:

- Fase teórica:
 - Explicación dos obxectivos da sesión coa axuda de debuxos e pictogramas. (EDI).

- Mostra de imaxes para que o alumnado trate de identificar os deportes colectivos máis coñecidos co seu correspondente en inglés. (EDI).
- Análise das características diferenciadoras dos deportes colectivos. (EDI)
- Xogo en grupo do “hot spots 2” sobre conceptos vistos anteriormente. (EDI).
- Xogo en grupo do crucigrama resumo da unidade. (EDI).
- Proba test sobre os contidos da unidade en inglés con debuxos.
- Fase práctica:
 - Quecemento
 - Parte principal
- Xogos colectivos con material alternativo (ultimate, kinball).
- Xogos colectivos convencionais (baloncesto).

Criterios e instrumentos de avaliación

O procedemento xeral será o de avaliar a unidade en tres apartados:

- Apartado conceptual: mediante a realización dos xogos que aparecen na presentación do EDI, o alumnado poderá autoavaliar os seus coñecementos, e mediante a realización dunha proba final tipo test en inglés, no que en lugar de marcar a resposta axeitada, deberán copiala e traducila. Desesta forma observaremos nos resultados quen domina a materia e o idioma, quen non domina unha das dúas ou quen non domina ningunha.
 - Criterio de superación do apartado: realización dos xogos e superación da proba tipo test.
- Apartado procedimental: mediante a cumprimentación de cadros de observación a través da observación directa ou coa axuda dalgunha gravación audiovisual das probas prácticas.
 - Criterio de superación do apartado: avaliación positiva no cadro de observación da proba práctica.
- Apartado actitudinal: mediante o rexistro sistemático en fichas dos comportamentos positivos (traballos voluntarios, participación en actividades...) ou negativos do alumnado (faltas de orde, faltas de hixiene, faltas de respecto ao material ou compañeiros, indumentaria non axeitada...).
 - Criterio de superación do apartado: que o número de negativos non supere en ningún caso o de positivos.

Finalmente cómpre puntualizar que non realizaremos ningunha avaliación específica do idioma, xa que no noso caso, e seguindo coa filosofía de integración das linguas nas diferentes áreas, o inglés é presentado como unha ferramenta de traballo para a consecución dos obxectivos da unidade, e non como un fin en si mesmo. Buscamos deste xeito que se converta nun medio significativo.

Os instrumentos de avaliación serán os sinalados anteriormente para cada un dos apartados.

URL da proposta

<http://sportteacher.blogspot.es>

2. MOVÉMONOS AO COMPÁS?

Fernanda Follana Neira

Xustificación

Preténdese chegar os alumnos ao uso do compás como forma de orientación nunha proposta enmarcada dentro do bloque de actividades na natureza. A nivel lingüístico, neste primeiro nivel de ESO enfatizarase na aprendizaxe do vocabulario específico e a comprensión oral e escrita de instrucións sinxelas. Así mesmo, os alumnos utilizarán a lingua estranxeira empregando o vocabulario adquirido e estruturas gramaticais sinxelas. Xa que o centro está situado nunha comarca de montaña cun enorme potencial para a práctica de actividades físico-recreativas, é fundamental tamén que os alumnos descubran o seu contorno próximo e que valoren a riqueza natural da zona. Moitas actividades desenvolveranse no exterior fomentándose o desenvolvemento de actitudes de valoración e respecto polo medio natural. A cooperación, o compañeirismo e o traballo en equipo son outros contidos intrínsecos ás actividades na natureza.

Nivel

1º ESO

Número de sesións

4

Recursos TIC utilizados

LIM e Notebook

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, competencia social e cidadá e competencia para aprender a aprender.

Obxectivos

- Familiarizarse co compás e utilizalo para orientarse na natureza.
- Interiorizar as distancias que se percorren na realidade a través da propia marcha.
- Elaborar percorridos de orientación mediante o uso do compás e o propio paso.
- Coñecer o contorno próximo e valorar as súas posibilidades como medio para desenvolver actividades físicas e recreativas.
- Respetar o medio natural desenvolvendo condutas que favorezan a súa conservación.
- Desenvolver actitudes de cooperación e traballo en equipo.
- Familiarizarse co vocabulario específico de orientación na lingua inglesa.
- Utilizar a lingua inglesa para comunicarse de forma oral e escrita.

Contidos

- A orientación na natureza: métodos artificiais e naturais.
- O compás: partes e utilización.

- Cálculo de rumbos co compás.
- Cálculo de distancias co propio paso.
- A cooperación e o traballo en equipo.
- Respecto ao medio ambiente e valoración da riqueza natural e paisaxística da comarca.
- Vocabulario específico en lingua estranxeira.
- Comprensión e expresión de mensaxes sinxelas en inglés.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Educación Física (bloque de actividades na natureza). Lingua Estranxeira.

Valores que se traballan

Cooperación e traballo en equipo; respecto polo medio ambiente; valoración da riqueza natural da comarca; superación persoal e respecto ás normas.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1: Exposición teórica breve: presentación e explicación de conceptos básicos. Actividades do LIM (páx. 2,3,4,5,6).

SESIÓN 2: Actividades do LIM (páx.7 e 8). Presentación da actividade da páxina 9, por parellas (marcar 4 balizas).

SESIÓN 3: Actividade do LIM (páx. 9).

SESIÓN 4: Proba teórico-práctica individual. (Preguntas-tipo do LIM; parte práctica, tomar un rumbo).

Criterios e instrumentos de avaliación

Criterios de avaliación:

- Situar-se con respecto aos puntos cardinais mediante o compás e outras formas naturais de orientación.
- Identificar e describir as partes do compás en inglés.
- Utilizar o compás para tomar un rumbo.
- Determinar a lonxitude do propio paso.
- Utilizar o paso para calcular distancias na realidade.
- Levar a cabo condutas de respecto polo medio ambiente.
- Desenvolver tarefas de orientación en equipo, colaborando e respectando aos outros.

Instrumentos de avaliación:

- Elaboración dun percorrido de orientación en equipo; proba teórico-práctica individual (ver preguntas-tipo no LIM).

URL da proposta

<http://oblogdefer.blogspot.com/>

3. ALGEBRAIC EXPRESSIONS AND EQUATIONS

Carmen López Fernández

Xustificación

Preténdese aproveitar os recursos que nos oferta o EDI para abordar o tema de expresións alxébricas e ecuacións en 1º ESO.

Nivel

1º ESO

Número de sesións

8

Recursos TIC utilizados

- O encerado dixital.
- Internet.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística e competencia matemática.

Obxectivos

Obxectivos xerais en relación coas matemáticas:

- Traducir á linguaxe alxébrica enunciados, propiedades ou relacións matemáticas.
- Coñecer e utilizar a nomenclatura relativa ás expresións alxébricas e aos seus elementos.
- Operar con monomios.
- Coñecer, comprender e utilizar os conceptos e a nomenclatura relativa ás ecuacións e aos seus elementos.
- Resolver ecuacións de primeiro grao cunha incógnita.
- Utilizar as ecuacións como ferramentas para resolver problemas.

Obxectivos xerais en relación coa lingua:

- Lograr unha mellora das competencias tanto na primeira lingua como na segunda, incrementando a súa comprensión e produción lingüísticas.
- Buscar a mellora da capacidade comunicativa en inglés, especialmente na produción e interacción oral.
- Adquirir o vocabulario propio da área de matemáticas.

Contidos

- Writing expressions.

- Collecting like terms.
- Multiplying terms.
- Dividing terms.
- Solving simple equations.
- Equations with the unknown on both sides.
- Solving more difficult equations.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Matemáticas (Álgebra) e Inglés.

Valores que se traballan

- Incrementar a sensibilidade intercultural, promover a tolerancia e implantar o respecto mutuo entre o alumnado.
- Apreciar o valor da lingua estranxeira como medio de comunicación con persoas que pertencen a culturas diferentes e como elemento favorecedor das relacións sociais.
- Lograr que os alumnos sexan conscientes da importancia do coñecemento da lingua como clave de éxito persoal e profesional, e do valor da aprendizaxe de idiomas dentro dun contexto cultural e económico.

Proposta de tarefas por sesións

Unha sesión: Writing expressions.

Unha sesión: Collecting like terms.

Unha sesión: Multiplying terms.

Unha sesión: Dividing terms.

Dúas sesións: Solving simple equations.

Tres sesións: Equations with the unknown on both sides.

Criterios e instrumentos de avaliación

A avaliación final do tema farase conforme aos seguintes descritores:

- Nivel de comprensión da materia.
- Nivel de autoconfianza e seguridade dos alumnos.
- Compresión e expresión oral.
- Comprensión e expresión escrita.
- Superación dos obxectivos do tema.

URL da proposta

<http://centros.edu.xunta.es/iesasangrina/moodle/course/view.php?id=254>

4. THE UNIVERSE & THE SOLAR SYSTEM

Amara Gómez Baño
Carme Campello Carballeira

Xustificación

Esta proposta didáctica vai dirixida a alumnos de 1º de ESO. Desenvolverase simultaneamente nas clases de Ciencias da Natureza e de Matemáticas das seccións bilingües.

Os contidos forman parte do currículo de Educación Secundaria de Galicia das materias de Ciencias da Natureza e de Matemáticas.

Os idiomas empregados serán galego e inglés.

A finalidade dos dous idiomas é que os alumnos de seccións bilingües comecen a utilizar a lingua estranxeira como instrumento para a aprendizaxe de contidos, ao tempo que, no propio proceso de aprendizaxe, melloran a súa competencia lingüística nos dous idiomas, como persegue a metodoloxía CLIL.

Nivel

1º ESO

Número de sesións

5

Recursos TIC utilizados

Audacity, Format factory, LIM, EDI, video, internet...

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá e competencia para aprender a aprender.

Obxectivos

Obxectivos da materia Ciencias da Natureza e Matemáticas:

- Comprender as teorías científicas do coñecemento astronómico e a súa evolución histórica.
- Coñecer como é e como se orixinou o Universo e os seus principais compoñentes.
- Aprender a manexar as enormes distancias do Universo e a realizar cálculos sinxelos con elas.
- Escribir correctamente os números en inglés, reparando no feito de que en inglés o punto úsase para separar decimais e a coma para millares, xusto ao contrario do que se fai en español.
- Aprender a diferenza entre o billón americano (10⁹), máis usado cando se expresan datos en inglés e o billón español (10¹²).
- Reunir información dos compoñentes do Sistema Solar.

- Crear unha escala modelo do Sistema Solar segundo os diámetros dos planetas.
- Usar as proporcións para comparar os tamaños a escala e os tamaños reais no Sistema Solar.
- Converter unidades usadas en astronomía en unidades comúns.
- Utilizar a notación científica.
- Resolver problemas.
- Interpretar gráficos de distancias no espazo.
- Familiarizarse cos compoñentes do Sistema Solar, as súas características e os seus movementos.
- Desenvolver interese e capacidade de observación do ceo nocturno, recoñecendo nel algúns astros.
- Adquirir habilidades para comparar os tamaños do Sol e os planetas con obxectos cotiáns.

Obxectivos na lingua estranxeira (Inglés):

- Describing:
 - Planets are spherical bodies which orbit the Sun.
 - Asteroids are rocky objects which are irregular in shape.
- Comparing:
 - Dwarf planets are smaller than planets.
 - The Earth is larger than Mercury.
- Giving instructions:
 - Find out about the diametre of the planets in the table.
 - Research more about the constellations on the Internet.

Contidos

Contidos de Matemáticas:

- Unidades de medida.
- Redondeo.
- Notación científica.
- Diámetros, tamaños e distancias.
- Escalas.
- Proporcións.

Contidos de Ciencias da Natureza:

- Concepcións antigas do Universo.
- Compoñentes e orixe do Universo.

- Tamaños e distancias no Universo.
- O Sistema Solar, astros que o compoñen, características dos planetas, movementos dos astros.
- Interpretación de esquemas e imaxes do Sistema Solar, os seus compoñentes, características e movementos.
- Aplicación de coñecementos á observación do ceo.
- Interpretación de textos científicos.
- Valoración das achegas científicas ao coñecemento do Universo.
- Toma de conciencia das enormes distancias do Universo e de que o noso planeta é só un máis dos millóns que probablemente existirán.
- Interese por recoñecer obxectos no ceo nocturno.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Ciencias da Natureza, Matemáticas e Lingua Estranxeira.

Valores que se traballan

Os principais valores que se traballan nesta unidade son:

- A colaboración, tolerancia e cooperación nos traballos en grupo.
- A valoración do milagre da vida no planeta Terra como algo único ata onde podemos explorar.
- O respecto, consideración e atención a todas as formas de vida que existen no noso planeta, xa que comparten con nós a mesma orixe e merecen o mesmo respecto.

Proposta de tarefas por sesións

Proposta de actividades por sesións en matemáticas

Na primeira sesión vemos os contidos da páxina 6 da unidade (Anexo I) coa pregunta How big is the Universe? Maths of the Universe. Para iso vemos o vídeo que temos na páxina 7 do encerado dixital titulado “Everything depends on the point of view”. Neste momento aínda non teñen os coñecementos matemáticos necesarios para darse de conta dos tamaños e distancias ás que máis tarde faremos referencia.

A profesora explica o contido do tema en inglés e os alumnos terán como apoio o seu libro de texto en galego e internet.

É importante que neste tema traian unha calculadora científica para aprender a manexala.

Empezamos tamén o vocabulario dos termos específicos, en inglés, do tema e que, a petición dos alumnos, iremos ampliando así como facendo fincapé no cambio da notación anglosaxoa á hora de tratar os decimais.

Á hora de explicar os tamaños e distancias no universo debemos facerlles entender a necesidade de expresar esas cantidades dunha maneira máis sinxela e fácil de manexar; entón é o momento no que explicamos a notación científica cunha explicación sinxela pola nosa parte e despois co vídeo: <http://www.youtube.com/watch?v=yDejUvOOEAA&feature=related> e por último teñen unha ligazón coa seguinte páxina: http://www.mathwarehouse.com/scientific_notation/index.html onde dispoñen da teoría en inglés así como exercicios para comezar a facer.

Na segunda sesión comezaremos repasando a notación científica, explicamos as operacións de multiplicar e dividir con números en notación científica. Facemos diferentes exercicios, entre eles os da páxina 8 do encerado dixital.

Na terceira sesión empezamos a explicar as unidades que se utilizan no espazo, Unidades Astronómicas (UA) e os Anos Luz. Farán os exercicios da páxina 7 do encerado dixital e volvemos ver o vídeo co que comezamos o tema para que, cos coñecementos adquiridos, mediten sobre “Everything depends on the point of view”.

Facemos os exercicios do libro LIM das páxinas 2, 3 e 4.

Invitamos os alumnos a consultar a seguinte páxina web:

<http://www.ilpi.com/msds/ref/distanceunits.html>

Na cuarta sesión explicaremos o redondeo nas cantidades que están a manexar e para iso facemos os exercicios da páxina 5 e 7 do libro LIM, utilizando a información que se lles facilita na páxina 6 do mesmo libro. Tamén facemos, por último, a actividade da páxina 4 do encerado dixital.

Na quinta sesión facemos unha serie de xogos e actividades conxuntamente as dúas materias, da páxina 9 do encerado dixital e a do seguinte enlace http://www.lpi.usra.edu/education/explore/solar_system/planet_sizes.shtml onde os alumnos teñen que traer diferentes froitas e obxectos para que vexan, a unha escala máis comprensible para o seu entendemento, o tamaño e distancias no universo.

Acláranse as dúbidas que pregunten os alumnos en todo momento nas distintas sesións, xa sexan específicas da materia de matemáticas coma as relacionadas co vocabulario e expresións na lingua inglesa.

Proposta de actividades por sesións en ciencias da natureza

- Na primeira sesión vemos os contidos das dúas primeiras páxinas do tema elaborado para os alumnos en inglés (Anexo I) e ao que eles terán acceso a través do servidor de alumnos. Os alumnos teñen tamén o libro en galego.

A profesora explica o contido do tema en inglés que os alumnos poden ampliar na versión en galego.

Lemos a lectura final das constelacións.

Empezamos tamén o vocabulario dos termos específicos do tema seleccionados pola profesora, que a petición dos alumnos, ampliamos con outras palabras do texto ou da explicación en inglés descoñecidas para eles.

Vemos tamén varias imaxes de constelacións ademais das que aparecen no tema.

- Na segunda sesión, a profesora explica as páxinas 3, 4 e 5.

Vemos unha vez o vídeo, explícase o que sexa preciso e vólvese ver polo menos unha vez ou quizá máis dunha dependendo da evolución da clase.

Continuaremos ampliando o vocabulario e faremos as actividades das páxinas 2, 8 e 10 do libro LIM.

- Na terceira sesión vemos as páxinas 7 e 8 do tema en inglés, que de novo explica a profesora, asegurándose de que os alumnos comprenden a explicación e aclarando o que sexa preciso en galego.

Continuaremos ampliando o vocabulario coas palabras solicitadas polos alumnos.

Facemos as páxinas 9 e 13 do libro LIM e se sobra tempo algunha actividade de reforzo do libro de texto en galego.

- Na cuarta sesión veriamos as páxinas 9, 10 e 11 do tema e remataríamos o libro LIM.

Facemos as páxinas 2 e 3 da actividade EDI.

Practicamente rematamos tamén o vocabulario de palabras descoñecidas en inglés.

- Na quinta sesión a profesora fai un repaso xeral en inglés.

Lemos en galego o texto do libro de Stephen Hawking “O Universo nunha casca de noz”, así como algúns datos da súa biografía, facendo fincapé nas súas achegas ao mundo da ciencia a pesar da súa grave enfermidade neurolóxica e invitamos os alumnos a ampliar información en internet.

Finalizamos esta clase coas actividades das páxinas 5 e 6 de EDI.

- A sexta sesión facémola conxunta matemáticas e ciencias e consiste nos xogos da páxina 9 de EDI. A profesora responde calquera dúbida que os alumnos teñan. Tamén se fai a actividade do seguinte enlace http://www.lpi.usra.edu/education/explore/solar_system/planet_sizes.shtml onde os alumnos teñen que traer diferentes froitas e obxectos para que vexan a unha escala máis comprensible para o seu entendemento o tamaño e distancias no universo.

Criterios e instrumentos de avaliación

Criterios de avaliación:

Os alumnos deben de:

- Coñecer a evolución do pensamento da humanidade respecto ao Universo que nos rodea, así como as principais teorías sobre o Universo.
- Coñecer os compoñentes do Sistema Solar que se ven na unidade e as súas características.
- Establecer comparacións e diferenzas entre os planetas e expresalas en inglés.
- Utilizar con soltura a notación científica.
- Comprender a importancia de traballar con escalas para axudarnos a imaxinar a inmensidade dos tamaños e distancias no Universo.
- Manexar con soltura a conversión de unidades.
- Mostrar unha capacidade e disposición para resolver interrogantes e problemas usando estratexias de busca, selección e tratamento da información, mantendo unha actitude crítica ante as fontes de información.
- Participar activamente no traballo de clase.
- escoitar e comprender os contidos da área da unidade en inglés e ser capaces de expresar oralmente e por escrito os conceptos máis sinxelos.
- Escribir e ler de xeito comprensivo textos sinxelos sobre o tema da unidade, extraendo información xeral e específica.
- Valorar a lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.

Instrumentos de avaliación:

Utilízanse os instrumentos seguintes:

- A observación sistemática da actitude de todos e cada un dos alumnos tanto nas actividades da clase como da súa atención, interese e escoita activa da explicación da profesora.

- Valórase a corrección do traballo dos alumnos así como a súa participación e interese tanto no aspecto lingüístico (esfuerzo por entender e expresarse en inglés) como no que respecta á aprendizaxe dos contidos propios das materias da unidade.

- Finalmente, realízase unha proba escrita de avaliación dos contidos da unidade.

Ademais dos contidos específicos das materias, respecto ao inglés, no caso de matemáticas pídeselles aos alumnos que se expresen coa notación habitual anglosaxoa (uso do punto e da coma oposto ao que facemos aquí nos decimais e nos millares) e nomear as cantidades con exponencial 9 en notación científica como billóns.

En ciencias da natureza pídeselles aos alumnos que traten de expresar en inglés o que lles resulte máis fácil, aínda que permitíndolles que respondan en galego cando, en inglés, non sexan capaces de facelo cunha mínima confianza e soltura.

URL da proposta

<http://diversity-carne.blogspot.com/>

5. COMIC'S WORLD

Sonia Álvarez Fernández

Xustificación

A necesidade de xuntar tres aspectos do tema da imaxe secuenciada do currículo de Educación Plástica e Visual a) contidos básicos, b) uso vehicular dos mesmos en lingua inglesa, c) sinxeleza de todo o proceso, moi práctico para que o alumnado poida aplicar o aprendido inmediatamente na elaboración dun proxecto.

Nivel

1º e 3º ESO

Número de sesións

9

Recursos TIC utilizados

Editor de páxinas WEB, Notebook Software, LIM, Audacity, MovieMaker, GIMP e Moodle.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

- Adquirir conceptos básicos sobre as bandas deseñadas e os seus elementos e convencionalismos fundamentais. Comprender os procesos de formación da materia cristalina.
- Diferenciar tales elementos nunha páxina dun libro gráfico.
- Utilizar con propiedade os conceptos na realización dunha banda deseñada.
- Valorar a importancia das bandas deseñadas como elemento educativo e o seu alcance como instrumento de comunicación e expresión.
- Favorecer ou emprego das novas tecnoloxías e material multimedia.
- Mellorar a competencia dixital ao usar diversos programas de deseño gráfico.
- Utilizar a lingua estranxeira como instrumento de comunicación na aula de plástica.
- Fomentar o emprego da lingua estranxeira (inglés) como vehículo de comunicación.
- Favorecer a fluidez e espontaneidade de expresión na lingua estranxeira debido ao seu emprego nun ámbito no que o inglés non está a ser o obxecto de cualificación.
- Empregar o inglés de forma natural fóra do horario específico de Lingua Inglesa, debido ao incremento paulatino da presenza desta lingua nas clases de Educación Plástica e Visual.
- Adquisición da terminoloxía específica de carácter artístico e da capacidade de expresar accións básicas na lingua estranxeira.
- Fomentar a interdisciplinariedade con outras materias.

Contidos

- Definición de banda deseñada.
- Elementos e convencións das bandas deseñadas.
- Convencionalismos dos globos e cadros de texto.
- Metáforas Visuais.
- Onomatopeas. Sons característicos.
- Tipos de planos. Significado narrativo.
- Editores gráficos de bandas deseñadas. Emprego de diferentes aplicacións na realización dunha banda deseñada.
- Incorporación de sons e vídeos nunha historia gráfica.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Educación Plástica e Visual (A Imaxe Secuenciada). Linguas.

Valores que se traballan

- Educación moral e cívica; a versatilidade de conceptos que se analizan dende o punto de vista social e cultural.
- Educación ambiental; prestando especial atención ao coidado e limpeza dos materiais e dos traballos feitos.
- Educación Vial; ao utilizar códigos de cores así como conceptos relativos á mesma.
- Dependendo do contido que traballemos nas bandas deseñadas podemos tocar todos os valores que desexemos.

Proposta de tarefas por sesións

Tras unha primeira sesión de exposición do tema seguindo a páxina web, lectura de bandas deseñadas en lingua inglesa co fin de identificar elementos.

3ª - 4ª sesión. Facer as actividades que aparecen na páxina web, en formato LIM e fichas imprimibles PDF.

Tras unha sesión dedicada a explicar algúns dos editores de bandas deseñadas en liña, así como a actividade EDI enlazada na páxina web que trata sobre o mesmo, o alumnado debe facer unha historia gráfica usando os conceptos aprendidos. Da sesión 3ª a 5ª, trátanse con vídeos e sons, que precisan edición.

Criterios e instrumentos de avaliación

Criterios de avaliación curricular:

- Que o alumnado sexa capaz de realizar unha banda deseñada utilizando os elementos e convencionalismos propios da mesma en lingua inglesa de maneira autónoma.

Instrumentos que se utilizan para avaliar:

- Autoavaliación por parte do propio alumnado ao permitir a autocorrección moitas das actividades colgadas na páxina. Pódese facer unha proba escrita usando as propias actividades impresas creando un PDF das actividades para determinar o alcance do aprendido.
- Realización dunha banda deseñada.

URL da proposta

<http://centros.edu.xunta.es/cpidofeal/comic/>

6. AN INTRODUCTION TO ECOLOGY

Óscar Luis Pérez García

Xustificación

É unha introdución á Ecoloxía que toma como unidade básica funcional da natureza o ecosistema, e dentro del, como elemento máis salientable, as relacións tróficas.

O obxectivo xeral é proporcionar unha visión xeral do funcionamento dos ecosistemas e dos diferentes tipos de ecosistemas que hai no planeta Terra.

Esta proposta didáctica está pensada para complementar as clases correspondentes ao bloque “Os seres vivos e os ecosistemas” de 2º da ESO.

Nivel

2º ESO

Número de sesións

4

Recursos TIC utilizados

- Smart Board software
- Format Factory
- Corel Paint Shop Pro Photo XI

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital e competencia social e cidadá.

Obxectivos

- Comprender o concepto de ecosistema.
- Coñecer os compoñentes dun ecosistema.
- Comprender a estrutura dos ecosistemas e o seu funcionamento, sinaladamente as relacións tróficas.
- Coñecer as relacións ecolóxicas que se establecen dentro dos ecosistemas entre os seres vivos e co medio físico.
- Coñecer diferentes tipos de ecosistemas e recoñecer neles as súas principais partes: biotopo, biocenose, niveis tróficos e cadeas e redes tróficas.
- Obter unha visión global do funcionamento dos ecosistemas e dos diferentes tipos de ecosistemas que hai no planeta Terra.
- Adquirir léxico e expresións específicas da Ecoloxía en inglés.

- Mellorar o dominio lector, auditivo, oral e escrito do inglés.
- Favorecer a espontaneidade e a fluidez na utilización do inglés.
- Fomentar a autoconfianza na propia capacidade para aprender inglés.

Contidos

- Compoñentes dun ecosistema.
- Relacións bióticas.
- Relacións tróficas.
- Interpretación e representación de cadeas tróficas e de redes tróficas.
- Ecosistemas terrestres e acuáticos.
- Analizar, comprender e identificar elementos dos ecosistemas.
- Coñecer a biodiversidade de distintos ecosistemas.
- Valorar a singularidade dos ecosistemas terrestres e acuáticos.
- Vocabulary of Ecology.
- Present simple.
- Prepositions (at, in, on).
- Between and among (between individuals, among them).
- Superlative adjectives (the highest, the shortest).
- Comparative adjectives (drier than).
- Pronouns and possessive adjectives (them, their).
- Invariable nouns (species).
- Can as an ability (we can see).

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Lingua Estranxeira

O coñecemento de ecosistemas de diferentes partes do mundo conecta coa Xeografía, materia na que se estudan máis polo miúdo os climas propios deses ecosistemas.

Valores que se traballan

Mediante a adquisición de coñecementos sobre os ecosistemas, o seu funcionamento e a súa biodiversidade, indúcese unha actitude de respecto ao medio ambiente.

Proposta de tarefas por sesións

AN INTRODUCTION TO ECOLOGY

1st LESSON

FIRST CONCEPTS IN ECOLOGY

Topics:

- ecosystem
- biotope, habitat
- biocenosis
- interactions inside ecosystems

2nd and 3rd LESSONS

TROPHIC ECOLOGY

Topics:

- trophic levels
- trophic relations
- trophic chain and trophic web

4th LESSON

ECOSYSTEMS ALL AROUND THE WORLD

Topics:

- different types of ecosystems
- biodiversity

Criterios e instrumentos de avaliación

Criterios de avaliación curricular:

- Definir un ecosistema e os seus compoñentes.
- Recoñecer os compoñentes dun ecosistema.
- Explicar as interaccións que existen entre biocenose e biotopo.
- Explicar as relacións alimentarias entre seres vivos.
- Diferenciar e identificar diferentes ecosistemas terrestres e acuáticos así como as súas características.
- Describir a biodiversidade dos ecosistemas.

Instrumentos que se utilizan para avaliar:

- Exame mediante preguntas do estilo das que se inclúen no capítulo “Activities” de cada sesión. No exame todas as imaxes propostas serán proxectadas no EDI.

URL da proposta

<http://centros.edu.xunta.es/iesdevilalonga/C.%20Naturais.htm>

7. LES FRACTIONS

Ana Rosa González Iglesias

Xustificación

O tema das fraccións forma parte do currículo de matemáticas en 2º da ESO e na sección bilingüe é importante que o alumnado se achegue ao vocabulario específico.

Nivel

2º ESO

Número de sesións

4

Recursos TIC utilizados

- Encerado dixital.
- Ferramenta de autor LIM.
- Utilización polo alumnado de páxinas web en francés para facer exercicios en liña:

<http://kidimath.sesamath.net/>

<http://mathenpoche.sesamath.net/>

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, tratamento da información e competencia dixital e competencia social e cidadá.

Obxectivos

- Coñecer o vocabulario específico das fraccións en francés.
- Coñecer e utilizar expresións tales como metade, terzo, cuarto, quinto... en francés.
- Saber ler e escribir fraccións en francés.
- Calcular a fracción dun número.
- Distinguir se dúas fraccións son equivalentes e calcular fraccións equivalentes a unha dada.
- Simplificar unha fracción.
- Reducir fraccións a común denominador.
- Comparar fraccións.
- Sumar e restar fraccións.
- Multiplicar e dividir fraccións.

Contidos

- As fraccións e a súa lectura.
- Fracción dun número.
- Fraccións equivalentes.
- Simplificación de fraccións.
- Reducir fraccións a común denominador.
- Comparación de fraccións.
- Suma e resta de fraccións.
- Multiplicación e división de fraccións.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

O tema das fraccións está relacionado coas materias de ciencias da natureza, ciencias sociais e tecnoloxía. Ademais, nesta sección bilingüe, con francés.

Valores que se traballan

A educación para a tolerancia, para a paz, a educación para a convivencia, a educación intercultural, a educación para a igualdade entre homes e mulleres, a educación ambiental, a educación para a saúde, a educación do consumidor e a educación vial constitúen unha serie de contidos que deben integrarse e desenvolverse con carácter transversal en calquera materia.

Dende as matemáticas en calquera momento pode aparecer calquera deles de forma indirecta, a través dos contextos das situacións ás que se aplican as matemáticas.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1: les fractions (actividade en EDI).

SESIÓN 2: les fractions (actividade en LIM).

SESIÓN 3: terminamos actividade en LIM.

SESIÓN 4: exercicios en liña de páxinas web en francés.

Criterios e instrumentos de avaliación

Criterios:

- Saber ler e escribir as fraccións en francés.
- Determinar se dúas fraccións son ou non equivalentes.
- Simplificar fraccións.
- Reducir fraccións a común denominador.
- Ordenar fraccións.
- Sumar, restar, multiplicar e dividir fraccións.

Instrumentos:

- Observación do alumnado en canto: actitude, participación, iniciativa, interese, esforzo e utilización de vocabulario axeitado en francés.
- Traballo individual e en grupo.
- Utilización dos recursos TIC, individualmente e en grupo.
- Probas escritas.

URL da proposta

<http://anarosagonzalez.blogspot.es/>

8. MATERIALS FOR DESIGN AND TECHNOLOGY

José Antonio Otero Piñeiro

Xustificación

Esta proposta didáctica está pensada para traballar os metais no curso de 2º de ESO. Trátase de que os alumnos coñezan as diferentes propiedades dos metais e os seus procesos de obtención, para que comprendan as implicacións sociais e ambientais do uso dos recursos naturais.

Nivel

2º ESO

Número de sesións

5

Recursos TIC utilizados

Necesítase un canón proxector e un ordenador, o software smartboard notebook e a aula de informática para traballar co LIM.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

- Analizar e interpretar as principais características e usos dos materiais férricos.
- Analizar e interpretar as principais características e usos do cobre, o zinc e o aluminio.
- Analizar e interpretar as principais características e usos do bronce e o latón.
- Coñecer os métodos de obtención dos principais metais.
- Uso de vocabulario en lingua inglesa que permita interactuar na aula entre compañeiros e entre o profesorado e o alumnado, con preguntas, respostas, petición de quenda de palabra, aclaracións, etc.
- Saber a correcta escritura en lingua inglesa do vocabulario específico traballado nesta unidade.
- Prestar especial atención ás dificultades do inglés respecto á relación entre escritura e pronunciación.

Contidos

- Clasificación dos materiais.
- Propiedades xerais dos metais.
- Minería de ceo aberto e subterránea.

- Materiais férricos: ferro, aceiro e fundición.
- Metais non ferrosos: aluminio, cobre.
- Outros metais: zinc, níquel, magnesio, titanio, chumbo.
- As aliaxes: aceiro, fundición, bronce e latón.
- Coñecemento do vocabulario técnico.
- Expresións comparativas.
- Ser capaces de ler un documento en internet e sacar as ideas principais.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Historia: Referencias á idade de bronce, de ferro e á revolución industrial.

Lingua Inglesa: Será a lingua vehicular na aula.

Tecnoloxía: Forma parte do currículo.

Informática: Uso dos ordenadores e de busca de información na internet.

Valores que se traballan

- Ser conscientes da importancia da elección dos materiais no deseño de obxectos e estruturas.
- Ser conscientes do impacto ambiental da obtención e transformación dos materiais.
- Apreciar os avances tecnolóxicos que fan a nosa vida cotiá máis sinxela.
- Fomentar o respecto dentro da aula cara ás intervencións dos compañeiros cando expresen as súas opinións ou respostas.

Proposta de tarefas por sesións

- O ficheiro notebook vai separado por grupos, cada un deles corresponde a unha sesión.
- Ao final da sesión hai actividades para realizar no caderno.
- Se hai dispoñibilidade da aula de informática aconséllase empregar as actividades contidas na tarefa LIM.
- Proponse tamén a realización por parte dos alumnos dun traballo sobre un metal diferente para cada grupo.

Criterios e instrumentos de avaliación

- Coñecer os minerais base dos principais metais.
- Coñecer o símbolo dos principais metais.
- Coñecer as propiedades e aplicacións do ferro, aceiro, fundición, cobre e aluminio.
- Saber que é unha aliaxe.
- Coñecer os procesos de obtención do ferro, aceiro, cobre e aluminio.
- Ter noción sobre a extracción de materia prima nas minas.

URL da proposta

<http://centros.edu.xunta.es/iesmontecarrasco/index.php?page=pale>

9. THE ELEMENTS OF SOUND

Miguel Ángel Cameselle Teijeiro

Xustificación

Esta proposta está pensada para traballar os contidos establecidos para a materia de música no currículo de 2º curso de ESO. Trátase de introducir a música partindo da materia prima, é dicir, o son. Analizando os elementos do son un por un imos introducindo o alumno na escritura musical e nos instrumentos. A altura lévanos ás notas, a duración ás figuras, o timbre aos instrumentos e ás distintas voces e a intensidade ao modo de indicar nas partituras os matices de intensidade.

Nivel

2º ESO

Número de sesións

4

Recursos TIC utilizados

Software de edición e gravación de son: Audacity, LIM, Smartboard, vídeo e software editor de partituras (Finale, Encore).

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia cultural e artística e competencia para aprender a aprender.

Obxectivos

- Comprender as calidades do son (Pitch, Volume, Timbre and Lenght), e sabelas nomear en lingua inglesa.
- Distinguir o son do ruído.
- Desenvolver a capacidade creadora mediante o uso de sons.
- Recoñecer as calidades do son nunha partitura.
- Recoñecer as diferentes notas tanto co nome latino como anglosaxón.
- Coñecer os signos dinámicos e os matices no campo musical.
- Recoñecer os instrumentos polo seu timbre.
- Recoñecer os diferentes tipos de voces humanas.
- Coñecer as figuras como representación da duración dos sons.
- Ser consciente da contaminación sonora.
- Desenvolver hábitos auditivos saudables.
- Uso de vocabulario en lingua inglesa que permita interactuar na aula entre compañeiros e entre o profesorado e o alumnado con preguntas, respostas, petición de quenda de palabra, aclaracións, etc.

- Saber a correcta escritura en lingua inglesa do vocabulario específico traballado nesta unidade.
- Prestar especial atención ás dificultades do inglés respecto á relación entre escritura e pronunciación.
- Incidir na complexidade fonética de algúns sons consonánticos na pronunciación da lingua inglesa.

Contidos

- As calidades do son: altura, duración, intensidade e timbre.
- A escoita atenta dun son.
- Iniciación ao código musical: as notas.
- A escoita do ruído e do silencio.
- A linguaxe musical.
- As figuras musicais.
- Os signos dinámicos.
- As dinámicas: pianissimo, piano, mezzo forte, forte, fortissimo.
- O crescendo, o accelerando e o decrescendo.
- A contaminación sonora.
- Os instrumentos e as súas clases.
- A disposición dos instrumentos na orquestra.
- Os distintos tipos de voces.
- A gravación dixital do son.
- E edición de partituras por ordenador.
- Coñecemento do vocabulario das calidades do son en lingua inglesa.
- Coñecemento do vocabulario dos instrumentos e seccións da orquestra en lingua inglesa.
- Coñecemento do vocabulario das voces en lingua inglesa.
- Coñecemento dos elementos da partitura en lingua inglesa.
- Coñecemento do nome das notas e figuras en lingua inglesa.
- Vocabulario e expresións específicas que permitan establecer comparacións nas calidades do son, de instrumentos e voces.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Matemáticas: Na análise das frecuencias traballando os contidos referentes á altura dos sons, a multiplicación da frecuencia dunha nota dando como resultado a mesma nota máis aguda.

Historia: Nos contidos referentes á evolución do número de instrumentos na orquestra.

Lingua Inglesa: Será a lingua vehicular na aula, os contidos de vocabulario e a súa pronunciación terán relevancia aínda cando os contidos musicais terán prioridade sobre os lingüísticos. Coidarase en todo momento que os discentes se sintan cómodos no uso da lingua estranxeira sen que supoña un problema no manexo dos contidos musicais.

Tecnoloxía: As leis físicas da produción do son, a forma dos instrumentos, o uso dos distintos materiais de construción.

Informática: Uso dos ordenadores e software de gravación de son e software de edición de partituras.

Valores que se traballan

- Ser conscientes da importancia do silencio para a realización dunha actividade musical.
- Ser conscientes da importancia de ter hábitos de escoita saudables para conservar a capacidade auditiva.
- Mellorar a calidade do medio ambiente identificando e reflexionando sobre o abuso do ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música coa finalidade de xerar hábitos saudables.
- Apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas e expresivas e do coñecemento de música de diferentes culturas, épocas e estilos.
- Fomentar o respecto dentro da aula cara ás intervencións dos compañeiros cando expresen as súas opinións ou respostas.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1: gravación no programa AUDACITY de 6 ficheiros de son. Os alumnos/as deberán gravar unha mesma nota tocada cun instrumento (ex. frauta) primeiro suave e logo forte, logo farán o mesmo cunha nota que sexa máis aguda, e logo farán o mesmo gravando un ruído tamén forte e logo suave. Analizaranse os resultados obtidos contemplando o debuxo da forma de onda que presenta o programa para recoñecer nela a frecuencia relacionada coa altura e a intensidade coa amplitude da onda.

SESIÓN 2: colocación das notas da escala de Do nun pentagrama usando un programa de edición de partituras (Finale ou Encore).

Copia dunha breve partitura nun programa de edición de partituras, usando signos de intensidade.

SESIÓN 3: as recollidas na tarefa 2 (ficheiro EDI) Tarefas relacionadas co recoñecemento e aprendizaxe dos distintos tipos de voz (soprano, contralto, tenor e baixo).

SESIÓN 4: as recollidas na tarefa 3 (ficheiro LIM). Tarefas relacionadas co recoñecemento e aprendizaxe dos distintos tipos de seccións e instrumentos da orquestra.

Criterios e instrumentos de avaliación

- Creación dun ficheiro de son no programa AUDACITY onde haxa unha sucesión de sons con determinadas calidades. Por exemplo: primeiro son agudo, curto e forte, segundo son grave, forte e longo, etc.
- Saber distinguir nunha audición as principais calidades do son e sabelas dicir en lingua inglesa.
- Saber distinguir nunha audición o timbre dos diferentes instrumentos e seccións da orquestra.
- Saber o nome en lingua inglesa dos instrumentos da orquestra e as seccións.
- Saber poñer no lugar correcto os instrumentos dunha orquestra.

- Saber recoñecer os tipos principais de voces.
- Saber transcribir unha peza moi sinxela nun programa editor de partituras.

URL da proposta

<http://centros.edu.xunta.es/iesmontecarrasco/index.php?page=pale-2>

10. ALIMENTATION ET NOURRITURE

Juan Luis Neira González

Xustificación

Uns vídeos onde se amosa vocabulario específico sobre distintos alimentos así como as necesidades de nutrientes, enfatizando a diferenza que existe entre alimento e nutriente así como saúde e enfermidade. A partir de aí, trabállanse mediante diferentes exemplos de arrastrar textos, ligar, ordenar imaxes, etc. os conceptos traballados. Na primeira destas sesións dedícase tempo para ler o arquivo pdf de axuda, aclarando as dúbidas que puidesen xurdir. Na última sesión fanse os ditados que tratan de consignas relacionadas coas boas prácticas alimentarias.

Nivel

3º ESO

Número de sesións

3

Recursos TIC utilizados

Ordenador con videoproxector, no que se inclúen vídeos e animacións (todo o material audiovisual integrado nun arquivo que corre baixo un browser como firefox ou similar).

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

Ciencias da natureza:

- Desenvolver hábitos favorables á promoción da saúde persoal e comunitaria en ámbitos como alimentación e hixiene.
- Comprender a importancia de utilizar os coñecementos provenientes das ciencias da natureza para satisfacer as necesidades humanas.

Lingua estranxeira:

- escoitar e comprender información xeral e específica oral en distintas situacións comunicativas.
- Ler e comprender textos diversos dun nivel axeitado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica.
- Escribir textos sinxelos, con fins diversos, sobre distintos temas, utilizando recursos axeitados de cohesión e coherencia.
- Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.

Contidos

Bioloxía:

- Identificación dos niveis de organización do corpo humano: aparellos, sistemas, órganos, tecidos e células.
- Valoración da saúde como un ben individual e colectivo. Identificación dos factores que condicionan a saúde e a enfermidade. Importancia dos hábitos de vida saudable e o coñecemento dos factores de risco.
- Diferenciación entre alimento e nutriente recoñecendo os principios inmediatos necesarios para o ser humano: proteínas, glúcidos, graxas, sales minerais, vitaminas e auga.
- Análise de dietas e hábitos saudables na alimentación, destacando a importancia dunha dieta equilibrada.
- Identificación das principais enfermidades e trastornos da conduta alimentaria. Valoración da alimentación e a saúde.

Lingua estranxeira:

- Comprensión global e específica de textos orais de progresiva complexidade, relacionados con actividades propias da aula, cos intereses das alumnas e dos alumnos, cos seus sentimentos, desexos e gustos.
- Escoita, identificación e comprensión de información xeral e específica de mensaxes sinxelas, de progresiva dificultade.
- Comprensión do sentido dun texto e reformulación na propia lingua.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

- Lingua Estranxeira
- Ciencias da Natureza
- Física e química
- Educación en valores
- Educación física

Valores que se traballan

Valorar que o coñecemento científico é quen de incidir sobre o noso estado de saúde e sobre o noso contorno. Neste caso, co sentido da función de nutrición, modificable por hábitos alimentarios concretos saudables, incide sobre a nosa saúde e sobre un consumo responsable; en resumo, o noso estilo de vida pode axudarnos a mantermos sans.

Proposta de tarefas por sesións

Unha sesión teórico/expositiva sobre o aparello dixestivo, alimentación e nutrición e, de seguido, unha actividade de lectura do arquivo de información e presentación de dúbidas.

Unha actividade de inicio do LIM onde na primeira parte traballamos os textos, sopas de letras, relacións, etc.

Na última sesión, fanse os textos que se escoitan nos ditados e propónse a autoavaliación.

Criterios e instrumentos de avaliación

Xustificar a necesidade de adquirir hábitos alimentarios saudables. Preténdese avaliar se o alumnado relaciona as funcións de nutrición coa adopción de determinados hábitos alimentarios saudables para previr enfermidades de cara a un consumo responsable.

Comprender a idea principal e algúns detalles relevantes de textos en mensaxes orais sinxelas sobre temas concretos e coñecidos emitidas con claridade.

Reformular na lingua propia o sentido dun texto oral ou escrito.

* No caso do LIM, á parte da autoavaliación que o alumno desenvolve ao final de cada sesión, como se fai en dúas sesións, a nota será a suma das cualificacións obtidas en ambas as dúas sesións.

URL da proposta

<http://public.me.com/jlneira>

11. COMPOSITION OF MATTER

Aniana Díaz Gómez

Xustificación

Preténdese achegar os alumnos ao uso do compás como forma de orientación nunha proposta enmarcada dentro do bloque de actividades na natureza. A nivel lingüístico, neste primeiro nivel de ESO enfatizarase na aprendizaxe do vocabulario específico, e a comprensión oral e escrita de instrucións sinxelas. Así mesmo, os alumnos utilizarán a lingua estranxeira empregando o vocabulario adquirido e estruturas gramaticais sinxelas. Xa que o centro está situado nunha comarca de montaña cun enorme potencial para a práctica de actividades físico-recreativas, é fundamental tamén que os alumnos descubran o seu contorno próximo e que valoren a riqueza natural da zona. Moitas actividades desenvolveranse no exterior fomentándose o desenvolvemento de actitudes de valoración e respecto polo medio ambiente. A cooperación, o compañeirismo e o traballo en equipo son outros contidos intrínsecos ás actividades na natureza.

Nivel

3º ESO

Número de sesións

5

Recursos TIC utilizados

EDI, LIM, vídeos flash, páxinas web con simuladores e programas interactivos, como por exemplo: <http://phet.colorado.edu/index.php>, <http://www.genmagic.net>, e outros.

Competencias básicas que se traballan

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

Propios da área.

- Describir as características dos estados sólido, líquido e gasoso.
- Recoñecer a descontinuidade dos sistemas materiais.
- Identificar os criterios de clasificación da materia
- Explicar a diferenza entre substancias puras e mesturas.
- Distinguir entre elemento e composto.
- Coñecer a diferenza entre mestura e disolución.
- Coñecer e utilizar correctamente o material de laboratorio.
- Planificar un deseño experimental axeitado para separar unha mestura ou unha disolución nos seus compoñentes.

Obxectivos CLIL:

Conseguir unha mellora da comunicación oral e escrita na lingua estranxeira mediante o seu uso no contexto dunha materia non lingüística.

Introducir as TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.

Aplicar técnicas de busca e investigación nunha lingua estranxeira.

Familiarizar o alumnado co traballo nunha lingua estranxeira.

Adquirir un coñecemento de termos técnicos nunha lingua estranxeira.

Valorar a importancia de coñecer e manexar distintas linguas á hora de abordar un traballo científico.

Contidos

- Estados de agregación da materia: sólido, líquido e gasoso.
- Teoría cinético-molecular. Cambios de estado.
- Clasificación da materia.
- Substancias puras e mesturas.
- Elementos e compostos.
- Métodos de separación de mesturas.
- Disolucións: compoñentes e tipos.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Física e Química e Linguas

Valores que se traballan

- Valoración crítica do emprego de modelos para representar unha realidade científica.
- Valoración das aplicacións tecnolóxicas dos coñecementos científicos.
- Valorar o carácter dinámico da ciencia e desenvolver un pensamento crítico.
- Valoración da orde e da limpeza do lugar de traballo e do material utilizado.
- Valoración da utilidade do vocabulario científico para recibir e transmitir información sobre a materia e os seus cambios.
- Respecto polas normas de seguridade no laboratorio.
- Predisposición á correcta distribución, recollida, reciclaxe e eliminación de residuos e lixo.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1: exploración dos coñecementos previos do alumnado mediante a realización de preguntas abertas que poderán contestar na lingua materna. A continuación realizarase a exposición dos novos contidos por parte do profesor/a. Para iso empregarase a lingua estranxeira e contarase co apoio de vídeos, imaxes, presentacións dixitais e páxinas web en inglés.

SESIÓN 2: utilización do EDI co alumnado, para repasar os contidos expostos e para a realización das actividades deseñadas nesta proposta.

SESIÓN 3: realización das actividades deseñadas mediante LIM para esta proposta.

SESIÓN 4: cos contidos aprendidos nas sesións anteriores, o alumnado será quen de deseñar, planificar e realizar algunha práctica sinxela de separación de mesturas (filtración, decantación, destilación...) no laboratorio.

SESIÓN 5: avaliación da unidade.

Criterios e instrumentos de avaliación

Criterios de avaliación:

- Describir as características dos estados sólido, líquido e gasoso.
- Coñecer os aspectos básicos da teoría cinética da materia.
- Xustificar as características dos estados de agregación de acordo coa teoría cinética da materia.
- Obter substancias puras a partir das súas mesturas, utilizando procedementos físicos baseados nas propiedades características desas substancias puras.
- Explicar e empregar as técnicas de separación e purificación de mesturas.
- Enumerar as diferenzas que existen entre unha mestura e unha disolución, e entre un elemento e un composto.
- Describir as disolucións e resolver problemas sinxelos de cálculo das súas concentracións.

Instrumentos de avaliación:

As TIC que se empregan nesta proposta (EDI, LIM) constitúen un instrumento de autoavaliación moi poderoso que lle permite ao alumnado comprobar a adquisición dos novos contidos de forma sinxela e amena. Ademais poderán empregarse outros instrumentos máis tradicionais como as probas escritas, informes de laboratorio e a observación do traballo diario.

Ademais, en relación coa utilización da lingua estranxeira teranse en conta os seguintes aspectos:

- A adquisición de contidos non lingüísticos primará sobre os contidos lingüísticos.
- O uso do idioma estranxeiro será un valor engadido que debe ser recompensado.
- A falta de fluidez na lingua estranxeira non deberá penalizarse.

URL da proposta

<http://sites.google.com/site/seccionsbilinguesfeqcortegal/home>

12. ELECTRICIDADE: CIRCUÍTO ELÉCTRICOS DE CORRENTE CONTINUA

Julita Taboada Martínez

Xustificación

A presente proposta didáctica pretende que os alumnos coñezan os compoñentes básicos dos circuitos eléctricos de corrente continua, o seu funcionamento, medición das magnitudes que interveñen e a elaboración de circuitos para as maquetas (proxectos) que farán no taller. Os idiomas utilizados serán o galego e o inglés.

Nivel

3º ESO

Número de sesións

4

Recursos TIC utilizados

- EDI= Encerado Dixital Interactivo.
- LIM= Libro Interactivo Multimedia.
- Programa de simulación de circuitos eléctricos: Cocodrile Clips.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, tratamento da información e competencia dixital, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

Na materia de Tecnoloxías:

- Identificar os compoñentes básicos dun circuito eléctrico e empregar a simboloxía que os representa.
- Montar circuitos eléctricos elementais.
- Avaliar os riscos do manexo da electricidade.
- Expresar as súas ideas empregando a terminoloxía axeitada.
- Respectar as opinións dos demais.
- Aprender a traballar en grupo.

Na lingua estranxeira (inglés):

- Coñecer vocabulario específico relacionado cos circuitos eléctricos.

- Utilizar o programa Cocodrile de simulación de circuítos eléctricos na súa versión en inglés.
- Empregar estruturas propias do idioma ao describir o funcionamento dos circuítos.
- Emprego de actividades LIM en inglés.
- Emprego do programa Smart-Notebook para resolver actividades propostas polo profesor e para crear novos contidos de forma autónoma, en lingua inglesa.

Contidos

De Tecnoloxías:

- Conceptos:
 - Medicións e cálculos en circuítos eléctricos de corrente continua.
- Procedementos:
 - Identificación dos elementos básicos que forman un circuíto eléctrico.
 - Deseño de circuítos eléctricos sinxelos.
 - Emprego dos elementos de control nos circuítos eléctricos: interruptores e relés.
 - Utilización do ordenador para facer actividades de identificación dos compoñentes.
- Actitudes:
 - Interese por coñecer os principios científicos que explican o funcionamento de obxectos que consomen corrente eléctrica.
 - Respecto polo plurilingüismo como valor fundamental na nosa sociedade.

De Lingua estranxeira (inglés):

- Léxico en inglés específico relacionado cos circuítos eléctricos: compoñentes e magnitudes fundamentais.
- Mensaxes sinxelas tanto orais como escritas en inglés relacionadas co funcionamento dos circuítos eléctricos.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

- Tecnoloxías
- TIC
- Inglés
- Galego

Valores que se traballan

- Conciencia da identidade europea ao traballar con varias linguas de Europa.
- Respecto pola pluralidade, valorándoa coma unha riqueza.
- Respecto polo plurilingüismo.

- Valoración da importancia da enerxía eléctrica como un recurso imprescindible na nosa sociedade.
- Consumo enerxético responsable.
- Preservación do medio ambiente.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1: desenvolvemento teórico dos compoñentes, magnitudes e funcionamento dos circuítos eléctricos. Farase en galego e coa axuda do libro de texto do alumno.

SESIÓN 2: actividade de reforzo LIM de identificación dos compoñentes dun circuítos eléctrico e a súa simboloxía.

SESIÓN 3: actividade EDI: Vocabulario específico en inglés dos compoñentes dun circuítos eléctrico.

SESIÓN 4: confección dos circuítos eléctricos sinxelos co programa Cocodrile Clip. O programa pode configurarse en galego ou inglés segundo a necesidade.

Criterios e instrumentos de avaliación

Criterios: o alumno debe ser capaz de:

- Deseñar o esquema dun circuítos eléctrico para que cumpra unha función previamente determinada, analizando os elementos necesarios para cumprir as condicións fixadas.
- Construír circuítos eléctricos a partir dun esquema dado, efectuando as medicións das magnitudes fundamentais.
- Usar o ordenador para a simulación de circuítos eléctricos e mesmo para o debuxo de esquemas.

Instrumentos:

- Elaboración das actividades propostas nas sesións: actividades LIM, EDI e Cocodrile clip.
- Observación directa do alumno: actitude, traballo, etc.
- Caderno do alumno: exercicios do libro do alumno.
- Proba escrita final sobre os principais contidos desenvolvidos.

URL da proposta

<http://julietadas.blogspot.com/2010/03/proposta-didactica-pale-09.html>

13. EXPLORING ALTERNATIVE ENERGY SOURCES

M^a Ángeles Miguéns Cristobo

Xustificación

O ensino bilingüe de Física e Química constitúe unha estratexia de CLIL, brindando oportunidades aos alumnos para empregar outra lingua de forma natural ata o punto de que cheguen a esquecer que están aprendendo un idioma e se concentren nos contidos que están aprendendo. Así, aprenden tanto a empregar as linguas impartidas como as materias impartidas en esas linguas.

A unidade didáctica proposta, Exploring alternative energy sources, levará á aula un tema que está de permanente actualidade, os recursos enerxéticos, o seu uso e consecuencias da súa obtención e utilización, así como as alternativas. Os alumnos poderán valorar a necesidade dun coñecemento científico acerca das diferentes fontes de enerxía, vantaxes e inconvenientes de cada unha delas, alternativas de uso, se queremos ser partícipes con criterio propio das tomas de decisión sobre estes temas tanto no ámbito local como global.

Nivel

3º ESO

Número de sesións

4

Recursos TIC utilizados

- Páxinas web
- Presentacións powerpoint
- Vídeos

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

- Busca, selección, valoración e interpretación de información de carácter científico utilizando as TIC e outras fontes.
- Aprender a gozar coa lectura de contido científico en calquera soporte (texto, cómic, web...).
- Comprender a importancia de utilizar os coñecementos provenientes das ciencias da natureza para satisfacer as necesidades humanas e participar na necesaria toma de decisións de problemas locais e globais aos cales nos enfrontamos.
- Promover a participación na clase e o desenvolvemento de ideas propias relacionadas coa enerxía e a súa conservación.

- Promover o pensamento crítico e creativo no contexto dos conceptos e situacións científicas estudadas.
- Incrementar as habilidades comunicativas en lingua inglesa.

Contidos

- As cargas en movemento. A corrente eléctrica.
- Xeración de corrente eléctrica, xeradores eléctricos.
- Fontes de enerxía: renovables e non renovables.
- O problema da enerxía: contaminación, esgotamento de recursos.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Esta unidade está relacionada coas seguintes áreas ou materias:

- Ciencias da Natureza
- Física e Química
- Ciencias sociais
- Educación para a cidadanía

Valores que se traballan

Participación activa e responsable dos alumnos sobre temas que lles afectan nas súas vidas ou contorno:

- Responsabilidade do propio desenvolvemento persoal.
- Fortalecer a autoestima e toma de conciencia da importancia da diversidade e da defensa dos dereitos propios e dos demais.
- Fomentar a convivencia respectuosa coa diversidade e o medio ambiente.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1: aula de referencia do grupo.

- Grupo clase: realizar un listado das fontes de enerxía renovables e non renovables, a partir dun glosario de termos relacionados coa enerxía expostos, e rexistralo en dous paneis de fácil visualización, que permanecerán na clase durante o desenvolvemento da unidade.
- Introducir a idea de explorar fontes alternativas de enerxía realizando preguntas aos alumnos relativas ao problema enerxético actual.
- Como se “fabrica” a electricidade: vídeo da páxina web <http://www.childrensuniversity.manchester.ac.uk/interactives/science/energy/electricity.asp>. Acendido de pequenas lámpadas con xeradores de man.
- A enerxía a través da historia; pequeno vídeo con audio e subtítulos, para un mellor seguimento por parte dos alumnos.

SESIÓN 2: aula de ordenadores.

- Traballo de investigación empregando internet sobre unha fonte de enerxía renovable escollida por cada grupo de alumnos. Os alumnos repartiranse en parellas, e elixirán unha das fontes de enerxía

renovables e como esta pode ser empregada para proporcionar enerxía aos fogares, escolas ou empresas. Vantaxes e desvantaxes do seu uso. Debe incluír unha explicación sobre como esa enerxía é xerada e empregada para xerar electricidade.

- Con esta información recollida deberán idear un proxecto, póster, maqueta, ou presentación multimedia para explicar aos compañeiros as vantaxes e inconvenientes da súa fonte de enerxía.

SESIÓN 3:

- Unha vez completa a busca de información, os alumnos deben explicar aos compañeiros co modelo, póster ou presentación multimedia o tema do seu traballo.

SESIÓN 4:

- Debate acerca das formas de enerxía renovables, incluíndo cuestións tales como:
 - Vantaxes e inconvenientes do uso das distintas fontes de enerxía.
 - Considerarías usar fontes de enerxía alternativas para o teu coche, a túa casa...?
 - Que cres que sucederá se as fontes de enerxía renovables non se desenvolven e se amplía o seu uso?
 - Pode ser a enerxía nuclear a solución ao quentamento global?
 - Se se considera necesario, poderíase preparar unha sesión máis para un debate sobre enerxía nuclear.

Criterios e instrumentos de avaliación

Criterios:

- Identificar e coñecer as diferentes fontes de enerxía e a súa clasificación.
- Coñecer como se produce a enerxía eléctrica nun xerador.
- Participar nas tarefas de clase e desenvolver un pensamento crítico.
- Sensibilización ante os problemas medioambientais.
- Empregar a lingua inglesa na comunicación de clase.

Instrumentos:

- Rexistro diario de clase: traballo, actitude, interese...
- Proxecto sobre enerxía e presentación na clase.
- Test escrito sobre os contidos da unidade.

URL da proposta

<http://centros.edu.xunta.es/iespobradocaraminal/moodle/mod/resource/index.php?id=51>

14. FIGURAS E CORPOS XEOMÉTRICOS

Margarita Losada Rodríguez
José Antonio Carpenle Sardiña

Xustificación

Recoñecer e familiarizarse coas figuras e corpos xeométricos do plano e do espazo por medio da experimentación e manipulación por parte do estudante.

Nivel

3º ESO

Número de sesións

5

Recursos TIC utilizados

- LIM
- EDI
- programa de matemática dinámica GEOGEBRA.
- software SHOCKWARE FLASH.
- navegador de internet preferentemente MOZILLA FIREFOX para visionar os arquivos FLASH.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática e competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.

Obxectivos

- Identificar os puntos e rectas notables dun triángulo e coñecer os seus nomes en inglés.
- Comprender e saber aplicar o teorema de Pitágoras.
- Nomear en inglés os distintos tipos de polígonos así como os seus elementos.
- Calcular a área de polígonos regulares.
- Asimilar os conceptos de vértices, arestas e caras dun corpo xeométrico.
- Recoñecer unha figura polo seu desenvolvemento plano.
- Diferenciar os prismas das pirámides.
- Identificar os poliedros regulares e saber nomealos en inglés.
- Calcular áreas e volumes de corpos xeométricos.

Contidos

- Puntos e rectas notables dun triángulo.
- Teorema de Pitágoras. Aplicacións.
- Área de polígonos regulares.
- Poliedros. Poliedros regulares.
- Prismas e pirámides.
- Áreas e volumes de corpos xeométricos

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Linguas e, en xeral, todas as materias científicas, especialmente o Debuxo Técnico. Tamén hai unha estreita relación coa Historia da Arte pola grande importancia das formas na arte.

Valores que se traballan

Preténdense desenvolver os seguintes valores:

- A capacidade de observación, experimentación e dedución.
- Interrelacionar, calcular.
- Valorar a importancia da xeometría no mundo real.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1: os estudantes traballarán individualmente os puntos e rectas notables dun triángulo e o teorema de Pitágoras co libro LIM “triangles”.

SESIÓN 2: manipulación no encerado dixital co programa Geogebra de triángulos para reafirmar os conceptos introducidos no libro LIM.

SESIÓN 3: traballo individual de familiarización cos polígonos co libro LIM “polygons”.

SESIÓN 4: actividades do notebook “solid figures 1” (caras, vértices, arestas, corpos, volumes).

SESIÓN 5: actividades do notebook “solid figures 2” (áreas e desenvolvemento de poliedros).

Criterios e instrumentos de avaliación

Criterios de avaliación curricular

- Recoñecer os puntos e rectas notables de calquera triángulo.
- Resolver problemas aplicando o teorema de Pitágoras.
- Calcular a área de polígonos regulares.
- Distinguir poliedros e os seus tipos.
- Recoñecer poliedros regulares.
- Diferenciar os elementos e os tipos de prismas e pirámides.

- Calcular áreas e volumes de corpos xeométricos.
- Resolver problemas que impliquen o cálculo de áreas e volumes.

Instrumentos que se utilizan para avaliar:

- Autoavaliación individual dos estudantes mediante a realización das tarefas propostas.
- Proba escrita.

URL da proposta

<http://centros.edu.xunta.es/iesdefene/?q=node/322>

15. KINETIC THEORY, STATES OF MATTER

Antón Casal Puga

Xustificación

A proposta didáctica é unha aproximación á teoría cinética e aos estados de agregación da materia. O seu título é KINETIC THEORY. STATES OF MATTER. Empréganse o inglés e o galego.

Nivel

3º ESO

Número de sesións

5

Recursos TIC utilizados

A proposta está elaborada como 6 bloques LIM (states 1 ata o 6), e na súa elaboración foron utilizados entre outros os seguintes recursos: vídeos de YouTube, Audacity, xerador Loquendo, Format Factory, Gimp, Windows Movie Maker, etc.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

Obxectivos da materia (FQ 3º ESO):

(específicos para esta proposta)

- Estudar a teoría cinética para comprender a estrutura interna da materia.
- Coñecer as propiedades de sólidos e líquidos e interpretalas co modelo cinético.
- Estudar os cambios de estado e interpretalos co modelo cinético.
- Estudar as propiedades xerais dos gases e interpretalas co modelo cinético.

Obxectivos da Lingua Estranxeira (Inglés):

- Expresarse utilizando linguaxe verbal e non verbal.
- Extraer información específica das actividades de listening relacionadas coa FQ.
- Utilizar estratexias adquiridas de lectura para identificar as ideas principais en diferentes textos relacionados coa estrutura da materia.
- Identificar, aprender e utilizar as regras gramaticais e as estruturas de forma correcta.

- Valorar a importancia de utilizar a lingua estranxeira para acceder á información nese idioma a partir de diversas fontes.

Contidos

Contidos de FQ:

- A teoría cinética.
- Enunciado e explicación dos postulados fundamentais da teoría cinética da materia.
- Relación entre a axitación permanente das partículas e o movemento browniano: difusión e osmose.
- Propiedades de sólidos, líquidos e gases. Cambios de estado.
- Explicación dalgunhas propiedades xerais e específicas dos estados sólido, líquido e gasoso, de acordo cos postulados da teoría cinética.
- Representación gráfica dos procesos de fusión, evaporación, ebulición e sublimación e interpretación de acordo coa teoría cinética.
- Utilización da curva de quentamento da auga para explicar os intercambios de calor e as variacións de temperatura que se producen durante os cambios de estado dunha substancia desde o estado sólido ata o estado gasoso.

Contidos lingüísticos:

- Actividades de listening, reading, writing, speaking relacionadas coa estrutura da materia.
- Actividades relacionadas co vocabulario propio da FQ.
- Actividades en grupo, grupos pequenos, e en parellas.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Lingua Estranxeira

Fundamentalmente nesta proposta son as materias de Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, e Matemáticas, as que están máis directamente relacionadas, tanto dende o punto de vista da Ecoloxía como da Saúde.

Valores que se traballan

Trabállanse sobre todo os valores relacionados coa Educación Medioambiental e a Educación para a saúde, estudándose os problemas de contaminación, quentamento global, e algunhas características do sangue (presión osmótica).

Proposta de tarefas por sesións

A proposta de actividades por sesións é orientativa e modificable en función do desenvolvemento da unidade didáctica en conxunto, tanto dende o punto de vista da FQ como do Inglés, atendendo aos distintos niveis e ritmos de aprendizaxe en ambas as materias.

Tendo isto en conta, dividiríanse as actividades agrupando os 6 bloques segundo conveña. O primeiro bloque serviríanos para determinar os coñecementos previos do alumnado sobre a estrutura da materia, e tamén o nivel de inglés que posúen os alumnos e alumnas.

Algúns dos bloques implican cálculo para cambiar unidades de temperatura, e, por tanto, necesitarán algo de tempo da sesión para a explicación do profesor das ecuacións necesarias, así como o repaso dos termos empregados en inglés (plus, minus, times...) nas expresións matemáticas.

Ao longo do desenvolvemento da unidade podemos introducir elementos de debate sobre Medioambiente, en pequenos grupos, así como o tratamento dalgúns aspectos relevantes de vocabulario en xeral: prefixos e sufixos, tanto aqueles máis frecuentes (un-, -able, etc.) como aqueles de orixe clásica (hyper-, hypo-, iso-, semi-...).

Así mesmo, a unidade inclúe tratamento de gráficos, dende o punto de vista da FQ, así como actividades de listen and repeat, dictation... e estruturarase de forma que estas últimas se poidan realizar en forma de work in pairs.

A actividade final, que pode ser máis ou menos ampla en función do tempo que teñamos, estruturarase de forma que se conclúa cunha presentación en Powerpoint ou Impress, realizada por grupos de dous estudantes que realizarán a exposición oral de 4/5 minutos cada un, de forma que nos sirva como avaliación da competencia oral, e como revisión do aprendido durante a unidade.

Criterios e instrumentos de avaliación

Criterios de avaliación:

- Utilizar o modelo atómico-molecular para describir a natureza dos átomos, as moléculas e os cristais.
- Describir o modelo cinético da materia para explicar a estrutura interna das partículas que interaccionan e o baleiro.
- Coñecer as propiedades dos líquidos e dos sólidos, como a temperatura, a dilatación, a densidade e a tensión superficial, e explicalas co modelo cinético.
- Nomear e describir os cambios de estado, utilizando o modelo cinético.
- Coñecer as características das temperaturas e as calores dos cambios de estado e aplicalas correctamente.
- Explicar as propiedades dos gases, como a temperatura, a fluidez, a difusión, a expansión e a presión, utilizando o modelo cinético.
- Utilizar correctamente o vocabulario relacionado coa unidade.
- Ser capaz de utilizar as distintas estratexias de lectura para extraer información de vídeos, arquivos de audio e diferentes escritos.
- Ser capaz de utilizar adxectivos descritivos e adverbios de frecuencia correctamente.
- Ser capaz de comprender a construción de palabras con prefixos e sufixos.

Instrumentos de avaliación:

Ademais da observación directa do desenvolvemento da unidade por parte do alumnado e a actividade global final, todas as actividades propostas poden ser utilizadas como instrumentos de avaliación. En todo caso prestarase especial atención ao manexo das TIC e á actitude do alumnado fronte ás actividades en grupo.

URL da proposta

<http://www.fq3rdesobs.blogspot.com/>

16. MATERIAIS: METAIS E PLÁSTICOS

Osvaldo Gutiérrez Pérez

Xustificación

A presente proposta didáctica pretende achegar o estudo dos metais e dos plásticos aos alumnos para desenvolver as habilidades necesarias no mundo que nos rodea. Este estudo ponlle de manifesto que os metais e os plásticos están moi presentes na vida cotiá. Ademais, a interacción que estes producen co medio debido á súa extracción e durabilidade achégao á idea de respecto ao medio ambiente. Os idiomas empregados son Inglés e Castelán.

Nivel

3º ESO

Número de sesións

4

Recursos TIC utilizados

- Smart Board ou Encerado Dixital Interactivo
- Proxector
- Computadores persoais
- Software: Procesadores de Texto, Notebook para uso no encerado dixital, EdLIM para a elaboración de actividades interactivas do profesorado, Mozilla Firefox para visitar as páxinas web relacionadas co tema.

Competencias básicas que se traballan

Competencia matemática, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá e competencia para aprender a aprender.

Obxectivos

Obxectivos da materia:

- Coñecer o significado das propiedades mecánicas básicas dos materiais.
- Discriminar os distintos metais atendendo ás súas propiedades.
- Identificar os distintos metais nas aplicacións técnicas máis usuais.
- Manipular coas técnicas e ferramentas apropiadas os materiais metálicos á hora de construír pequenos proxectos.
- Identificar os distintos tipos de plásticos polas súas propiedades e aplicacións técnicas máis usuais.
- Manipular coas técnicas e ferramentas apropiadas os materiais plásticos á hora de construír pequenos obxectos.
- Coñecer a orixe e os procesos utilizados na elaboración de obxectos de plásticos.

Obxectivos na lingua estranxeira (Inglés):

- Desenvolver as capacidades, habilidades e destrezas que caracterizan o ensino e aprendizaxe dunha lingua estranxeira: escoitar, falar, ler, escribir, así como a interacción oral.
- Aumentar a capacidade de lectura e comprensión de textos escritos en inglés na materia, así como tamén en calquera outro medio escrito que o alumno poida atopar, textos a pé de imaxes ou información consultada en Internet e outros medios de comunicación.
- Facilitar a adquisición de vocabulario e terminoloxía específica de carácter técnico así como expresións de utilidade na vida cotiá coas que o alumnado irá familiarizándose ao longo do desenvolvemento das actividades durante o curso.
- Fomentar no alumnado a participación activa na comunicación oral nas clases debido a que unha lingua é un vehículo de comunicación e intercambio de ideas entre as persoas.
- Fomentar o traballo de equipo entre o profesorado especialista de inglés e o profesorado AICLE/CLIL.
- Crear un banco de recursos materiais, bibliográficos, documentais, programas informáticos, recursos audiovisuais, recursos telemáticos, etc. de procedencia propia ou ben adquiridos.

Contidos

- Clasificación dos materiais atendendo á súa orixe e ás súas propiedades.
- Materiais férricos. Procesos de extracción e obtención.
- Aceiros e fundicións. Propiedades características e aplicacións.
- Metais non férricos.
- Cobre e as súas aliaxes. Propiedades e aplicacións.
- Aluminio e as súas aliaxes. Propiedades e aplicacións.
- Propiedades dos materiais e ensaios máis característicos.
- Definición e clasificación dos plásticos. Propiedades.
- Procesos de fabricación dos plásticos.
- Métodos de conformación de obxectos fabricados con plásticos.
- Técnicas e ferramentas básicas para o traballo con plásticos.
- Tipos de plásticos. Propiedades e métodos prácticos de identificación.
- Reciclaxe dos plásticos.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Lingua Estranxeira

Hai unha gran complementariedade coa materia de Física e Química na comprensión dos procesos químicos de formación dos plásticos e do estudo de metais como elementos da táboa periódica, cada un coas súas propiedades e características. O uso de ferramentas informáticas e recursos TIC son complementados con outros módulos da materia mesma de Tecnoloxía que trata sobre estas cuestións.

Por último, o uso instrumental de ferramentas matemáticas, na súa dimensión xusta e de xeito fortemente contextualizada, contribúe á análise das aliaxes nos metais.

Valores que se traballan

O desenvolvemento dos contidos científicos e técnicos, así como a propia metodoloxía utilizada na materia de Tecnoloxía, posibilitan o desenvolvemento no alumnado doutras capacidades que complementan a súa formación. Desta forma potencianse valores de liberdade, solidariedade, tolerancia e respecto cara ás demais persoas, culturas e sociedades en xeral, a través dos contidos das áreas transversais: Educación para a paz, Educación do consumidor, Educación para a igualdade, Educación ambiental e Educación para a saúde.

Proposta de tarefas por sesións

Presentación da actividade:

Desenvolvemento da actividade utilizando o contido do arquivo metals_plastics.notebook no programa NOTEBOOK para o EDI durante tres das catro sesións e do arquivo plastics.lim na última sesión. (elaborado no programa EdLIM).

A secuencia das actividades é a seguinte:

SESIÓN 1: explicación detallada dos contidos referidos aos metais. Utilización dos contidos no arquivo metals_plastics.notebook e das ligazóns que aparecen neste arquivo a páxinas web que tratan o tema e enriquecen os coñecementos sobre os metais nos alumnos.

SESIÓN 2: continúaase utilizando o arquivo metals_plastics.notebook pero nesta ocasión no grupo de páxinas que corresponden aos exercicios sobre metais para realizar actividades interactivas cos alumnos no EDI.

SESIÓN 3: explicación detallada dos contidos referidos aos plásticos. Utilización dos contidos no arquivo metals_plastics.notebook e das ligazóns que aparecen neste arquivo a páxinas web que tratan o tema e enriquecen os coñecementos sobre os plásticos nos alumnos.

SESIÓN 4: realización dos exercicios interactivos individuais en EdLIM por parte dos alumnos utilizando o arquivo plastics.lim para afianzar a aprendizaxe do tema dunha maneira máis atractiva e interactiva co uso dos recursos TIC.

Cráterios e instrumentos de avaliación

Cráterios de avaliación curricular:

Os principais cráterios de avaliación correspóndense cos asignados ao currículo de 3º da ESO e implican que o alumando sexa capaz de:

- Describir as propiedades básicas dos metais férricos (aceiro e fundición) e dos metais non férricos (cobre e aluminio).
- Identificar os distintos metais nas aplicacións técnicas máis usuais, valorando as repercusións ambientais da súa explotación, uso e reciclaxe.
- Coñecer e describir os procesos de elaboración do aceiro e dalgunhas outras aliaxes.
- Describir as propiedades básicas dos plásticos.
- Identificar os distintos tipos de plásticos polas aplicacións técnicas máis usuais.
- Coñecer e describir os distintos procesos de elaboración dos plásticos.

Instrumentos que se utilizan para avaliar:

Os instrumentos de avaliación serán as propias actividades propostas na unidade didáctica e o seguimento na aula-taller por parte do profesorado das achegas nas actividades de grupo. Para isto terase en conta o seguinte:

- O traballo no taller con materiais metálicos e plásticos, comerciais e reciclaxes, empregando as ferramentas apropiadas de forma adecuada e segura.
- Utilización dos elementos de protección e seguridade no taller.
- Identificación dos distintos tipos de metais e plásticos realizando a análise de obxectos con pezas.
- Aplicación das normas de organización, seguridade e control de materiais, ferramentas e equipos.

URL da proposta

<http://www.webquest.es/wq/materiais-metals-e-plasticos>

17. 0 TRANSISTOR BIPOLAR

José Ángel Lozano Prieto

Xustificación

Emprego de materias interactivas para facilitar a adquisición tanto de coñecementos técnicos como de vocabulario inglés específico sobre o transistor bipolar, dentro do temario de electrónica básica da materia de Tecnoloxía bilingüe.

Nivel

3º ESO

Número de sesións

2

Recursos TIC utilizados

- Vídeo YouTube.
- Audacity para os ditados e exercicios de pronunciación.
- EDILIM con 17 actividades.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital e competencia para aprender a aprender.

Obxectivos

- Entender como funciona un transistor.
- Distinguir un transistor PNP dun NPN e sabelo representar correctamente.
- Coñecer as súas características técnicas, patillaxe, rexións e modos de operación, correntes, polarización e potenciais.
- Adquirir vocabulario en inglés sobre os transistores e practicar a súa pronunciación correcta.
- Saber extraer a información máis importante dun vídeo en inglés sobre os transistores.
- Resolver os exercicios propostos.

Contidos

- O transistor PNP e NPN; características técnicas, patillaxe, rexións e modos de operación, correntes, polarización e potenciais, simboloxía.
- Vocabulario en inglés.
- Vídeo e ditado.
- Exercicios prácticos.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

- Lingua Estranxeira
- Tecnoloxía
- Electrónica básica

Valores que se traballan

Vontade de querer aprender.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1: actividades da 1 á 7

Vídeo presentación en inglés, características, modos de operación, terminais e un ditado en inglés.

SESIÓN 2: actividades da 8 á 17

Terminais, polarización, pronunciación de terminoloxía en inglés, tipos de transistores, exercicios de cálculo de potenciais. Análise dun circuíto sinxelo.

Criterios e instrumentos de avaliación

- Para o vídeo: visualizar 2 ou 3 veces e responder por escrito as preguntas do profesor sobre os contidos.
- Para o ditado: reproducir 2 ou 3 veces. Mostrar a solución e comentar os erros cos alumnos.
- Para as actividades: o EDLIM ofrece as solucións correctas. Comprobar resultados ao final da actividade.

URL da proposta

<http://tecnorafaeldieste.blogspot.com/>

18. REVISION OF ELECTRICITY

Ana Esperanza Villar Romarís

Xustificación

A proposta está pensada para facer unha introdución sobre o tema de electricidade, retomando contidos xa coñecidos polo alumnado pero introducindoos en lingua inglesa.

Nivel

3º ESO

Número de sesións

6

Recursos TIC utilizados

- Presentación en Impress sobre o tema de electricidade.
- Vídeo elaborado por Hilaroad.com “electricity”.
- Elaboración das actividades editadas con LIM e EDI.
- Elaboración de boletíns de exercicios elaborados co Writer.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

- Coñecer as magnitudes fundamentais da corrente eléctrica e as leis que as interrelacionan.
- Comprender o funcionamento dos circuitos eléctricos.
- Saber montar un circuito eléctrico de forma autónoma en función dunha necesidade concreta.
- Coñecemento do vocabulario básico sobre electricidade.
- Saber expresar en lingua inglesa accións simples que transcorren nun circuito eléctrico.

Contidos

- Corrente eléctrica. Magnitudes fundamentais. Lei de Ohm.
- Resistencia eléctrica. Tipos de resistencias. Asociación de resistencias.
- Dispositivos de control nun circuito eléctrico: interruptores unipolares, pulsadores, conmutadores.
- Instalacións eléctricas nas vivendas: punto de luz simple, punto de luz conmutado.
- Dispositivos de protección: interruptor diferencial, interruptor xeral automático e pequenos interruptores automáticos.

- Potencia eléctrica. Interruptor de control de potencia.
- Vocabulario dos distintos tipos de dispositivos eléctricos máis comúns.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

- Lingua Estranxeira
- Matemáticas
- Ciencias da natureza
- Física e química

Valores que se traballan

- Respecto polas normas de seguridade e hixiene.
- Disposición favorable cara ao traballo en grupo.
- Interese polas ideas dos demais compañeiros.
- Curiosidade polo que foi a evolución da electricidade no longo da historia.
- Analizar criticamente as consecuencias da utilización masiva da electricidade. O aforro enerxético.
- Fomentar a autonomía no traballo e a autoaprendizaxe.

Proposta de tarefas por sesións

Posto que se trata dun repaso (e afondamento nalgúns puntos) dun tema xa coñecido polo alumnado, o traballo desenvolverase por parellas de maneira completamente autónoma:

- Terán que estudar a presentación do tema.
- Realizar os boletíns de exercicios segundo un calendario que se lles entrega ao alumnado (cada sesión deberán entregar un boletín de exercicios ou realizar unha das actividades EDI ou LIM).

Criterios e instrumentos de avaliación

- Corrección dos exercicios realizados por parellas.
- Valoración da capacidade de traballo realizado en grupo.
- Realización de dúas autoavaliacións ao longo da unidade para controlar as aprendizaxes individuais.
- Realización dunha proba final.

URL da proposta

<http://tecnoloxia-iesdepastoriza.blogspot.com/>

19. NUTRITION IN HUMANS. THE DIGESTIVE SYSTEM

Raquel Vázquez Quindimil

Xustificación

Escollín esta unidade didáctica sobre nutrición para a asignatura de Bioloxía de 3º da ESO porque considero que é un tema que lles interesa aos alumnos, no que se poden relacionar os contidos traballados co seu contorno, xa que continuamente están a saír noticias relacionadas coa nutrición. Ademais, constitúe un reto persoal buscar, e, neste caso, deseñar recursos atractivos e motivadores que poidan dinamizar as clases.

Nivel

3º ESO

Número de sesións

5

Recursos TIC utilizados

- Web educativa kidshealth.org.
- Dicionario on-line word reference.
- Banco de imaxes do CNICE.
- Banco de vídeos YouTube.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

- Diferenciar entre alimento e nutriente, alimentación e nutrición.
- Recoñecer os principios inmediatos para o ser humano.
- Coñecer as función dos diversos sistemas e aparellos involucrados na nutrición.
- Desenvolver hábitos saudables no tocante á alimentación.
- Valorar a importancia da dieta equilibrada e a súa repercusión na saúde.
- Coñecer as principais enfermidades relacionadas coa alimentación.

Contidos

- A nutrición e a alimentación.
- Os alimentos. A pirámide dos alimentos.

- Os nutrientes. Tipos.
- Os aparellos involucrados na nutrición.
- O aparello dixestivo. A dixestión.
- O procesamento dos distintos alimentos.
- A dieta mediterránea.
- Alimentos principais da dieta mediterránea.
- Principais enfermidades relacionadas con dietas non equilibradas.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Non só é unha unidade claramente de bioloxía senón que implica unha transversalidade traducida en:

- Área da linguaxe, xa que se esixe a lectura comprensiva dos diversos contidos para poder facer despois as actividades que se lles piden.
- Tamén se pode ver relación coas matemáticas, xa que deben comprender os tantos por cento, así como interpretar gráficos sinxelos.
- Relacionada con química orgánica. Para recoñecer os nutrientes implica tamén coñecer as biomoléculas, tales como carbohidratos, lípidos, etc.
- E por último, obviamente relaciónase coa materia de inglés.

Valores que se traballan

Claramente debe ter unha incidencia directa na educación para a saúde, xa que se persegue que os alumnos desenvolvan rutinas esenciais para ter un hábito de vida saudable e de autonomía persoal.

Proposta de tarefas por sesións

Posto que a unidade deseñada se compón de vinte páxinas, feitas en EDI, e nelas inclúo non só actividades, senón tamén contidos teóricos, decidín facer a secuenciación respecto ás cinco sesións previstas, dedicando unhas catro páxinas por sesión, onde se traballarían a teoría e se realizarían as actividades previstas.

Criterios e instrumentos de avaliación

Criterios de avaliación:

- Coñecer aspectos básicos da nutrición.
- Explicar a diferenza entre alimentación e nutrición.
- Función dos distintos aparellos que interveñen na nutrición.
- Explicar os cambios do alimento ao longo do proceso dixestivo.
- Recoñecer os principais alimentos da dieta mediterránea.
- Coñecer as enfermidades máis importantes relacionadas coa alimentación.

Instrumentos de avaliación:

- Ficha persoal.

- Observación directa.
- Valoración das actividades feitas.
- Pequena proba escrita.

URL da proposta

<http://centros.edu.xunta.es/iesbreamo/moodle/course/view.php?id=111>

20. A QUIMERA, MORTA OU MÁIS VIVA QUE NUNCA?

UNHA REFLEXIÓN SOBRE A PRESENZA DA CULTURA CLÁSICA NA SOCIEDADE CONTEMPORÁNEA

Fernando Domènech Rey

Xustificación

Trátase dunha proposta de espírito integrador e transdisciplinar, na que nun primeiro momento se estuda a figura do monstro chamado *Quimera* dende o punto de vista da Mitoloxía clásica, para pasar nunha segunda fase a estudar un amplo abano de presenzas súas na cultura contemporánea: a lingua común (estúdanse diversas linguas en España e Europa), a arquitectura, a literatura e a linguaxe científica (en 4 disciplinas), para concluír cun panorama da súa presenza na cultura popular (videoxogos, cómic e cine).

Nivel

3º e 4º ESO

Número de sesións

3

Recursos TIC utilizados

Programa de EDI Smart (interactividade en pantalla), ligazóns a internet, vídeo, imaxes, gravación sonora e animación Flash, blog.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital, competencia cultural e artística, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

O obxectivo é facerlle comprender ao alumnado a importante presenza da Cultura Clásica na sociedade contemporánea. Precisamente escóllense algún dos produtos culturais máis valorados por eles (cómic, videoxogos...) e campos de traballo que pertencen a outras materias que estudan (literatura, bioloxía, linguas estranxeiras, expresión plástica). Xa que logo, espérase que se analizando só un microexemplo como este, os resultados son tan ricos, o alumnado deducirá facilmente que o resultado xeral para o resto da Mitoloxía e Cultura clásicas debe ser loxicamente impresionante.

Na proposta intégranse de modo natural os obxectivos lingüísticos, dos que o fundamental é o enriquecemento do vocabulario dos alumnos en inglés, galego e castelán, mediante o estudo de textos que pertencen a rexistros lingüísticos moi diferentes.

Contidos

Contidos de Cultura clásica:

- Descrición da *Quimera* na Mitoloxía clásica.

- Presenza da palabra “quimera” na linguaxe común dun abano de linguas europeas.
- Presenza no vocabulario da arquitectura e no científico.
- Presenza na literatura.
- Presenza na cultura popular (videoxogos, cómics, cine).

Contidos de lingua estranxeira: ao tratarse dunha proposta marcadamente transdisciplinar, aproveitaremos a oportunidade que nos brinda de poder estudar os trazos e características dos diversos rexistros da lingua que aparecen reflectidos nos textos que incorporamos:

- Rexistro coloquial en que ás veces se expresa “quimera” nas súas viñetas.
- Rexistro formal (artigos xornalísticos, entradas de dicionarios ou enciclopedias en liña).
- Rexistro literario (no poema “Camouflaging the Chimera”).
- Rexistro científico.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

- Lingua e Literatura castelá e galega: a proposta complementase con textos nestas linguas onde “quimera” estea presente.
- Linguas Estranxeiras: das linguas que se estudan no currículo do noso IES, aludiremos a que todo o dito nesta proposta sobre a palabra quimera é aplicable á lingua francesa.
- Educación Plástica e Visual: no vídeo inicial preséntanse creacións de artistas contemporáneos onde se representa a modernidade desta figura. Tamén se alude ao mundo do cómic, videoxogo e cine.
- Ciencias Naturais (1º ciclo da ESO), Bioloxía (4º ESO): é un dos núcleos importantes da proposta: o vocabulario científico referido ao currículo destas materias.
- Ciencias Sociais (Historia da Arte, 1º e 4º da ESO): alúdese igualmente a representacións grecorromanas ou renacentistas da *Quimera* e Belerofonte.

Valores que se traballan

- O valor fundamental que inspira a proposta é fomentar o talante transdisciplinar, integrador e humanista no alumno/a. Valor que é a propia esencia do humanismo clásico, que a materia de Cultura clásica aspira a transmitir.
- O aprecio polo mundo clásico como base dunha cultura que non é só galega ou española, senón europea e por extensión occidental. Isto quere dicir que coñecendo a presenza do mundo clásico na nosa sociedade ao mesmo tempo estamos poñendo as bases para coñecer mellor a cultura dos países veciños en aras da creación dunha verdadeira Unión Europea dos cidadáns. O mundo clásico achega unha extensa bagaxe que nos é común: dende a lingua á ciencia, pasando pola literatura e as artes. E non falamos só de pasado, senón tamén dunha fonte de creación de traballos de última xeración, que ademais é moi do gusto e interese do alumnado.
- O aprecio polas linguas clásicas como dadoras de centos de raíces e morfemas que conforman parte do vocabulario (fundamentalmente científico, mais non só) das linguas europeas.
- O gusto polo goce estético, pola contemplación dun mesmo motivo que foi interpretado de moi diversas maneiras dende os mosaicos con 25 séculos de antigüidade e cómics recentemente editados.
- O fomento do interese polo traballo coas TIC, como útiles ferramentas que son, corrixindo así unha visión moi reducionista dos alumnos en canto ao uso do ordenador (chats, redes sociais, xogos e pouco máis).

- O fomento do espírito participativo do alumnado no proceso de aprendizaxe e o abandono da actitude pasiva tradicional como receptores de coñecementos.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1:

- tormenta de ideas propiciada polo visionado do vídeo (elaborado ex profeso) “The Chimera” que se atopa na páxina 3 do arquivo “the_chimera.notebook” (todas as páxinas citadas pertencen a dito arquivo, que se pode atopar na URL no punto 14).
- Explicación mitolóxica baseada nas páxinas 4, 5 e 6.
- Transición ao nó da cuestión coas páxinas 7 e 8.
- A voz “quimera” na linguaxe común de todas as linguas citadas na páxina 9. Abriremos sistematicamente as ligazóns creadas aos diversos dicionarios en liña.

SESIÓN 2:

- A *Quimera* na linguaxe da arquitectura; resposta á pregunta interactiva que figura na páxina 10.
- A *Quimera* na literatura: páxinas 11 e 12. Lectura detida e audición (na voz do propio autor) do poema Camouflaging the Chimera.
- Introducción á presenza da voz quimera na linguaxe científica. Pequena tormenta de ideas propiciada polas fotos da páxina 13. Que é unha “quimera” en xenética? Deducirémolo da ligazón a un artigo de xornal incluída na foto.

SESIÓN 3:

- A *Quimera* en paleontoloxía, zooloxía e botánica. Lectura das respectivas ligazóns. Traballaremos tamén cos nomes científicos das disciplinas correspondentes, relacionándoos con palabras de raíz común.
- Resolver o exemplo práctico da páxina 18 que nos levará ao último tema: a presenza da *Quimera* na cultura popular. Veremos unha por unha todas as ligazóns incluídas na páxina 19.
- Conclusións, propiciadas pola viñeta da páxina 20.

Criterios e instrumentos de avaliación

Criterios de avaliación curricular:

- Coñecer a descrición mitolóxica do monstro *Quimera*.
- Coñecer o significado da palabra “quimera” na linguaxe común do galego, castelán e inglés e polo menos unha lingua máis das analizadas.
- Coñecer o significado nas linguaxes científicas.
- Recoñecer a inspiración neste personaxe mitolóxico dun poema ou narración curta.
- Recoñecer a súa presenza nun cómic, videoxogo ou film.

Instrumentos de avaliación:

Entregarán unha presentación (Power Point, Open Office, Google Doc) que despois integraremos no blog de aula da Sección Bilingüe de Cultura Clásica www.landofpotters.blogspot.com. Nela tratarán obrigatoriamente os seguintes puntos:

- Descrición mitolóxica dun personaxe relacionado con *Quimera*: Pegaso, Belerofonte, os seus pais, algún outro monstro que pariu súa nai Equidna...).

- Comentario dun texto real (xornalístico preferiblemente) en inglés, onde apareza o significado da palabra na linguaxe común.
- Foto comentada dunha quimera arquitectónica que non pertenza á Catedral de Nôtre Dame.
- Foto comentada das diversas quimeras científicas.
- Comentario dun texto literario achegado polo profesor ou creación dun texto literario breve desta temática.
- Comentario dun videoxogo, cómic ou film a elección dos alumnos dunha longa lista achegada polo profesor ou creación dunha obra artística desta temática (debuxo, fotomontaxe, vídeo breve, cómic breve).
- Conclusión e valoración persoal do alumno.

URL da proposta

<http://landofpotters.blogspot.com/2010/01/chimera-activity-for-interactive.html>

21. EDICIÓN DE VÍDEO DIXITAL EN INGLÉS PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS DE TECNOLOXÍAS: ELECTRÓNICA DIXITAL

Fernando Ernesto Vázquez García

Xustificación

A proposta consiste en que os alumnos graven e editen un vídeo breve (máximo 2 minutos) do funcionamento dun proxecto feito por eles na unidade didáctica de electrónica dixital co programa windows movie maker en lingua inglesa.

Nivel

4º ESO

Número de sesións

5

Recursos TIC utilizados

- Windows movie maker
- Format Factory
- Portal YouTube
- Audacity (opcional)

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital, competencia cultural e artística, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

- Editar un vídeo dixital atraente traballando en parellas co programa windows movie maker.
- Converter diferentes formatos de imaxe, son e audio co programa format factory.
- Axudar a que o alumnado descubra a súa capacidade de facer os seus propios vídeos en lingua inglesa.
- Ser consciente da importancia de expresarse correctamente en inglés tanto oralmente como por escrito.
- Aproveitar o uso das TIC para motivar o alumnado na realización das tarefas.

- Fomentar o uso de Internet como ferramenta de busca e ampliación de información relacionada cos contidos da actividade.
- Aumentar a motivación do alumnado coa publicación dos seus proxectos en Internet nun portal como YouTube.

Contidos

- Edición de vídeo dixital: inserción de vídeos, imaxes, audio, efectos, transicións e títulos.
- Conversión de formatos de audio, imaxe e son. Formatos máis utilizados.
- Expresión oral e escrita en lingua inglesa.
- Publicación de vídeos en blogs e páxinas web.
- Autoconfianza no manexo do inglés.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

- Informática
- Inglés
- Educación plástica e visual

Valores que se traballan

- Autoestima e autoconfianza
- Traballo en equipo
- Gusto polo traballo ben feito

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1: edición de vídeo dixital. Visualización en inglés dun vídeo-tutorial do programa windows movie maker e explicación dos aspectos máis relevantes do programa.

SESIÓN 2: conversión de formatos de imaxe, audio e son: Format Factory. Gravación dos vídeos e toma das fotografías necesarias para a edición do mesmo.

SESIÓN 3-4: edición do vídeo. Incorporación de son.

SESIÓN 5: publicación en YouTube, presentación dos vídeos na clase e análise con posta en común.

Criterios e instrumentos de avaliación

Criterio de avaliación: gravar, editar e publicar un vídeo dixital atraente dun máximo de dous minutos de duración con imaxes, audio, gravacións de vídeo, efectos, transicións e títulos, co programa Windows Movie Maker utilizando correctamente a lingua inglesa.

Instrumento de avaliación: ficha de avaliación cos seguintes apartados: deseño e orixinalidade do vídeo, manexo e utilización das posibilidades do Windows Movie Maker, expresión oral en lingua inglesa e expresión escrita en lingua inglesa.

URL da proposta

<http://www.technovalle.blogspot.com/>

22. LINEAR AND QUADRATIC FUNCTIONS

Diego Álvarez Puente

Xustificación

A linguaxe gráfica é cada vez máis importante. Non hai actividade que non se apoie nunha gráfica para dar unha información. De aí a necesidade de que o alumnado aprenda a manexar esta poderosa ferramenta.

Para introducirse nas gráficas das funcións, as máis próximas son as polinómicas. De aí a conveniencia de comezar polas de 1º grao (rectas) e de 2º grao (parábolas).

Como consecuencia, a interpretación e resolución gráfica das ecuacións de 1º e 2º grao.

Nivel

3º e 4º ESO

Número de sesións

4

Recursos TIC utilizados

- Encerado dixital
- Programa Geogebra
- Programa LIM
- Vídeos
- Applets

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, tratamento da información e competencia dixital, competencia cultural e artística e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

- O alumno será capaz de interpretar unha gráfica cartesiana, comprendela e emitir unha opinión sobre ela.
- Comprenderá información gráfica, acerca de rectas ou parábolas, ou alxébrica, de funcións polinómicas de 1º ou 2º grao, e emitirá mensaxes orais, escritas e gráficas empregando o vocabulario específico de termos, conceptos, relacións e estruturas matemáticas de forma precisa e rigorosa.
- Relacionará una función polinómica de 1º grao cunha recta e viceversa.
- Manexará o concepto de pendente e ordenada na orixe.
- Relacionará unha función polinómica de 2º grao cunha parábola.
- Coñecerá e identificará as características das parábolas.

- Resolverá graficamente ecuacións de 2º grao.
- Comprenderá mensaxes orais e escritas en lingua inglesa sobre funcións e será capaz de expresarse cun vocabulario sinxelo, utilizando a terminoloxía adecuada nesa lingua.

Contidos

- Gráfica cartesiana dunha función.
- Ecuación das rectas horizontais e verticais.
- Ecuación das rectas oblicuas: pendente e ordenada na orixe.
- Función cuadrática: a súa gráfica.
- Vértice, eixe de simetría, puntos de corte cos eixes.
- Raíces dunha ecuación de 2º grao.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Matemáticas: alxebra e análise. Linguas.

Valores que se traballan

- Valoración da importancia das Matemáticas para describir e cuantificar situacións da vida real.
- Recoñecemento da incidencia dos novos medios tecnolóxicos na representación gráfica de informacións de diversa índole.
- Interese polo descubrimento, a estética das Matemáticas e a formalización de conceptos.
- Valoración da potencia das ecuacións alxébricas e a facilidade de uso das gráficas, así como das relacións entre a linguaxe gráfica e a alxébrica.
- Utilidade das ferramentas TIC como axuda inestimable para a comprensión de conceptos, relacións entre obxectos, axuda ao estudo, etc.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1: (uso de encerado dixital, LIM e Geogebra)

- Recordatorio das gráficas de funcións, con exemplos da vida real.
- Dedución da ecuación das rectas horizontais e verticais.
- Rectas oblicuas: concepto de pendente e ordenada na orixe.
- Presentación de exemplos para consolidar eses conceptos.
- Proposta de exercicios para resolver individualmente.

SESIÓN 2: (uso de encerado dixital, vídeo e Geogebra)

- Corrección de exercicios, propostas e aclaración de dúbidas.
- Proxección do vídeo “Parabolas in the real life”.

- Presentación da parábola asociada á función cuadrática $y = x^2$ e $y = x^2 + c$ (traslación vertical), e as súas características.

- Proposta de exercicios para resolver individualmente.

SESIÓN 3: (uso de encerado dixital e Geogebra)

- Corrección de exercicios propostos e aclaración de dúbidas.

- $y = (x - c)^2$ (traslación horizontal).

- Xeneralización: $y = ax^2 + bx + c$.

- Proposta de exercicios para resolver individualmente.

SESIÓN 4: (uso de encerado dixital e Geogebra).

- Corrección de exercicios propostos e aclaración de dúbidas.

- Raíces da ecuación de 2º grao. Resolución gráfica.

- Discriminante: tipos de solucións.

- Presentación de exemplos para consolidar eses conceptos.

- Proposta de exercicios para resolver individualmente.

Criterios e instrumentos de avaliación

Criterios e instrumentos de avaliación:

- Recoñecer e interpretar as características básicas das funcións lineares, afíns e cuadráticas.

- Representar estas funcións e achar as súas ecuacións a partir das gráficas.

- Resolver graficamente ecuacións de 2º grao.

Realizaranse exames nos que se inclúa este tema, así como de recuperación se é preciso.

Valorarase a realización das tarefas propostas, o caderno de clase do alumno, o nivel de coñecementos cando o alumnado sexa preguntado na clase sobre os contidos da unidade e o seu comportamento nesta.

Valorarase o grao de utilización da lingua inglesa tanto nas exposicións orais como escritas, sempre en sentido positivo.

URL da proposta

<http://centros.edu.xunta.es/iesmariacasares/moodle/course/view.php?id=56>

23. THE ELECTRICAL SYSTEM OF A HOUSE

José Manuel Martínez Loureiro

Xustificación

Dentro da materia “Iniciación profesional á electricidade e á electrónica”, un dos temas máis importantes é comprender como está feita a instalación eléctrica nunha vivenda.

Nesta unidade explícanse os seus compoñentes e como debería ser a instalación de acordo co Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión.

Nivel

4º ESO

Número de sesións

8

Recursos TIC utilizados

Encerado dixital, páxinas web, vídeos, webquest.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá e competencia para aprender a aprender.

Obxectivos

- Coñecer e utilizar os principais compoñentes e mecanismos utilizados nas instalacións eléctricas domésticas.
- Coñecer e utilizar as ferramentas propias tendo en conta as precaucións que se deben adoptar no uso das mesmas.
- Coñecer os riscos do uso inadecuado da corrente eléctrica tendo en conta as normas de seguridade existentes.
- Utilizar un vocabulario específico tanto oral como escrito para comunicar ideas.
- Interpretar gráficos, esquemas e planos eléctricos e electrónicos.

Contidos

- Simboloxía eléctrica.
- Compoñentes básicos da instalación eléctrica.
- Lámpadas.
- Elementos de protección e medida.

- Cadro xeral de mando e protección.
- Representación multifilar e unifilar.
- Electricidade e seguridade.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Iniciación profesional á electricidade e á electrónica. Linguas.

Valores que se traballan

O valor máis importante que se traballa é o da responsabilidade, xa que á hora de traballar con electricidade, o alumnado debe tomar conciencia da importancia da utilización dos elementos de protección e das medidas de seguridade.

A responsabilidade e o respecto tamén se traballan á hora da realización de circuítos eléctricos na aula-taller.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1: vocabulario

SESIÓNS 2-3-4: compoñentes

SESIÓNS 5-6-7: circuítos

SESIÓN 8: electricidade e seguridade

Criterios e instrumentos de avaliación

- Usar con propiedade o vocabulario específico de electricidade e electrónica.
- Manexar os instrumentos de medidas eléctricas e comprobación nas distintas prácticas que se realicen.
- Recoñecer os distintos tipos de circuítos existentes e explicar o seu funcionamento.
- Utilizar correctamente as ferramentas.
- Realizar distintos tipos de unións de compoñentes en circuítos eléctricos.
- Deseñar e construír unha instalación eléctrica doméstica utilizando elementos comerciais.

URL da proposta

<http://centros.edu.xunta.es/iesgregoriofdez/?q=node/100>

24. THE HUMAN BODY AND EXERCISE

Víctor E. Rodríguez Rodríguez

Xustificación

Breve presentación dos compoñentes do aparato locomotor e a súa implicación no exercicio físico, utilizando os libros interactivos multimedia como recurso TIC na aula e adaptado ao nivel de inglés do alumnado.

Nivel

4º ESO

Número de sesións

5

Recursos TIC utilizados

EdiLIM, Vdownloader, Format Factory, Windows Movie Maker, etc.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital e competencia para aprender a aprender.

Obxectivos

- Coñecer e entender os contidos en inglés relacionados coa actividade físico-deportiva e a saúde.
- Identificar as distintas partes do corpo e o seu funcionamento, utilizando a lingua inglesa.
- Coñecer o vocabulario básico en inglés empregado para describir un exercicio.
- Coñecer e aplicar as normas de seguridade á hora de facer un exercicio físico.
- Coñecer os beneficios para a saúde que ten a práctica de exercicio físico

Contidos

- O corpo humano e a saúde.
- O aparato locomotor. Sistema osteoarticular e sistema muscular.
- Coñecemento do principal funcionamento do aparato locomotor.
- Beneficios da práctica da actividade física.
- Análise da técnica de exercicios analíticos.
- Tratamento da información de artigos e vídeos e competencia dixital.
- Realización das tarefas prestando especial atención á competencia en comunicación lingüística.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

- Educación Física
- Bioloxía
- Inglés

Valores que se traballan

- Actitude crítica, coñecemento e valoración de hábitos e prácticas que prexudican a saúde.
- Autonomía, cooperación, tolerancia, respecto e deportividade.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1: the Human Body and Exercise 1.

SESIÓN 2: the Human Body and Exercise 2.

SESIÓN 3: the Human Body and Exercise 3.

SESIÓN 4: sesión práctica dos exercicios no ximnasio.

SESIÓN 5: avaliación dos exercicios no ximnasio.

Criterios e instrumentos de avaliación

Criterios de avaliación curricular:

- Pór en práctica os coñecementos do corpo humano e o seu funcionamento no momento de realizar un quentamento, estiramento ou exercicios analíticos.
- Analizar os efectos beneficiosos e de prevención que o traballo regular das capacidades do corpo supoñen para o estado de saúde.
- Manifestar unha actitude crítica ante a correcta realización dos diferentes exercicios.

Instrumentos que se utilizan para avaliar:

- Cuestionario onde o alumno reflectirá as diferentes respostas das distintas actividades nas tres primeiras sesións.
- Folla de observación para tomar as anotacións das prácticas desenvolvidas na 4ª sesión, así como o cuestionario que se levará a cabo en parellas para a avaliación da 5ª sesión.

URL da proposta

<http://peaguia.blogspot.com/>



CLIL BAC

A decorative graphic consisting of several blue hexagons of varying sizes arranged in a cluster on the right side of the page. One hexagon in the lower right contains the white letter 'E'.

E

1. MINERALS

Ana Pérez-Santamarina Feijoo

Xustificación

A presente proposta pedagóxica pretende a identificación de minerais básicos, mediante claves, a partir da observación dalgunhas das súas propiedades.

Nivel

1º e 2º BAC

Número de sesións

5

Recursos TIC utilizados

EDI, LIM, internet (vídeos, imaxes...).

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

- Adquirir conceptos básicos que posibiliten o coñecemento dos materiais da codia terrestre.
- Comprender os procesos de formación da materia cristalina.
- Valorar a importancia da observación e a experimentación para o coñecemento dos minerais.
- Distinguir os principais minerais e, especialmente, os do ámbito máis próximo.
- Valorar a importancia dos minerais na nosa vida diaria.
- Coñecer vocabulario específico, na lingua materna e inglesa, relacionado co tema.

Contidos

- Minerais, cristais e rochas.
- Cristalo xenese.
- A materia cristalina.
- Os minerais e as súas propiedades: propiedades físicas dos minerais e outras propiedades e características.
- Clasificación dos minerais.
- Depósitos minerais.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Esta unidade didáctica está relacionada coas materias de Ciencias para o Mundo Contemporáneo de 1º de bacharelato, Ciencias da Terra e Ambientais e Xeoloxía de 2º de bacharelato. Ademais tamén ten relación coas materias de Física e Química de 1º e 2º de bacharelato.

Lingua Inglesa.

Valores que se traballan

- Educación ambiental, por ser os minerais, como constituíntes das rochas, elementos integrantes do medio físico que é preciso manter e respectar.
- Educación moral e cívica, por canto o uso de todos os recursos, neste caso minerais, débese facer dunha forma racional.
- Educación do consumidor, en canto é preciso coñecer as utilidades dos minerais.
- Educación para a igualdade dos sexos, xa que se potencian as capacidades tanto dos alumnos coma das alumnas.

Proposta de tarefas por sesións

As dúas primeiras sesións serán teóricas. Nas sesións 3ª, 4ª e 5ª, ademais de recoñecer e identificar distintas mostras minerais no laboratorio, utilizarase o material elaborado nas tarefas 2 e 3 do PALE C: “MINERALS” (EDI, LIM) coas súas actividades correspondentes:

- As páxinas 1, 2, 3, 4, 7 e 8 de LIM conteñen explicacións sobre algunhas propiedades físicas dos minerais (brillo, dureza, raia e cor).
- As páxinas 5, 6, 9, 10, 11 e 12 conteñen actividades de relacionar, resposta múltiple, clasificar, identificar minerais e adiviñar a palabra secreta.
- Na páxina 2 de EDI un vídeo en inglés explica e resume as propiedades explicadas anteriormente.
- As páxinas 3, 4, 5, 6, 7 e 8 de EDI explican outras propiedades que axudan a identificar minerais (magnetismo, sabor, reacción con HCl, densidade).
- Nas páxinas 9, 10 e 11 os alumnos realizarán 3 actividades (relacionar minerais con algunha das súas propiedades físicas, responder preguntas, realizar un encrucillado), para demostrar os coñecementos aprendidos.
- A páxina 12 contén 2 enlaces a páxinas web que axudarán o alumno a ampliar os seus coñecementos.
- Estas actividades poderán ser colgadas, no seu momento, na páxina web do instituto.

Criterios e instrumentos de avaliación

Criterios de avaliación curricular:

- Recoñecer as características da materia cristalina.
- Describir os mecanismos e condicións que conducen á formación dos cristais na natureza e as súas características.
- Identificar minerais básicos, mediante claves, a partir da observación dalgunhas das súas propiedades.
- Recoñecer os minerais máis comúns.
- Diferenciar algúns minerais especialmente importantes pola súa abundancia ou o seu interese económico e utilidade.

Instrumentos que se utilizan para avaliar:

Para a avaliación realizaranse dúas probas: unha proba teórica ao finalizar a unidade e un exame práctico de recoñecemento de minerais (exame *de visu*). Ademais terase en conta o traballo e a intervención dos alumnos na clase.

URL da proposta

<http://espazo.cifprodolfoucha.es:3400/anaps/>

2. THE HUMAN BEING. NATURE AND CULTURE

Mercedes Rodríguez López

Xustificación

A presente proposta pretende expor as concepcións máis importantes sobre a orixe e natureza do ser humano, as características físicas e culturais do mesmo, a tensión natureza/cultura e a súa inmersión na sociedade.

Nivel

1º BAC

Número de sesións

5

Recursos TIC utilizados

EDI, LIM, Internet, Vídeos

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

Non lingüísticos:

- Adquirir os conceptos básicos que posibilitan a comprensión do ser humano nas súas vertentes anatómica e cultural.
- Reflexionar sobre o carácter evolutivo, cultural e social do ser humano.
- Coñecer a existencia e importancia da diversidade cultural.
- Reflexionar criticamente sobre as posibles consecuencias negativas das diferentes actitudes cara á mesma.
- Entender que a cultura é unha característica que conforma o ser humano como especie e o individuo no seo dunha sociedade.

Lingüísticos:

- A adquisición do vocabulario propio desta unidade en inglés.

Contidos

- Filoxénese, antropoxénese e socioxénese.
- Teorías fixistas e evolucionistas.

- Proceso de hominización e humanización.
- A especificidade do ser humano: física e cultural.
- O concepto de cultura e contidos da mesma. Universais culturais.
- Diversidade cultural: etnocentrismo e relativismo cultural. Posibles consecuencias de tales actitudes
- A adquisición e asimilación da cultura no seo da sociedade.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Ademais da materia e nivel para os que vai dirixida, esta proposta está relacionada coas seguintes áreas e materias. Por un lado, as explicacións e conceptos de carácter máis “científico-natural” permiten relacionala coas materias de Bacharelato de Ciencias para o mundo contemporáneo e Bioloxía e Xeoloxía. Por outro, na súa vertente máis “científica-social”, filosófica e ética, enlaza co currículo da Introducción á Antropoloxía (optativa en 2º de Bacharelato) e pode ser utilizada, aínda que con certas adaptacións, nas materias de Educación para a cidadanía na ESO.

Lingua Inglesa.

Valores que se traballan

- Educación para a paz, estimulando a comprensión e reflexión críticas sobre a diversidade individual, cultural e social.
- Educación cívica, por entender que o ser humano é social e libre por natureza e ten a capacidade de dotarse de normas e leis que rexen a súa convivencia.
- Educación para a igualdade de xénero, favorecendo actitudes non sexistas por entender que aquel é un rol aprendido socialmente.
- Educación ambiental, estimulando a comprensión do medio físico como un factor que o ser humano, como ser intelixente, responsable e libre, pode manipular e, ao mesmo tempo, debe coidar.

Proposta de tarefas por sesións

As explicacións e actividades das tres primeiras sesións están recollidas no LIM. As explicacións aparecen resumidas en breves presentacións nas páxinas 2-7.

- Na 1ª sesión, despois de explicar as principais teorías acerca do ser humano, as actividades que os alumnos deben realizar son as que aparecen no LIM nas páxinas 8 (Answer the following questions), 9 (Classify these sentences) e 10 (Match the correct words and expressions).
- Na 2ª sesión explicárase o proceso de hominización, as características dos primates e dos seres humanos e proporáanse as actividades da páxina 11 (Solve de puzzle) e 12 (Drag the labels).
- Na 3ª sesión son explicados os conceptos e contidos cultura, etnocentrismo e relativismo cultural. As actividades correspondentes están recollidas na páxina 13 (Find the correct word). As restantes páxinas (ata a 16) son actividades de repaso do anterior co fin de fixar contidos (Find the correct word according to the sentences; Identify some human traits; Nature or culture?).

As actividades e explicacións correspondentes ás dúas últimas sesións son presentadas en formato EDI.

- Na 4ª sesión recupéranse os conceptos de cultura, etnocentrismo e relativismo cultural co fin de explicar as posibles consecuencias que poden derivarse dos dous últimos e introdúcense moi brevemente conceptos de carácter máis sociolóxico (sociedade; socialización; axentes de socialización...).

- A 5ª sesión será dedicada exclusivamente á realización de actividades que aparecen no encerado dixital na páxinas 12-16. 1. This image... represents a case of... (páxina 12). 2. A universal cultural is... (páxina 12). 3. Identify these images... (páxina 13). 4. Answer these questions... (páxina 14). 5. Classify these words (páxina 15). 6. Have a guess! (páxina 16)

Criterios e instrumentos de avaliación

Os criterios principais son os seguintes:

- Coñecer os principais conceptos do tema tratado.
- Recoñecer as principais teorías sobre a orixe do ser humano.
- Recoñecer os trazos físicos e non físicos do ser humano como especie.
- Identificar os principais elementos da cultura.
- Coñecer as actitudes máis salientables ante a diversidade cultural.
- Identificar as consecuencias negativas ás que poden dar lugar tales actitudes.
- Identificar a socialización como proceso no que se transmite a cultura e os seus contidos.
- Distinguir entre cultura e sociedade.
- Identificar os tipos e axentes básicos de socialización.

Os instrumentos de avaliación serán os seguintes:

- Unha proba teórica, a realización dalgunhas das actividades propostas nesta unidade e o traballo e intervención dos alumnos na clase.

URL da proposta

<http://espazo.cifprodolfoucha.es/mercedesrl/>

3. MISTAKE YOURSELF! REVIEWING BASIC CONCEPTS IN THE HISTORY OF WESTERN PHILOSOPHY.

Manuel Torres Cubeiro

Xustificación

Na aula os alumnos traballan a historia da filosofía occidental a través dos seus grandes autores. Proponense 5 actividades de autoavaliación do alumnado para os cinco primeiros temas da materia (íranse sumando máis actividades ata cubrir o temario completo ao longo do presente curso).

Nivel

2º BAC

Número de sesións

5

Recursos TIC utilizados

- Ordenador
- Encerado dixital
- Internet

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

- Aprender e consolidar vocabulario básico técnico necesario para a materia nos tres primeiros bloques de contidos: introdución, filosofía grega e teoloxía católico-cristiá (en galego, castelán e inglés).
- Comprender e identificar activamente as cinco ramas da filosofía mediante preguntas filosóficas: ontoloxía, epistemoloxía, antropoloxía, filosofía política e ética.
- Usar e comprender os conceptos básicos relacionados cos dous primeiros filósofos da historia da filosofía occidental da materia: Platón e Aristóteles.
- Comprender os conceptos básicos relacionados coa teoloxía católico-cristiá medieval en Agostiño de Hipona (Patrística) e Tomé de Aquino (Escolástica).

Contidos

- Vocabulario técnico de filosofía.
- Filosofía Grega: Platón e Aristóteles.
- Teoloxía católica cristiá: Agostiño e Tomé de Aquino.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Historia de Europa, Linguas clásicas, Ciencia política, Lingua inglesa, Ética e cidadanía, Filosofía do dereito.

Valores que se traballan

Solidariedade, cidadanía, civismo, responsabilidade, esforzo, autoestima e autoavaliación.

Proposta de tarefas por sesións

Cada unidade (das cinco por agora deseñadas) está pensada para o traballo independente do alumno. Na aula (individualmente ou en grupos) traballouse previamente o contido da unidade con materiais dispoñibles na aula virtual da materia (<http://centros.edu.xunta.es/iescampodesanalberto/moodle/course/category.php?id=11>). As cinco actividades constitúen unha forma de autoavaliación do alumnado nas súas casas ou nas aulas do instituto coa supervisión do profesor. En cada unha búscase consolidar os contidos e o vocabulario técnico específico para a comprensión das clases, lectura de textos e actividade fundamental da materia que é a elaboración de textos escritos polo propio alumno a modo de ensaios filosóficos (probos PAU, véxase a normativa: <http://ciug.cesga.es/marcopaa.html>). Cada actividade ten un vídeo en inglés para repasar os conceptos básicos e un vídeo final en castelán a modo de seguro.

- Mistake yourself!: introdución ás actividades centrándose na repetición dun esquema aprendido nas clases. Cada rama da filosofía pódese asociar a determinados problemas filosóficos que son o centro dos temas e textos e que poden ser o corazón dos ensaios filosóficos dos alumnos.
- Plato: temas e conceptos fundamentais deste filósofo con especial atención á harmonía existente entre as distintas ramas da súa filosofía.
- Aristotle: temas e conceptos fundamentais do filósofo con especial atención á crítica que fai do seu mestre. Conceptos básicos de empirismo e racionalismo.
- Augustine of Hippo: temas e conceptos fundamentais deste teólogo da chamada Patrística, con especial atención á síntese que elabora entre a filosofía de Platón e os dogmas católicos que axuda a crear.
- Tomas Aquinas: temas e conceptos fundamentais deste teólogo da chamada Escolástica con especial atención á síntese que elabora entre a filosofía de Aristóteles, os dogmas católicos que definitivamente consolida e toda a teoloxía católica, árabe e xudía creada ata o século XIII.

Criterios e instrumentos de avaliación

- **Criterios de avaliación curricular:** usar os conceptos básicos traballados nas actividades (ramas da filosofía e os correspondentes a cada filósofo); elaborar ensaios filosóficos cunha introdución ou conclusión en inglés; identificar dos problemas filosóficos propios de cada rama; diferenciar entre empirismo (Aristóteles, Tomé) e racionalismo (Platón, Agostiño); diferenciar entre patrística (Agostiño) e escolástica (Tomé).
- **Instrumentos que se utilizan para avaliar:** de forma sucesiva, 1º test periódicos sobre temas concretos (comprobar e promover a aprendizaxe e memorización dos conceptos básicos e do esquema temporal da materia), 2º ensaios filosóficos sobre temas libres (fomentar a escritura creativa sobre temas filosóficos libres), 3º ensaios filosóficos pechados tipo selectivos; 4º exames co modelo de selectividade.

URL da proposta

www.mistakeyourself.triangol.com

4. THE MYTH OF THE CAVE

Benito Arbáizar Gil

Xustificación

Materiais didácticos en Inglés para Seccións Bilingües especialmente orientados ao ensino de Filosofía.

Nivel

1º e 2º BAC

Número de sesións

5

Recursos TIC utilizados

Imaxe, vídeo, gravación, Flash

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

- Desenvolver a capacidade de comprensión auditiva, expresión escrita e oral.
- Comprender a diferenza entre unha lectura literal e outra alegórica.
- Comprender os conceptos involucrados no mito.

Contidos

- Coñecemento sensible e racional.
- Pedagogía da visión.
- Estrutura do coñecemento.
- Escravitude e liberación.
- Ciencia e opinión.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

- Filosofía
- Ciencias Sociais
- Lingua e literatura
- Lingua Inglesa

Valores que se traballan

- Liberdade
- Perseverancia
- Superación
- Capacidade dialóxica
- Solidariedade

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1: introdución teórica (páxinas 2-4).

SESIÓN 2 e 3: 'reading' do mito da caverna tal e como é narrado na República. Trala lectura o alumno terá que responder individualmente unha serie de cuestións sobre o texto en inglés e despois traballar en grupo (páxinas 5-7).

SESIÓN 4: os alumnos farán tres listenings sobre o mito da caverna (cos exercicios correspondentes) identificando palabras illadas (páxinas 8-10).

SESIÓN 5: os alumnos escoitarán a gravación completa e responderán unha serie de preguntas sobre o sentido xeral do mito.

Despois verán unha animación sobre o mito e desenvolverán un 'writing' sobre a mesma.

Como despedida os alumnos desenvolverán algunhas actividades extraídas do Activity Toolkit (páxinas 11-12).

Criterios e instrumentos de avaliación


- Capacidade de comprensión lectora.
- Capacidade de expresión oral e escrita.
- Solvencia nos listenings.
- Comprensión dos contidos conceptuais.
- Mentalidade aberta.
- Conciencia solidaria.

URL da proposta

<http://exchange.smarttech.com/details.html?id=x454eabd9037c45e9bda8353f80e07492>



CLIL FP

A decorative graphic consisting of several blue hexagons arranged in a staggered, honeycomb-like pattern across the lower half of the page. One hexagon in the lower-middle section contains the white letter 'F'.

F

1. AS ALGAS E O SEU USO CULINARIO

Roberto Bermejo González

Xustificación

Trátase de coñecer as variedades de algas que se poden utilizar na cociña e descubrir os seus posibles usos culinarios.

Nivel

FP CM

Número de sesións

5

Recursos TIC utilizados

- LIM
- EDI
- HTML
- Powerpoint

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia social e cidadá e competencia para aprender a aprender.

Obxectivos

- Nomear na lingua inglesa e recoñecer os tipos de algas e o seu potencial culinario.
- Definir en inglés as técnicas de cocción relacionándoas coas características do produto para acadar un resultado final óptimo.
- Utilizar expresións na lingua inglesa para verificar e valorar as características finais e o nivel de calidade do produto elaborado.
- Confeccionar de forma básica en inglés un receitairo e fichas técnicas de todas as receitas con algas elaboradas nas sesións.

Contidos

Tipos de algas.

- Materias primas crúas e preparadas para a elaboración de pratos.

Formas de cociñar os distintos tipos de algas.

- Características xerais.

- Descrición de elaboracións significativas.
- Análises comparativas.

Elaboración da ficha de produción no idioma estranxeiro.

- Especificación dos datos que se piden referentes a cantidades e produtos.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Módulo: Produtos Culinarios

Lingua Inglesa

Valores que se traballan

- Determinaranse os procesos, procurando unha utilización racional dos recursos materiais e enerxéticos e das materias primas.
- Aproveitaranse os recursos desde o punto de vista da rendibilidade económica, mantendo os niveis de calidade gastronómica.
- Valoraranse desde o ámbito organizativo, a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.
- Recoñecemento da importancia da orde e da limpeza na boa marcha do traballo.
- Participación e cooperación no traballo en equipo desenvolvendo:
 - A actividade: buscando a participación constante dos alumnos.
 - A liberdade: de elección dos compañeiros de grupo, tema e traballos que se van desenvolver.
 - A creatividade: posibilidade de inventar e crear situacións propias.
 - A individualización: propoñendo actividades en solitario de acordo co ritmo persoal.
 - A socialización: tratar de que todos os alumnos se integren no grupo, presentando actividades que esixan o dinamismo e colaboración grupal.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1 e 2: Exposición dos contidos conceptuais mediante exposición oral por parte do docente, lectura de documentos, vídeos, páxinas de internet e TICs.

SESIÓN 3: Visualización das actividades e a súa realización.

Criterios e instrumentos de avaliación

- Avaliación inicial:

Análise das concepcións mediante proba escrita.

- Avaliación formativa-continua:

Tendo en conta:

- Puntualidade e faltas de asistencia.

- Material: os alumnos deberán traer todos os días o seu material.
- Participación do alumno: terase en conta a actitude dos alumnos que participen activamente.

URL da proposta

http://engalego.es/curso/lim/the_taste_of_the_sea1/the_taste_of_the_sea.html

2. CONFLICT AND NEGOTIATION AT WORK

Emilio Vázquez Rodríguez
Nuria Bernárdez Pérez

Xustificación

Desenvolvemento a través dun LIM dos aspectos básicos sobre os conflitos e a negociación no lugar de traballo, nun contorno económico actual que potencia a aparición deste tipo de situacións.

Nivel

FP CM, FP CS

Número de sesións

5

Recursos TIC utilizados

Ordenadores, proxector, LIM, páxinas web de interese.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, competencia social e cidadá, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

- Percibir o conflito como algo normal nun contorno de traballo.
- Identificar os diferentes xeitos de enfocar os conflitos.
- Comprender que, dependendo da situación, pode haber diferentes xeitos de tratar o conflito.
- Valorar o enfoque de negociación como a mellor forma de enfrontarse ao conflito.
- Identificar os elementos, tipos e etapas nunha negociación.
- Coñecer os diferentes estilos e estratexias negociadoras.
- Aplicar a mellor estratexia negociadora nunha determinada situación.
- Recoñecer a influencia da personalidade nun proceso negociador.
- Familiarizarse coa linguaxe propia do módulo en inglés desde os ámbitos da escoita, a lectura, a fala e a escritura.

Contidos

- Conflito. A súa orixe no mundo laboral. Tipos do conflito. Etapas. Tratamento do conflito.
- Negociación. Concepto. Elementos. Tipos. Etapas. Estilos e estratexias. A personalidade do negociador.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

- Relacións no Equipo de Traballo.
- Relacións no Contorno de Traballo.
- Lingua Inglesa.

Valores que se traballan

- Asertividade.
- Empatía.
- Solidariedade e respecto ás opinións alleas.
- Escoita activa.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1: lectura da situación inicial e discusión en grupo. Aproximación xenérica ao tema. Explicación das razóns do conflito no mundo laboral. Posta en común de casos coñecidos polos alumnos. Identificación dos tipos de conflitos. Exercicio sobre os tipos de conflitos.

SESIÓN 2: etapas do conflito. Exercicio sobre as etapas. Tratamento do conflito: diferentes enfoques. Exercicios sobre o tratamento do conflito.

SESIÓN 3: concepto de negociación. Elementos. Exercicio sobre os elementos. Tipos de negociación. Exercicios. Etapas de negociación. Exercicios.

SESIÓN 4: estilos de negociación. Exercicios. Estratexias de negociación. Exercicios. Test sobre estilo negociador. A personalidade do negociador. Roles que poden aparecer nun proceso negociador. Exercicio.

SESIÓN 5: repaso. Exercicios finais de comprensión e consolidación de coñecementos.

(Os materiais empregados atópanse na dirección URL especificada no último apartado).

Criterios e instrumentos de avaliación

Criterios: o alumno ten que ser capaz de:

- Percibir o conflito como algo normal e non necesariamente negativo. No contorno laboral.
- Identificar os diferentes xeitos de enfocar os conflitos.
- Coñecer o mellor xeito de enfrontar un conflito dependendo da situación.
- Valorar a importancia da colaboración entre as partes negociadoras.
- Identificar os elementos, tipos e etapas nunha negociación.
- Coñecer os diferentes estilos e estratexias negociadoras.
- Seleccionar a estratexia máis adecuada en función da situación da negociación.
- Identificar os roles que poden aparecer na negociación, distinguindo os puntos positivos e negativos de cada un.

- Empregar terminoloxía propia do mundo laboral en inglés, tanto na escoita e a fala, como na lectura e a escritura.

Instrumentos:

- Exercicios propostos no LIM.
- Proba obxectiva escrita ao finalizar a unidade.
- Actitude e participación na clase.
- Traballos voluntarios baseados en artigos de prensa e relacionados cos contidos desenvolvidos na proposta.

URL da proposta

http://engalego.es/curso/lim/conflicts_and_negotiation2/conflicts_and_negotiation2.html

3. LOOKING FOR INFO ON THE NET (for example, a new graphic card)

Constantino García Ulla

Xustificación

Internet é hoxe en día un recurso fundamental na formación e actualización de coñecementos, tanto para profesores como alumnos, e non só da especialidade de informática. Información especializada que resulta imprescindible para coñecer e dominar os actuais produtos hardware e software cos que se traballa nos contornos laborais nos que se desenvolverán os nosos estudantes.

O principal problema para a utilización destes recursos é a cantidade de información; é fundamental saber discenir e seleccionar a máis axeitada ás nosas necesidades.

Nivel

FP CM, FP CS

Número de sesións

3

Recursos TIC utilizados

- Curso de elearning na plataforma moodle do instituto (<http://www.cifprodolfoucha.es>).
- Encerado dixital.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

Os obxectivos xerais con respecto á materia serán:

- Fontes de información que permitan complementar a formación recibida na aula.
- Resolución de problemas buscando posibles solucións ou vías de investigación en materiais elaborados por expertos.

Os obxectivos específicos con respecto á integración da lingua estranxeira serán:

- Acceso a manuais e recursos formativos técnicos.
- Redacción de emails e participación en foros ou redes sociais solicitando axuda técnica.
- Comunicación oral básica imprescindible para o desenvolvemento de tarefas nun contorno profesional.

Contidos

- Utilización dos buscadores como axuda para atopar contidos relevantes.
- Establecemento de regras para poder cualificar a fiabilidade da información en función de criterios obxectivos: autor, data, medio, finalidade da publicación, forma de presentación, etc.
- Uso de medios automatizados para a organización de recursos de tal forma que simplifiquen as posteriores buscas.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Lingua inglesa

Esta proposta non vai dirixida a ningún módulo concreto; é transversal, polo que poderá ser útil en calquera dos módulos dos ciclos formativos da Formación Profesional.

O seu obxectivo básico é fornecer dunha ferramenta produtiva na solución de problemas e na formación continua.

Valores que se traballan

- Interese e respecto pola actividade profesional.
- Desenvolvemento dun estilo de traballo creativo-innovador.
- Conianza no traballo en grupo e valoración ecuánime das achegas alleas.

Proposta de tarefas por sesións

- Realización de buscas complexas en buscadores xenéricos (google, bing, yahoo, etc.) e utilización de buscadores especializados do tipo OpenCourseWare.
- Catalogación e xerarquización das diversas fontes de información atopadas, utilizando criterios previamente establecidos.
- Resolución de problemas utilizando o catálogo de solucións creado.

Criterios e instrumentos de avaliación

Os estudantes deberán ser capaces de abordar con éxito as seguintes tarefas:

- Elaboración dun catálogo de recursos ben identificados.
- Realización de procesos de solución de problemas.

Utilizaranse as ferramentas tecnolóxicas propostas como instrumentos de avaliación.

Os estudantes deberán:

- Crear coleccións de recursos correctamente ordenados e publicalos para quedar a disposición do grupo.
- Publicar os pasos dos seus procesos de solución, unha vez rematada con éxito, o que servirá tanto como instrumento de avaliación como de novo recurso para o grupo.

URL da proposta

<http://espazo.cifprodolfoucha.es/tinogu/>

4. A LINGUAXE JAVA NO CONTORNO GRÁFICO

Víctor Alfredo Pascual Vázquez

Xustificación

A seguinte actividade trata de achegar os contidos sobre os compoñentes dunha ventá programada na linguaxe Java, así como os distintos controladores de distribución para colocar os compoñentes dentro dunha ventá.

O uso dos programas Smart Notebook e EdiLim, facilita a aproximación ao alumnado tanto dos conceptos como das actividades que se van desenvolver.

Nivel

FP CS

Número de sesións

4

Recursos TIC utilizados

- Ordenador
- Software navegador de internet.
- Software de programación na linguaxe Java.
- Soporte flash para visionar vídeos en formato flv.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística e tratamento da información e competencia dixital.

Obxectivos

- Expoñer os compoñentes dunha ventá dende o punto de vista da programación na linguaxe Java.
- Diferenciar as partes dun JFrame.
- Utilizar o panel de cristal como caso particular na xestión de eventos.
- Aproximarse a termos en inglés sobre a programación en Java.
- Asimilar as formas de distribuír os compoñentes na ventá.
- Apreciar a necesidade de axustar o controlador de distribución segundo a ventá que se vai deseñar.

Contidos

Compoñentes dunha ventá en Java:

- Panel raíz.

- Panel de capas.
- Panel de contido.
- Panel de menú.
- Panel de cristal.

Controladores de distribución:

- BorderLayout.
- GridLayout.
- GridBagLayout.
- FlowLayout.
- CardLayout.
- BoxLayout.

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Lingua inglesa

Módulo Desenvolvemento de funcións no sistema informático pertencente ao Ciclo Formativo de Grao Superior de Administración de Sistemas Informáticos.

Valores que se traballan

- Usar os recursos multimedia.
- Valorar a utilización do software libre.
- Publicar contidos na internet e compartilos.
- Aforrar papel ao poder visualizar os contidos na pantalla do ordenador.
- Distinguir os conceptos necesarios para poder programar aplicacións Java en ventás.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1:

- Instalación de Edi e breve explicación do manexo.
- Exposición dos compoñentes dun JFrame.
- Visualización do vídeo en inglés tratando de asegurar a comprensión.

SESIÓN 2:

- Resolución das tarefas expostas no documento EDI.

SESIÓN 3:

- Instalación e breve explicación do manexo de EdiLim.
- Exposición dos conceptos sobre os distintos controladores de distribución de Java.

SESIÓN 4:

- Resolución das tarefas expostas no documento LIM.

Criterios e instrumentos de avaliación

- Avaliar previamente os coñecementos do alumnado sobre EDI.
- Supervisar o avance na instalación e manexo de EDI por cada un dos alumnos.
- Realizar cuestións orais sobre os compoñentes do JFrame.
- Corrixir as actividades propostas no documento de EDI.
- Avaliar previamente os coñecementos do alumnado sobre LIM.
- Supervisar o avance na instalación e manexo de LIM por cada un dos alumnos.
- Realizar cuestións orais sobre os controladores de distribución.
- Corrixir as actividades propostas no documento LIM.

URL da proposta

<http://smpv.110mb.com>

5. THE MOTHERBOARD AND THE STORAGE DEVICES IN A COMPUTER

Fernando López Uceira

Xustificación

No actual currículo do “Ciclo Superior de Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas”, un dos módulos é o denominado “Sistemas informáticos multiusuario e en rede”. Ese módulo está asociado á unidade de competencia chamada “Utilizar sistemas informáticos illados ou interconectados en rede”, que ten como unha das súas capacidades terminais a de identificar os compoñentes hardware dun sistema informático.

De xeito semellante, no actual currículo do “Ciclo Superior de Administración de Sistemas Informáticos” hai un módulo semellante ao anterior e denominado “Sistemas informáticos monousuario e multiusuario” que está asociado á unidade de competencia que leva por título “Implantar e administrar sistemas informáticos e contornos monousuario e multiusuario” que tamén abrangue conceptos sobre o hardware dun sistema informático.

A proposta didáctica pretende que o alumnado de calquera dos dous módulos anteriores adquira novos coñecementos sobre algúns dos compoñentes de hardware máis importantes dun ordenador, facendo uso da lingua inglesa.

Nivel

FP CS

Número de sesións

5

Recursos TIC utilizados

- Ordenadores do alumnado e do profesor co software Smart, EDILIM, editores flash, editores html, etc. Tamén con conexión á rede internet. A conexión a internet é necesaria para a busca de materiais relacionados co tema.
- Ordenador do profesor con canón e altosfalantes. Será usado para que o profesor poida proxectar no encerado o seguimento das actividades e para que o alumnado poida amosar ao resto da clase os seus traballos multimedia realizados.

Competencias básicas que se traballan

Competencia en comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos

- Coñecer a función da placa nai dun ordenador e os seus diferentes conectores, tanto internos como externos (os da parte traseira do ordenador).
- Coñecer que compoñentes hardware poden estar conectados neses conectores.

- Saber distinguir visualmente e de xeito correcto cada un dos conectores.
- Coñecer os dous tipos máis importantes de dispositivos de almacenamento permanente de información (discos duros e ópticos).
- Comprender o funcionamento e a estrutura interna deses dispositivos de almacenamento.
- Busca eficiente en internet de material de utilidade: manuais técnicos de referencia, esquemas e vídeos de montaxe de hardware, etc.

Contidos

- A placa nai e a súa función.
- Conectores da placa base:
 - Da CPU
 - Da memoria RAM
 - Dos dispositivos de almacenamento
 - Das tarxetas de expansión
 - Os conectores da parte traseira do ordenador
- Dispositivos de almacenamento.
 - O disco duro: estrutura interna e funcionamento
 - Os dispositivos ópticos: estrutura interna e funcionamento

Áreas/Materias/Módulos relacionados

Lingua inglesa

A principal área de aplicación desta proposta son os módulos comentados con anterioridade (“Sistemas informáticos multiusuario e en rede” e “Sistemas informáticos monousuario e multiusuario”) aínda que tamén pode ser de utilidade no módulo “Montaxe e mantemento de equipamentos” do “Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes”, posto que este módulo tamén ten contidos referentes ao hardware básico dos ordenadores.

Valores que se traballan

- Educación moral e cívica: promóvese que o uso dos recursos para a busca de material na internet (é dicir, o uso da conexión á rede) sexa de forma racional e responsable e que se use para a busca de material relacionado co tema.
- Educación para a igualdade de oportunidades: realización de actividades de xeito individual e tamén en grupos mixtos de alumnas e alumnos.

Proposta de tarefas por sesións

SESIÓN 1: farase a presentación teórica da proposta didáctica. O profesor tamén fará preguntas ao alumnado acerca dos seus coñecementos sobre os temas que se van tratar. Utilizarase a lingua inglesa promovendo que o alumnado tamén a use. Un dos obxectivos desta actividade é que o alumnado se decate de que moitos termos dos que usamos a cotío cando falamos de temas relacionados coas novas tecnoloxías son, en realidade, tomados directamente da lingua inglesa.

SESIÓN 2: explicación por parte do profesor da función básica da placa nai e identificación e descrición dos seus conectores. O profesor utilizará placas nai reais de diferentes ordenadores para acompañar as explicacións e tamén a actividade feita en LIM (a entregada como tarefa 3).

SESIÓN 3: proporlle ao alumnado a busca en internet de diferentes modelos de placas nai (actuais e non actuais) para ver as súas características particulares. Terán que realizar unha pequena actividade de multimedia (unha presentación de diapositivas, unha actividade LIM, unha actividade co software Smart, unha animación flash, un vídeo, etc.) que logo deberán expor ao resto da clase usando o canón. A actividade realizarase en grupos de varios alumnos e farase usando a lingua inglesa.

SESIÓN 4: explicación da estrutura e funcionamento dos discos duros. Como material multimedia de apoio usarase a parte dedicada aos discos duros na actividade feita co software Smart (a entregada como tarefa 3). Tamén se usarán discos duros reais, tanto que funcionen como avariados. Con estes últimos, farase unha actividade de apertura dos mesmos para ver a súa estrutura interna.

SESIÓN 5: explicación da estrutura e funcionamento dos discos ópticos máis usados nos ordenadores: CDs e DVDs. Usaranse tanto discos de tipo CD como DVD así como unidades de gravación/lectura dos mesmos para ver as súas características. Como material multimedia de apoio usarase a parte dedicada a estes tipos de discos na actividade feita co software Smart (a entregada como tarefa 3).

Criterios e instrumentos de avaliación

Criterios de avaliación curricular:

Ao final da unidade o alumnado ten que ser quen de:

- Recoñecer e identificar correctamente de xeito visual cada unha das partes dunha placa nai.
- Atopar de xeito eficiente información técnica acerca dunha determinada placa nai co obxecto de poder facer a súa configuración correctamente.
- Coñecer a estrutura e funcionamento dos dispositivos de almacenamento permanente máis usados nos ordenadores.
- Manexar o vocabulario en lingua inglesa propio da temática da unidade.

Instrumentos que se utilizan para avaliar:

Para avaliar o alumnado terase en conta o traballo realizado na clase en cada unha das sesións e a realización da actividade proposta na terceira sesión. Faranse tamén unha proba práctica e unha teórica ao final da unidade. A proba práctica será de identificación e recoñecemento das diferentes partes dunha placa nai real e a proba teórica será un cuestionario para avaliar os seus coñecementos sobre os dispositivos de almacenamento.

URL da proposta

<http://www.xente.mundo-r.com/fer/pale2009/>



9 788445 349724



XUNTA
DE GALICIA